



FACULTAD DE CIENCIAS POLÍTICAS  
Y SOCIALES

**TRABALLO DE FIN DE GRAO**

**Os modelos lingüísticos no ensino non  
universitario de Galicia desde a análise de  
políticas públicas**

Los modelos lingüísticos en la enseñanza no universitaria de  
Galicia desde el análisis de políticas públicas

Linguistic models in Galician non-university education from a  
public policy perspective

**MALCO GARRIDO CID**

**GRAO EN CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN  
FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIAIS**

**Titor: Ramón Ángel Bouzas Lorenzo**

**Curso académico: 2022-2023**

## **Resumo**

A presente investigación analiza o proceso de deseño e implementación dos distintos modelos lingüísticos aplicados no ensino non universitario de Galicia após a consecución da Autonomía -recollidos no Decreto 247/1995, Decreto 124/2007 e Decreto 79/2010-.

Partindo dun marco de análise de políticas públicas, preténdese explicar o contido final dos diferentes modelos a partir do estudo polo miúdo dos actores implicados, dos recursos que mobilizan no proceso e das regras institucionais que enmarcan as súas interaccións e que rexen a política lingüística en Galicia.

O traballo, polo tanto, non só aporta unha análise individual de cada un dos modelos lingüísticos senón que permite artellar unha visión evolutiva dos seus procesos de deseño e implementación.

**Palabras chave:** Política lingüística, modelo lingüístico, ensino non universitario, políticas públicas, *policy* process, rede de actores, deseño, implementación, avaliación.

## **Abstract**

This research analyzes the process of design and implementation of different linguistic models applied in non-university education in Galicia after the conquest of Autonomy - contained in Decree 247/1995, Decree 124/2007 and Decree 79/2010-.

Based on a public policy analysis framework, the aim is to explain the final content of the different models based on a detailed study of the actors involved, the resources that are mobilized in the process and the institutional rules that frame their interactions and that govern language policy in Galicia.

The investigation, therefore, not only provides an individual analysis of each of the linguistic models, but also allows articulating an evolutionary vision of their design and implementation processes.

**Keywords:** Language policy, linguistic model, non-university education, public policy, policy process, policy community, design, implementation, evaluation.

# Índice

<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	8
1.1	Estrutura da investigación .....	9
1.2	Obxectivos e preguntas da investigación .....	10
1.3	Método .....	11
<b>2</b>	<b>MARCO TEÓRICO</b> .....	14
2.1	Marco da análise das políticas públicas .....	14
2.1.1	As políticas públicas como intervención .....	14
2.2	Compoñentes da análise de políticas públicas .....	17
2.2.1	Variables explicativas: actores, recursos e regras institucionais .....	17
2.2.2	Variables dependentes: o ciclo das políticas públicas e os seus produtos.....	24
2.3	A Política Lingüística como política pública .....	31
2.3.1	Planificación e normalización lingüística.....	31
2.3.2	Os modelos lingüísticos en España.....	34
<b>3</b>	<b>ANÁLISE DOS MODELOS LINGÜÍSTICOS DO ENSINO NON UNIVERSITARIO GALEGO</b> .....	38
3.1	Regras institucionais: marco normativo superior .....	38
3.1.1	A Lei de Normalización Lingüística como guía das políticas lingüísticas en Galicia 40	
3.2	Actores.....	42
3.3	Regras institucionais: A percepción dos actores sobre o marco normativo.....	42
3.4	Modelo lingüístico-educativo establecido no Decreto 247/1995 .....	43
3.4.1	Definición do problema público .....	44
3.4.2	Deseño-Programación .....	47
3.4.3	Implementación.....	49
3.4.4	Avaliación.....	50
3.5	Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega .....	51
3.6	Modelo lingüístico-educativo establecido no Decreto 124/2007 .....	53
3.6.1	Definición do problema público .....	54
3.6.2	Decisión-Programación .....	58
3.6.3	Implementación.....	59
3.6.4	Avaliación.....	60
3.7	Modelo lingüístico-educativo establecido no Decreto 79/2010 .....	61
3.7.1	Definición do problema público .....	63
3.7.2	Decisión-Programación .....	67
3.7.3	Implementación.....	69
3.7.4	Avaliación.....	70

3.8	Datos sociolingüísticos .....	71
<b>4</b>	<b>CONCLUSIÓNS</b> .....	<b>76</b>
<b>5</b>	<b>BIBLIOGRAFÍA</b> .....	<b>80</b>
<b>6</b>	<b>ANEXOS</b> .....	<b>84</b>
6.1	Modelo de entrevista .....	84
6.2	Transcricións das entrevistas .....	85
6.2.1	Entrevista Marisol López Martínez .....	85
6.2.2	Entrevista Carlos Callón .....	91
6.2.3	Entrevista Pilar García Negro .....	99
6.2.4	Entrevista Mercedes Queixas Zas .....	106
6.2.5	Entrevista Anxo M. Lorenzo .....	116
6.2.6	Entrevista Noa Díaz Varela .....	124

## Índice de táboas

Táboa 1: Ficha técnica das entrevistas realizadas .....	12
Táboa 2: Tipos de políticas públicas segundo a coerción .....	17
Táboa 3: Tipoloxía dos recursos.....	22
Táboa 4: Etapas e produtos dunha política pública .....	27
Táboa 5: Actores presentes no proceso de deseño e implementación dos modelos lingüísticos-educativos .....	42
Táboa 6: Definición do problema, hipótese causal, grupos-obxectivo e obxectivos dos actores no modelo lingüístico-educativo do Decreto 247/1995 .....	45
Táboa 7: Definición final do problema público para o modelo lingüístico-educativo do Decreto 247/1995 .....	47
Táboa 8: Definición do problema, hipótese causal, grupos-obxectivo e obxectivos dos actores no modelo lingüístico-educativo do Decreto 124/2007 .....	54
Táboa 9: Definición final do problema público para o modelo lingüístico do Decreto 124/2007 .....	58
Táboa 10: Definición do problema, hipótese causal, grupos-obxectivo e obxectivos dos actores no modelo lingüístico-educativo do Decreto 79/2010 .....	63
Táboa 11: Definición final do problema público para o modelo lingüístico-educativo do Decreto 79/2010 .....	67
Táboa 12: Relación de obxectivos da investigación .....	76

## Índice de gráficos

Gráfico 1: Medios de aprendizaxe do galego para as persoas de 5 a 29 anos .....	35
Gráfico 2: Competencia lingüística en galego do profesorado no 2002 .....	49
Gráfico 3: Cumprimento da normativa de impartición de aulas en galego .....	50
Gráfico 4: Persoas que estudan no sistema educativo galego segundo a lingua na que reciben as clases .....	61
Gráfico 5: Evolución da lingua habitual en Galicia 1994-2004 .....	72
Gráfico 6: Evolución da lingua habitual en Galicia 1994-2004 nas idades 15-25 anos .....	72
Gráfico 7: Evolución da lingua habitual en Galicia 2003-2018 .....	73
Gráfico 8: Evolución da lingua habitual en Galicia 2003-2018 nas idades 5-29 anos .....	73
Gráfico 9: Evolución das competencias lingüísticas en galego 2003-2018 .....	74

Gráfico 10: Relación entre o modelo lingüístico aplicado no ensino non universitario e o uso do galego no centro educativo por parte do alumnado .....	74
--	----

## **Índice de figuras**

Figura 1: Elementos constitutivos dunha política pública .....	15
Figura 2: Triángulo de actores .....	19
Figura 3: Ciclo das políticas públicas.....	25
Figura 4: Proceso de construción dun problema público .....	28
Figura 5: Roles ocupados polos actores involucrados no modelo lingüístico do Decreto 247/1995 .....	46
Figura 6: Roles ocupados polos actores involucrados no modelo lingüístico do Decreto 124/2007 .....	56
Figura 7: Roles ocupados polos actores involucrados no modelo lingüístico do Decreto 79/2010 .....	65

## **Índice de abreviaturas**

APA: Acordo Político-Administrativo

AS-PG: Asociación Socio-Pedagógica Galega

BNG: Bloque Nacionalista Galego

BNPG: Bloque Nacional Popular Galego

BOE: Boletín Oficial do Estado

CIG: Confederación Intersindical Galega

DOG: Diario Oficial de Galicia

DXPL: Dirección Xeral de Política Lingüística

GB: Galicia Bilingüe

LNL: Lei de Normalización Lingüística

PA: Plan de acción

PP: Partido Popular

PPA: Programa de actuación Político-Administrativo

PPdeG: Partido Popular de Galicia

PSdeG: Partido Socialista de Galicia

PSG: Partido Socialista Galego

PXNLG: Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega

RAG: Real Academia Galega

SXPL: Secretaría Xeral de Política Lingüística

# 1 INTRODUCCIÓN

As políticas públicas constitúen na actualidade un campo de estudo fundamental na ciencia política, se ben o interese politolóxico nesta materia non sempre foi de tal magnitude. As políticas públicas son á vez causa e consecuencia da existencia do Estado, abrangendo a intervención a práctica totalidade de ámbitos da sociedade. Sen o Estado non hai políticas públicas e sen políticas públicas non hai Estado.

Como xa se dixo, o interese da ciencia política nas políticas públicas responde a unha progresión paralela ao desenvolvemento do propio Estado. De forma gradual, os estudosos fóronse interesando pola acción estatal coa fin de explicar o comportamento dos diferentes actores sociais. En canto se estende o ámbito de intervención, a análise das políticas públicas comeza a interesarse por aspectos sociais que aparentemente escapaban do dominio da Administración Pública, sendo exemplo disto a lingua.

A política lingüística xorde para dar acomodo dentro do Estado ás diferentes comunidades lingüísticas que nel conviven, asunto no que se afondará máis adiante. Non obstante, para comprender a xénese da política lingüística débense expoñer neste punto unha serie de ideas: a primeira é que as comunidades lingüísticas son previas ao Estado; por outra banda, un elemento fundamental dentro da concepción do Estado é o conxunto de valores que o constitúen; e, finalmente, e como consecuencia disto último, cada Estado desenvolve unha ideoloxía lingüística na que basea a súa intervención a respecto da lingua.

Tendo isto en conta, cabe destacar que a política lingüística atópase na actualidade nun punto de máxima expansión, sendo isto perceptible na propia lexislación que os Estados desenvolven. No Estado español, debido a diversos factores que serán explicados no marco teórico, a política lingüística tórnase un ámbito aínda máis relevante pola existencia (conflictiva en certo grao) de varias comunidades lingüísticas onde os sentimentos de pertenza ao grupo e de identidade superan o plano lingüístico -e chegan ao político-.

Un ámbito no que a política lingüística ten maior incidencia é o ensino, dentro do cal se establece o grao de presenza das diferentes linguas existentes no territorio. Esta intervención por parte da Administración, como se explicará máis adiante, pode ter efectos no propio *statu quo* lingüístico e, consecuentemente, na posición das diferentes comunidades lingüísticas.

Este traballo de investigación, polo tanto, terá como obxectos de estudo aquelas formas de intervención da Administración Pública na configuración dos itinerarios escolares en materia lingüística. Concretamente, abordaranse os distintos modelos lingüísticos que se teñen aplicado no ensino non universitario de Galicia desde a configuración do noso territorio como unha Comunidade Autónoma integrada no Estado español. En definitiva, os obxectos de estudo serán os modelos lingüísticos recollidos nos seguintes decretos: Decreto 247/1995, Decreto 124/2007 e Decreto 79/2010.

Para rematar esta introdución, só resta xustificar a pertinencia do traballo. Como xa se dixo, o punto no que se atopa a intervención dos Estados en materia lingüística é máximo. De feito, a posición das linguas dentro da sociedade é un asunto central na axenda política española, constituíndo incluso un *cleavage* propio dentro do sistema político (que garda estreita relación con posicións identitarias ou nacionais de varios territorios).

Se ben a política lingüística abarca diferentes ámbitos de intervención concreta, tamén se atopa de máxima vixencia o desenvolvemento dos modelos lingüísticos no ensino nalgún dos territorios do Estado español que posúen lingua propia. Un exemplo disto é a recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Catalunya na que se insta ao Goberno de Catalunya a garantir a presenza do castelán nas aulas nunha porcentaxe do 25%, provocando un conflito político e social no que se enfrontaron os defensores e detractores do modelo de inmersión lingüística.

No caso galego, o modelo lingüístico do ensino non universitario tamén mantén grande vixencia, sendo tema de debate recorrente no Parlamento Galego mais tamén na axenda pública. Neste sentido, a configuración de posicións moi marcadas ao respecto entre os actores políticos e sociais tense manifestado nos distintos cambios de modelo lingüístico, coincidindo coa entrada de novos gobernos.

Para rematar, outro argumento sobre a pertinencia deste traballo de investigación é a falta de material bibliográfico. Se ben existe moito contido sobre cada un dos modelos, especialmente desde unha perspectiva sociolingüística, non se teñen realizado investigacións nas que se aplique un marco de análise de políticas públicas ao proceso de deseño e implementación de cada un deles. Neste sentido, este traballo de investigación permite obter unha visión conxunta dos diferentes modelos lingüísticos aplicados no ensino non universitario galego, posibilitando identificar, por exemplo, os diferentes actores involucrados e a súa evolución.

## 1.1 Estrutura da investigación

Após desenvolver a xustificación e a pertinencia do presente traballo, é preciso expoñer a estrutura do mesmo, que servirá de guía para a súa elaboración exitosa. Deste xeito, o traballo contará con:

- Unha primeira parte ou **introdución** que constitúe este mesmo apartado. Nel, trala xustificación e pertinencia da investigación e a presentación da súa estrutura, desenvolveranse unha serie de cuestións propias da formulación do traballo como os obxectivos e as preguntas da investigación. Ademais, tamén se realizará unha exposición sobre a metodoloxía que se empregará.
- A segunda parte recollerá o **marco teórico**, no cal se centrará a atención en dous piares. Por unha banda, definirase o marco de análise das políticas públicas. O segundo pilar, desenvolvido posteriormente, consistirá nunha achega á política lingüística desde o xeral ao particular, comezando pola definición da propia política lingüística como política pública, definindo o concepto de modelo lingüístico e afondando no papel do ensino como ferramenta de normalización lingüística.
- A **terceira parte** constituirá a sección central do traballo. Nela, realizarase un estudo cronolóxico dos distintos modelos lingüísticos aplicados no ensino primario e secundario en Galicia. Para elo, levarase a cabo unha avaliación da normativa vixente en cada unha das tres etapas, e cuxa existencia delimita a propia configuración dos modelos lingüísticos. A continuación, aplicarase o marco de análise das políticas públicas a cada un deles, sendo posible debullar o proceso de deseño e implementación de cada modelo lingüístico.

Ao empregar o marco de análise das políticas públicas proposto, e tal e como quedará reflectido posteriormente nas preguntas e obxectivos da investigación, este traballo centrarase principalmente nos actores participantes, os recursos que mobilizan no proceso e as regras institucionais que enmarcan as súas interaccións, ademais

doutros elementos derivados da visión cíclica das políticas públicas, na cal se afondará posteriormente.

Unha vez exposto todo isto sobre cada modelo, e se ben non é o obxectivo principal da investigación, achegaranse datos da situación sociolingüística en Galicia (emprego das linguas, situación lingüística no ensino...), o cal permitirá avaliar os efectos directos e indirectos dos diferentes modelos lingüísticos.

- No remate, a **cuarta parte** do traballo consistirá na presentación das conclusións. Neste punto, recuperaranse as preguntas de investigación e os obxectivos formulados inicialmente para darlle resposta e ver en que grao foi posible realízalos. Por outra banda, esta sección final do traballo permitirá levar a cabo unha recompilación de todas as ideas expostas anteriormente sobre a evolución dos modelos lingüísticos en Galicia, o seu proceso de elaboración e posta en marcha e os seus resultados obtidos.

## 1.2 Obxectivos e preguntas da investigación

Presentados os obxectos de estudo deste traballo e a estrutura do mesmo, o seguinte paso é definir os obxectivos e as preguntas de investigación que servirán de guía.

Canto os obxectivos, e como xa se anunciou anteriormente, o **propósito principal** desta investigación é aplicar un marco de análise de políticas públicas aos modelos lingüísticos para o ensino non universitario recollidos no Decreto 24/1995, Decreto 124/2007 e Decreto 79/2010. Deste xeito, estudaríanse todos aqueles aspectos que influíron no contido final destes documentos normativos.

Antes de enumerar os obxectivos secundarios, é necesario explicar que o marco de análise de políticas públicas que servirá de referencia é o exposto na obra *Análisis y gestión de políticas públicas*, publicada en 2008 por Subirats, Knoepfel, Varone e Larrue, se ben se engadirán outras achegas teóricas de diferentes autores. Aínda que será explicado con maior detalle posteriormente, na obra anteriormente citada defínense catro etapas ou secuencias das políticas públicas: Definición do problema, decisión e programación, implementación e avaliación.

Outro aspecto importante no modelo de avaliación das políticas públicas proposto por Subirats e outros (2008) é a identificación de catro elementos centrais que se constitúen como variables dependentes e independentes no estudo dunha política pública:

- A **variable dependente (variable a explicar)** é o contido da política e «as características institucionais da acción pública» (Subirats e outros, 2008:30).
- As **variables independentes (explicativas)** están conformadas por tres elementos: os actores, os recursos que mobilizan no proceso de elaboración da política pública e as regras institucionais que enmarcan as interaccións dos actores nas diferentes secuencias anteriormente expostas.

En consecuencia, a fixación de **obxectivos secundarios** responde á propia aplicación do marco de análise (explicado posteriormente). Estes obxectivos secundarios son:

- Identificar os actores involucrados no proceso de deseño e implementación de cada un dos modelos lingüísticos aplicados ao ensino non universitario de Galicia.
- Coñecer que recursos mobilizan estes actores no proceso e que rol ocupan nel.
- Analizar o marco normativo superior, o cal serve de guía para a concepción da política lingüística en Galicia e, en concreto, dos modelos lingüísticos-educativos.

- Examinar as relacións se producen entre os actores participantes no proceso.
- Entender como se leva a cabo a decisión sobre o contido dos modelos lingüísticos.
- Estudar a implementación de cada un dos modelos lingüísticos-educativos.
- Valorar a concepción destes modelos en termos de avaliación.
- Mostrar datos sobre a situación sociolingüística en Galicia, con especial énfase na mocidade, afín de obter unha visión xeral da súa evolución.

Por outro lado, tamén é necesario expoñer as preguntas de investigación, as cales manteñen unha ligazón cos obxectivos previamente fixados. Estas preguntas servirán de guía durante as diferentes fases da investigación, sendo posible contestalas ao longo do traballo.

Deste xeito, as **preguntas de investigación** son:

- Por que xorde a necesidade de deseñar e implementar cada un dos modelos lingüísticos?
- Como se leva a cabo a demanda de acción pública en cada un dos modelos lingüísticos aplicados?
- Que actores están involucrados, ou intentan involucrarse, no proceso de deseño de cada modelo lingüístico-educativo? Como se configura a *policy network*?
- Cal é a definición do problema que manteñen os actores implicados no proceso? Cales son as súas causas? Que solución propoñen?
- Que posición ou rol ocupa cada actor involucrado no proceso?
- Que marco normativo permite á Administración Pública galega actuar ante o problema?
- Cal é a definición política final do problema público? Que factores levan á Xunta de Galicia a actuar? Que obxectivos fixa?
- Como se desenvolve o proceso de deseño de cada modelo lingüístico-educativo?
- Como se desenvolve a implementación destes modelos? Xorde algunha problemática ao respecto?
- Estabelécense mecanismos de avaliación de cada un dos modelos lingüísticos implantados no ensino non universitario galego?
- Acádanse os obxectivos inicialmente fixados? Tivo algún efecto na realidade sociolingüística a aplicación destes modelos lingüísticos?

### 1.3 Método

Unha vez expostos os obxectivos e as preguntas de investigación, a última achega a este apartado introdutorio consistirá na exposición do método empregado.

O primeiro paso á hora de facer unha investigación é confeccionar o seu deseño. Esta tarefa consiste en planificar a maneira na que se levará a cabo dita investigación. Así, nesta etapa débense responder unha serie de preguntas:

- «Que?»: Delimítase o obxecto de estudo do traballo.
- «Quen?»: Delimítase a mostra de unidades de análise a través das cales se buscará obter a información.
- «Como?»: Decídese como se obterá e analizará esa información.
- «Onde?»: Establécense os límites espaciais e temporais da investigación.

Abordando a realización deste traballo desde o campo metodolóxico (que conforma o chamado «nivel táctico da investigación») cabe destacar que se trata dun estudo analítico observacional no cal se establecen unha serie de variables independentes e dependentes, sendo o obxectivo principal estudar a existencia ou non de causalidade. Partindo dun método de observación cualitativo, empregáronse polo tanto técnicas que permitan recoller datos (non numéricos) cos que poder interpretar a realidade social e realizar unha análise do discurso baseada na interpretación dos significados.

O seguinte nivel é o operativo, no cal se atopan diferentes procedementos para a obtención da información. Neste traballo, a técnica empregada fundamentalmente é a entrevista, realizada a través dun cuestionario que se adxunta nos anexos. Tal e como se observa, trátase dunha entrevista semiestruturada que contén un bloque de preguntas relacionadas coas etapas da política pública e coas preguntas da investigación anteriormente exposta, mais que deixa unha marxe ao entrevistador para formular cuestións diferentes ás previamente establecidas, podendo afondar en aspectos evocados polos entrevistados que resulten de interese para a investigación. Esta marxe pode apreciarse na comparación dos cuestionarios, nos que polo xeral, ademais das preguntas compartidas, existen outras específicas para cada un dos actores (tendo como obxectivo acomodar as cuestións ás posicións dos actores ou ás perspectivas que puidesen aportar).

Seguindo coas entrevistas, é importante resaltar que a súa modalidade (presenciais ou telemáticas) foi determinado pola dispoñibilidade de ambas partes, buscando sempre que for posible realizalas de xeito presencial. A última consideración sobre as entrevistas é a súa gravación. Neste caso, a todos os entrevistados se lle informou previamente da intención de gravar a entrevista co fin de transcribilas posteriormente.

Anteriormente explicouse que unha das preguntas que debe realizar o investigador no deseño da investigación é o «quen?». É dicir, establecer as unidades de análise, os entrevistados. O conxunto de persoas entrevistadas configura a mostra.

Unha cuestión importante a explicar neste punto é a relativa aos criterios de selección. Para confeccionar a mostra, intentouse buscar a aquelas persoas que ocupasen un rol político ou técnico destacado no proceso de deseño de cada un dos modelos lingüísticos. Ademais, tamén se entrevistou a outras persoas pertencentes a actores que intentaron influír no deseño mais sen éxito; todo isto co obxectivo achegar as perspectivas de todos os actores membros da *policy network*. Deste xeito, a Táboa 1 constitúe unha ficha técnica na que se identifica ás persoas entrevistadas, o cargo ocupado, a gravación da entrevista e a súa duración:

**Táboa 1: Ficha técnica das entrevistas realizadas**

Nome	Cargo ocupado	Gravación	Tipo de entrevista	Duración da entrevista
Pilar García Negro	<ul style="list-style-type: none"> <li>Deputada do BNG no Parlamento Galego 1989-2003</li> <li>Vogal do BNG na redacción do PXNLG</li> </ul>	Si	Telefónica	50 minutos
Marisol López Martínez	<ul style="list-style-type: none"> <li>Directora Xeral de Política Lingüística 2005-2009</li> </ul>	Si	Videoconferencia	49 minutos

Nome	Cargo ocupado	Gravación	Tipo de entrevista	Duración da entrevista
Carlos Callón	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presidente da Mesa Pola Normalización Lingüística 2002-2014</li> </ul>	Si	Telefónica	41 minutos
Anxo M. Lorenzo Suárez	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Secretario Xeral de Política Lingüística 2009-2012</li> <li>• Secretario Xeral de Cultura 2012-actualidade</li> <li>• Secretario Comisión Sectorial Nº2 do PXNLG: Educación, familia e mocidade</li> </ul>	Si	Videoconferencia	33 minutos
Mercedes Queixas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Deputada do BNG no Parlamento Galego 2020-actualidade</li> <li>• Coordinadora territorial de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística da provincia da Coruña 2007-2010</li> </ul>	Si	Presencial	42 minutos
Noa Díaz	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Deputada do PSdeG no Parlamento Galego 2020-actualidade</li> </ul>	Si	Presencial	38 minutos

Fonte: Elaboración propia.

Se ben as entrevistas constitúen a principal achega de información, tamén foi necesario acudir a fontes secundarias. Por unha banda, no traballo realízase unha ampla análise da normativa, polo que as distintas regulacións que conforman o ordenamento xurídico español neste eido constituíron unha das principais fontes de información.

Outra destas fontes foi a prensa. Neste caso, o contido elaborado polos medios de comunicación empregouse para suplir aquelas etapas ou perspectivas que non foron posibles de introducir pola imposibilidade de entrevistar a persoas implicadas no proceso en cuestión. Esta eiva de información tamén se viu reducida polo acceso a outras fontes de información secundarias, como por exemplo un programa electoral ou os comunicados de prensa dun determinado actor.

Para rematar coas fontes de información secundaria, cómpre lembrar que foron empregadas tamén respecto dos datos da situación sociolingüística de Galicia en diferentes épocas. Neste caso, a especificación da fonte xa se realiza en paralelo á mostra dos datos, ademais de incluílas na bibliografía do traballo.

O último aspecto sobre o que reflexionar neste apartado adicado á metodoloxía é o relativo á análise dos datos. Neste sentido, cabe indicar que ao tratarse dunha investigación guiada pola metodoloxía cualitativa, o tratamento da información terá como obxectivo a construción dun relato ou discurso no que se recollan as diferentes perspectivas sobre o proceso concreto da política pública, atendendo aos significados para intentar comprender a realidade.

## 2 MARCO TEÓRICO

Este segundo capítulo do traballo ten por obxectivo definir todos aqueles conceptos que serán centrais na investigación, constituíndo así o marco teórico. Deste xeito, unha primeira parte está dedicada á exposición do marco de análise das políticas públicas, centrándose na propia definición de «política pública» e nos procedementos necesarios para avaliála.

A segunda parte ten como eixo fundamental a «política lingüística», determinando por que é unha política pública máis e que implica a súa definición. Desde unha análise do xeral ao particular, para rematar esta segunda parte afondarase no concepto de modelo lingüístico e no impacto do ensino sobre a situación sociolingüística dun territorio.

### 2.1 Marco da análise das políticas públicas

O primeiro pilar do marco teórico é o estudo en detalle das políticas públicas e o posterior establecemento dun marco de análise que permita comprender como foron os procesos de deseño e implementación dos diferentes modelos lingüísticos, centrando a atención nunha serie de elementos ou variables explicativas que teñen influencia no desenvolvemento do propio proceso e no programa de accións concretas adoptado finalmente.

#### 2.1.1 As políticas públicas como intervención

O primeiro paso á hora de analizar os modelos lingüísticos que se teñen aplicado no ensino primario e secundario de Galicia é comezar desde o xeral, é dicir, definindo correctamente o que é unha política pública. Este exercicio, *a priori* facilmente realizable, ten xerado un amplo debate con diferentes aportacións e perspectivas por parte dunha multitude de estudosos do campo.

Previamente, é necesario destacar que a aparición e desenvolvemento deste concepto enmárcase no crecemento do Estado do Benestar ou *Welfare State* ao remate da Segunda Guerra Mundial. Desde ese momento, tal e como defenden Mény e Thoenig (1992:20), «la eclosión del Welfare State se produce con el desarrollo y la generalización de las intervenciones del Estado. La gama y la amplitud de las políticas manejadas por los Estados, los modos de intervención que requieren y la importancia de los recursos en juego, modifican la naturaleza del Estado y de las relaciones sociales». Desenvólvese, polo tanto, un contexto político-administrativo que provoca a expansión da acción pública a todos os eidos.

Entrando na exposición das definicións, unha das máis populares -pola súa intencionada sinxeleza- é a proporcionada por Dye (1972:2), quen sentenza que «public policy is whatever governments choose to do or not to do». Outra definición simple da política pública é a exposta por Meny e Thoenig (1992:89) cando argumentan que «unha política pública é o resultado da actividade dunha autoridade investida de poder público e de lexitimidade governamental».

Pola súa banda, Howlett (2019:57) expón: «Public policies are the result of efforts made by government to alter aspects of behaviour in order to carry out some end or purpose». Unhas liñas máis adiante, o mesmo autor defende: «"Policy design" implies a knowledge-based process in with the choice of mean sor mechanisms through which policy goals are given effect, follows a logical process of inference from known or learned relationships between means and outcomes».


A través destas definicións xa se poden albiscar certos elementos ou nocións que conforman unha política pública: o papel central dunha autoridade pública, a busca de alteración do comportamento dun grupo, ou a relación entre os medios dispoñibles e empregados e os produtos finais do proceso das políticas públicas (aspecto no que se afondará máis adiante).

Como xa se explicou previamente, para este traballo constitúe un marco de referencia o aportado por Subirats, Knoepfel, Larrue e Varone (2008:35), onde defenden nunha primeira aproximación que a noción de política pública «hace referencia por tanto, a las interacciones, alianzas y conflictos, en un marco institucional específico, entre los diferentes actores públicos, parapúblicos y privados, para resolver un problema colectivo que requiere de una acción concertada».

Máis adiante, os propios autores establecen unha definición máis extensa e analítica que será a que rexa este traballo de investigación. Deste modo, unha política pública é:

Una serie de decisiones o de acciones, intencionalmente coherentes, tomadas por diferentes actores, públicos y a veces no públicos - cuyos recursos, nexos institucionales e intereses varían- a fin de resolver demanera puntual un problema políticamente definido como colectivo. Este conjunto de decisiones y acciones da lugar a actos formales, con un grado de obligatoriedad variable, tendentes a modificar la conducta de grupos sociales que, se supone, originaron el problema colectivo a resolver (grupos-objetivo), en el interés de grupos sociales que padecen los efectos negativos del problema en cuestión (beneficiarios finales). (Subirats e outros, 2008:36).

**Figura 1: Elementos constitutivos dunha política pública**



Fonte: Elaboración propia a partir de Subirats e outros (2008).

Debullando esta definición, na Ilustración 1 pódense distinguir numerosos elementos que os mesmos autores identifican como constitutivos dunha política pública:

1. A **solución dun problema público** implica por unha banda un recoñecemento e percepción social dun problema (situación social non desexada) e, por outra banda, a visión dese problema como un asunto público que require da intervención da Administración. Este elemento explicarase máis de preto posteriormente.
2. A **existencia de grupos obxectivo (*target-groups*) na orixe dun problema público**: Esta afirmación recolle un pilar básico de toda política pública, como é a intención de modificar o comportamento ou conduta dun grupo de poboación concreto que se atopa na base do problema respectivo (que xera ese problema). Polo tanto, a totalidade das políticas públicas fan explícito ese grupo social obxectivo que debe modificar a súa conduta. A fixación deste *target-group* vén enmarcada no establecemento dun modelo causal da acción pública que se explicará posteriormente.
3. A **coherencia intencional** das políticas públicas reflicte a existencia dese modelo causal antes citado. Trátase dunha base conceptual que será aplicada á situación concreta, mantendo en todo momento unha relación lóxica entre as distintas accións a implementar recollidas no programa da política pública. Esta coherencia non só se debe producir entre as medidas que constitúen ese programa de acción pública, senón tamén co resto de políticas públicas do eido pertinente que desenvolven os actores públicos.
4. A **existencia de diversas decisións e actividades** implica que o contido dunha política pública debe superar, en canto ao número de accións a implementar, a unha declaración dos actores públicos onde se afirme a existencia do problema. Polo tanto, unha política pública debe ademais definir os grupos-obxectivo, as decisións e accións concretas a implementar e os instrumentos para elo.
5. Toda política pública debe conter un **programa de intervencións** concretas que poidan ser aplicables aos individuos que forman parte dese grupo-obxectivo e que permitan acadar satisfactoriamente as metas expostas no proceso de deseño da política pública en cuestión.
6. O **papel chave dos actores públicos** implica que toda política pública debe ser levada a cabo por actores que forman parte do sistema político-administrativo. De xeito contrario, dito conxunto de acción estarían circunscritas unicamente ao ámbito privado.
7. A **existencia de actos formais** é outro dos elementos básicos dunha política pública posto que este conxunto de accións producen *outputs* para cambiar o comportamento dos grupos-obxectivos e solucionar o problema público. Na exposición deste elemento, Subirats e outros (2008) fan referencia aos conceptos de «non-decisión» e «non-acción», expostos por Dye (1972) e Mény e Thoenig (1992), para reflectir a posibilidade de que non se leve a cabo a implementación das medidas dunha política pública por propia decisión dos actores públicos implicados.
8. A **natureza case-obrigatoria das decisións e actividades** recolle o factor de coerción existente en toda acción pública, derivado da lexitimidade ostentada en tanto que autoridade legal (Mény e Thoenig, 1992). En torno a dita coerción, Lowi (1964) elaborou un modelo clásico de diferenciación dos tipos de políticas públicas, onde sinalaba que o tipo concreto de política determinaba onde, quen e como se decidían:

**Táboa 2: Tipos de políticas públicas segundo a coerción**

		Aplicabilidade da coerción	
		Á acción individual	Ao entorno social
Probabilidade da coerción	Remota	Políticas distributivas	Políticas constituíntes
	Inmediata	Políticas reguladoras	Políticas redistributivas

Fonte: Elaboración propia a partir de Lowi (1964).

Seguindo as definicións aportadas por Meny e Thoenig (1992: 99-100):

- As **políticas distributivas** son aquelas “mediante as que o poder público concede unha autorización a casos particulares especialmente designados”. Temos, polo tanto, un beneficiario individual dun privilexio en forma de permiso.
- As **políticas reguladoras** son aquelas nas que “se ditan normas autoritarias que afectan ao comportamento dos subordinados”. Este tipo de acción pública, representado por medio de obrigas ou prohibicións, conta cun alto grao de coerción.
- As **políticas constituíntes** son aquelas nas que a acción pública “define as regras sobre as normas e o poder”. É dicir, establecen o deseño e organización dos organismos estatais (leis administrativas, reformas orgánicas...).
- As **políticas redistributivas** son aquelas nas que “o poder público dita criterios que dan acceso a vantaxes, outorgándoos a clases ou grupos de persoas”. Esta tipo de políticas públicas está asociado ao desenvolvemento do Estado do Benestar ou *Welfare State*.

## 2.2 Compoñentes da análise de políticas públicas

Ao igual que o concepto de política pública ten recibido achegas moi diversas por parte dunha multitude de autores, a análise de políticas públicas mantén esa amplitude de definicións. Comezando cunha definición sintética, pode empregarse a de Landau (2013:280), quen explica que «el análisis de políticas públicas es buscar el error a lo largo del camino». Afondando noutras definicións interesantes atopamos a de Dunn (1981), citado por Mény e Thoenig (1992:86), quen entende a análise das políticas públicas como «una disciplina aplicada de la ciencia social que usa múltiples métodos de investigación y argumentación para producir y transformar la información pertinente para una política, información que pueda ser empleada en los contextos políticos a fin de resolver los problemas de la política-acción».

Finalmente, para completar o concepto da análise de políticas públicas que mantén este traballo empregárase a definición John (1998), citada por de Grau e Mateos (2002:31), pola que «el estudio profundo sobre las políticas públicas pretende entender y explicar por que cambian las políticas, por que surgen nuevas políticas, por que otras se mantienen estables a lo largo del tiempo, por que existen variaciones y diferencias entre las políticas de los diferentes estados o unidades políticas y entre distintos sectores de políticas».

### 2.2.1 Variables explicativas: actores, recursos e regras institucionais

Primeiramente, para abordar os elementos básicos que axudan a comprender o contido final dunha política pública pódese facer referencia á seguinte definición de Subirats e outros (2008:113):

«Interpretaremos una política pública como un conjunto de decisiones y acciones que resultan de interacciones repetidas entre actores públicos y privados cuyas conductas se ven influenciadas por los recursos de que disponen y por las reglas institucionales generales (concernientes al funcionamiento global del sistema político) y específicas (propias al ámbito de intervención en cuestión)».

Estos autores también defienden que «el contenido y las características institucionales de una acción pública son el resultado de las interacciones entre las autoridades político-administrativas y los grupos sociales que causan o padecen los efectos negativos de un problema colectivo» (Subirats e outros, 2008:30).

Con estas definiciones das políticas públicas, os autores pretenden centrar a atención en tres elementos que se tornan variables explicativas ou independentes do contido da política pública resultante: os actores, os recursos que mobilizan e as regras institucionais que enmarcan as súas interaccións.

### 2.2.1.1 Actores


Knoepfel e outros (2007:12) explican que «todo individuo o grupo social vinculado con el problema colectivo que origina la política pública debe considerarse actor potencial del «espacio» de la mencionada política, aun si (momentáneamente) es incapaz de emprender acciones concretas durante una o varias de las fases de una intervención pública». O interese desta concepción de actor é a idea de que un actor que poida estar involucrado dalgún xeito nunha política pública non ten por que ter actividade concreta en todas as fases do ciclo desa política, dando lugar a unha sorte de pasividade que pode ser un factor explicativo do propio contido da política pública.

En relación a esta posible falta de actividade, Knoepfel e outros (2007:13) argumentan que «ello dependerá, entre outras cosas, de la conciencia que el actor tenga de sus propios intereses, de su capacidad para activar recursos y construir coaliciones que le permitan defender sus derechos, así como de su decisión estratégica de pasar a la acción o mantenerse fuera de la arena donde se toman las decisiones».

Entrando no terreo da decisión, para este traballo considerárase que os actores posúen unha racionalidade limitada. Esta concepción parte da idea de que os actores manteñen unha serie de obxectivos baseados nas súas preferencias e, posteriormente, estes actores realizan unha análise sobre as posibles consecuencias das súas accións, «aun si son incapaces de anticipar y controlar los efectos inducidos y, particularmente, los efectos negativos que resultan de la agregación de los comportamientos individuales» (Knoepfel e outros, 2007:14). Neste sentido, Subirats e Dente (2014), evocando a Simon (1957), defienden que o comportamento dos actores é potencialmente racional, mais que son eles mesmos os que aceptan os seus propios límites (cognitivos, afectivos e culturais) e adoptan, en consecuencia, un criterio decisorio menos esixente.

Para distinguir os diferentes tipos de actores, Knoepfel e outros (2007) realizan unha representación triangular:

**Figura 2: Triángulo de actores**



Fonte: Elaboración propia a partir de Knoepfel e outros (2007).

- Os **actores públicos ou institucionais (autoridades político-administrativas)** son aqueles cuxa acción está delimitada por un conxunto de regras xurídicas que establecen as competencias para a súa acción e os procesos administrativos que deben seguir no proceso de elaboración e execución. A concepción das autoridades político-administrativas parte dunha idea de lexitimidade pública. Un aspecto relevante que sinalan Knoepfel e outros (2007) é a tendencia destes actores públicos a crear coalicións político-administrativas que entre eles que lles permitan estar presentes en procesos de elaboración de políticas públicas aos que inicialmente non teñen acceso.
- Dentro dos **actores privados**, estes autores identifican dous tipos. Por unha banda, o **grupo-objectivo** «está composto por personas (físicas o morales) y organizaciones de tales personas, cuyo comportamiento se considera, políticamente, la causa (in) directa del problema colectivo que la política pública intenta resolver. En consecuencia, las decisiones y acciones de los grupos-objetivo son –o serán– objeto de una intervención concreta del Estado» (Knoepfel e outros, 2007:15). O obxectivo dos actores públicos é, polo tanto, modificar a conduta deste grupo-objectivo. Por outra banda, os **beneficiarios finais** son «personas (físicas o morales) y las asociaciones de tales personas a quienes el problema colectivo daña directamente, es decir, quienes padecen sus efectos negativos» (Knoepfel e outros, 2007:16). Se unha acción pública logra modificar a conduta dos grupos-objectivo, entón a condición dos beneficiarios mellorará.

Dente e Subirats (2014) desenvolven unha tipoloxía de actores segundo a razón ou propósito que os leva a formar parte da *policy network* (podendo intervenir en varios niveis de decisión):

- **Actores políticos:** Este tipo de actores están conformados unicamente polos partidos políticos, e o motivo da súa intervención vén dado pola súa representación da cidadanía e a busca de maior relevancia. Deste xeito, os actores políticos capitalizan as preferencias da opinión pública a fin e lograr un consenso. Para estes actores resulta importante a acción comunicativa posterior.
- **Actores burocráticos:** Neste tipo de actores enmárcanse os traballadores da Administración Pública, e interveñen porque consideran que as regras legais que

enmarcan a súa labor lles atribúen unha responsabilidade no proceso da política pública.

- Os **actores representantes de intereses especiais** son aqueles actores en cuxos intereses incide directamente a decisión tomada. Concretamente, neste grupo de actores poden enmarcarse as empresas, organizacións sindicais, lobbys...
- Os **actores representantes de intereses xerais** son aqueles que representan a suxeitos ou intereses que non teñen a capacidade de defenderse por si mesmos. Son actores deste tipo, por exemplo, as ONG e as asociacións ecoloxistas.
- Os **actores expertos** son aqueles que interveñen porque posúen o coñecemento necesario para estruturar o problema colectivo e formular alternativas.

Retomando a explicación do triángulo de actores, só resta desenvolver a idea de hipótese causal e hipótese de intervención (ambos compoñentes do modelo causal sobre o que parte a política pública):

- A **hipótese causal** é unha formulación en forma de resposta política á identificación do culpable do problema, polo que «equivale a la designación de los grupos-objetivo y los beneficiarios finales» (Knoepfel e outros, 2007:17). O establecemento desta hipótese causal vén dado por diferentes factores como a información (que pode provir dos propios grupos-objetivo de forma sesgada) ou os xuízos de valor políticos.
- A **hipótese de intervención** establece a forma de resolverse ese problema, concretamente a través da intervención pública. Esta hipótese de intervención define «las modalidades de intervención estatal que influirán en las decisiones y las acciones de los grupos-objetivo designados para que estas sean compatibles con los objetivos políticos» (Knoepfel e outros, 2007:17).

Centrando a atención na posición que manteñen os distintos actores ante o proceso decisorio da política pública e as interaccións existentes entre eles coa fin de influír en dito proceso, Dente e Subirats (2014) expoñen diferentes roles que pode manter un actor (podendo ocupar varios actores o mesmo rol):

- **Promotor:** O promotor é o actor que evidencia a existencia dun problema que necesita ser resolto mediante a intervención pública, aportando paralelamente a súa proposta de solución definida a través dos seus intereses. O actor promotor ten obxectivos sobre o contido da política pública. A modalidade de intervención (concepto exposto posteriormente) tenderá a ser a negociación cos posibles directores, permitindo alcanzar os seus obxectivos.
- **Director:** O actor director é aquel que conduce o proceso de decisión da política pública. Este actor recibe as propostas do promotor (podendo ser el mesmo o propio promotor) e formula a súa propia proposta, que se irá modulando tralas negociacións cos distintos actores externos (promotor, aliado...). O director xoga, polo tanto, un papel de centralidade no proceso decisorio. O director, dada a súa natureza público-administrativa, soe posuír recursos como a información e o coñecemento de todo o proceso. Tanto o promotor como o director deben buscar aumentar os seus recursos para facelos valer no proceso, buscando aumentar o número de aliados segundo a afinidade dos obxectivos perseguidos. Por outra banda, o director debe evitar conflitos abertos que poidan repercutir na opinión pública, polo que sempre buscará o consenso dos actores involucrados.

- **Opositor:** Este rol está ocupado polo actor que se atopa en contra do contido da acción pública e que, polo tanto, emprega os seus recursos para influír no proceso ou frealo.
- **Aliado:** Mantén o rol de aliado todo aquel actor que apoia aos actores que ocupan os roles de promotores e directores, posto que mantén os mesmos obxectivos de contido da acción pública. Estes aliados soen ter forte relación con eses outros actores aos que apoia, buscando tecer con eles unha rede de alianzas que inclúa a outros actores.
- **Mediador:** O rol do mediador é que o que mantén aquel actor cuxo obxectivo principal é que o resto de actores involucrados na decisión poidan chegar a un acordo. Deste xeito, en canto ao mediador pasa a ser secundaria (ou inexistente) a súa propia definición do problema.
- **Filtro:** O rol de filtro é aquel que ocupan os actores que non están interesados directamente no proceso senón que representan intereses alleos, tendo a posibilidade de empregar os recursos deses representados. Estes actores, apoiándose na política, buscan ocupar un espazo estratéxico noutras areas, como a política.
- **Porteiro:** Este rol é o que ocupa aquel actor que posúe un poder de veto ante a decisión que se pretende implementar e que, de non estar de acordo, intervéñen no proceso da política pública. Normalmente, este poder de veto é o resultado dos recursos legais que posúe. Por exemplo, este rol pode estar ocupado por organismos públicos de maior rango que os que participan no proceso como promotores ou directores. Un aspecto importante sobre este rol é que, nun momento dado, pode establecer algún tipo de relación directa cos opositores, posto que os seus obxectivos pasan a ser os mesmos.

Por outra banda, Dente e Subirats (2014) expoñen ao respecto o concepto da **network decisoria**, a cal reflicte o conxunto de actores involucrados no proceso decisorio así como os roles que desempeña cada un. Estudar a *network* decisoria pode permitir comprender a complexidade do proceso dada a densidade de actores (achada por un coeficiente de densidade que resulta da división do número de interaccións posibles de cada actor entre o número de actores). Neste sentido, Dente e Subirats (2014) defenden a importancia da centralidade dun actor nesta *network* decisoria.

Finalmente, estes autores desenvolven unha tipoloxía de **areas decisorias** (espazos de decisión), entre as que identifican: area técnica (dos expertos), area política (dos actores políticos), area social (formada pola opinión pública) e a area institucional (formada polas burocracias competentes). Para rematar, canto ás **modalidades de interacción** entre os actores, Dente e Subirats (2014), evocando a Richardson (1982), definen tres tipos: confrontación (imponse quen máis recursos ten), negociación (intercambio de recursos para o interese xeral dos actores) e colaboración (posta en común dos recursos para obxectivo común).

### 2.2.1.2 Recursos

Como xa se defendeu anteriormente, os actores pretenden influír no contido da política pública seguindo os seus intereses ou preferencias. Para lograr influír no contido de maneira satisfactoria, ditos autores mobilizan diversos recursos que lle permitan acadar unha posición privilexiada en cada fase do ciclo das políticas públicas e no deseño final do seu contido. Concretamente, Subirats e outros (2008:69) explican que «la dotación en recursos de los diferentes actores de una política pública, así como su producción, su gestión, su explotación

(más o menos continuada), su combinación, e, incluso su intercambio, pueden tener una gran influencia sobre el proceso, los resultados y los efectos de una política pública».

**Táboa 3: Tipoloxía dos recursos**

Dereito (Recursos xurídicos)	Persoal (Recursos humanos)	Diñeiro (Recursos económicos)	Información (Recursos cognitivos)	Organización (Recursos relacionais)
Consenso (Recursos de confianza)	Tempo (Recursos cronolóxicos)	Infraestruturas (Recursos patrimoniais)	Apoio político (Recursos de maioría)	Forza (Recurso da violencia)

Fonte: Propia a partir de Subirats e outros (2008).

Subirats e outros (2008) identifican ata dez recursos:

- O **dereito**: Este recurso de carácter xurídico vertebrada acción dos actores públicos e, tal e como evocan Knoepfel e outros (2007:18), «constituye la fuente de legitimación por excelencia de su acción». Tal e como se configura o sistema político democrático, o recurso xurídico é producido constantemente polo poder legislativo e o executivo, ambos con lexitimidade para elo. Os actores públicos, polo tanto, sérvense continuamente do dereito para levar a cabo todos os actos administrativos. Neste sentido, Subirats e outros (2008:72) explican que «el derecho ocupa un lugar preponderante en el conjunto de los recursos que se ponen en juego en el desarrollo de una política pública, ya que constituye la columna vertebral normativa del programa de actuación político-administrativo, organizando tanto el contenido (definición de objetivos y conducta de los grupos-objetivo) como la selección de los otros recursos (organizacionales, procedimentales o financieros)».
- O **persoal (recursos humanos)** está relacionado tanto co número de persoas que traballan dentro dese actor como coa súa calidade. Neste último caso valóranse factores como o coñecemento técnico especializado e as súas habilidades. Mobilizar membros de perfil especializado pode ter consecuencias favorables para ese actor (público ou privado) no proceso da política pública. Para a adquisición deste persoal cualificado, os actores teñen desenvolvido diferentes procesos de selección e formación. Por outra banda, tamén se deduce disto que a mellora no recurso persoal está relacionada co manexo do recurso económico.
- O **diñeiro (recursos económicos)**, tal e como explican Knoepfel e outros (2007:20), «es el recurso más fácilmente medible, intercambiable o sustituible, pero es así mismo quizá el que está distribuido de manera más desigual entre los actores privados. Esta cuestión reviste gran importancia, ya que este recurso está entre los que más poder político pueden conferir a un actor». Como xa se explicou, a capacidade de mobilización dos recursos económicos pode ter especial relevancia na posterior mobilización doutros recursos (humanos, cognitivos, patrimoniais...). Un exemplo concreto da relevancia deste recurso dáse no campo das políticas públicas que pretenden cambiar o comportamento do grupo-objetivo a través de incentivos económicos.
- A **información (recursos cognitivos)** pode resultar outro recurso moi proveitoso para os diferentes actores á hora de influír no proceso de deseño dunha política pública. A información deriva do coñecemento (técnico, económico, político, social...) sobre o problema, polo que a súa posesión poderá ser moi útil para lograr dita intervención. Reflexionando sobre este recurso, Subirats e outros (2008) evocan traballos onde se

expón a necesidade dun nivel de coñecemento similar entre actores para o bo desenvolvemento da política pública final, entroncando co dereito á información de toda a cidadanía, mais cuxos resultados destes traballos demostran a desigual distribución da información entre os actores (derivado do diferente grao de dificultade de acceso a outros recursos, como o económico, que facilitan o coñecemento).

- A **organización** é un recurso que garda unha estreita relación co persoal, anteriormente exposto. A calidade da organización mídese primeiro polos individuos (formación, habilidades..) mais toma especial importancia o funcionamento a nivel conxunto. Polo tanto, os principais elementos son as estruturas internas dese actor e os marcos de interacción establecidos. Outro elemento central dunha organización é o conxunto de valores comúns que comparte esa estrutura e que teñen influencia no desenvolvemento da súa actividade.
- O **consenso** é un recurso principalmente político. Para os actores resulta moi importante que as súas propostas logren un consenso social, o cal lles aporta a lexitimidade para intervir no proceso da política pública. Este consenso pode ser buscado en todas as fases de dito proceso, desde a definición do problema e o establecemento do modelo causal ata a selección das modalidades de acción. Ademais, a obtención deste consenso permite levar a cabo o proceso das políticas públicas de maneira eficiente posto que non se precisa o uso doutros recursos.
- O **tempo** é un recurso tan importante como de desigual distribución. A diferenza do recurso temporal entre os distintos actores pode ser un factor decisivo nas características finais das políticas públicas. Por exemplo, ten máis facilidade de intervención aquel actor que se dedica plenamente ao eido da acción pública respectiva ca aquel actor que pode desenvolver a súa actividade de maneira esporádica.
- A **infraestrutura** é un recurso que garda moita relación co diñeiro. Neste caso, os recursos patrimoniais engloban distintos bens que poden empregar os actores para a dotación da política pública, como por exemplo os espazos públicos. Subirats e outros (2008) explican que o recurso patrimonial ten dúas utilidades: a capacidade dos actores de xestionar directamente estas infraestruturas e a capacidade de comunicación dos actores derivada desta xestión directa do patrimonio.
- O **apoio político** «consiste en la aceptabilidad potencial de la política pública -durante cada momento de su existencia- por una mayoría parlamentaria o popular» (Knoepfel e outros, 2007:23). Polo tanto, este recurso garda moita relación co do consenso, exposto anteriormente. Acadar o apoio político maioritario a unha política pública (e todos os produtos que derivan de cada fase da política) pode ser moi relevante na adopción final da proposta dese actor.
- A **forza** é o último dos recursos identificados por Subirats e outros (2008). Neste caso, trátase dun recurso cuxo uso contemporáneo se ten reducido, se ben segue sendo imprescindible para a consecución de políticas públicas de carácter restritivo, por exemplo en materia de seguridade. Incluso neste caso, o recurso da forza soe ser empregado maiormente como unha ameaza por parte dos actores que o mobilizan, para así influír coercitivamente no comportamento dos grupos-obxectivo. Non obstante, a forza non só é un recurso que posúe o Estado (ao que se lle concede o monopolio da violencia lexítima), senón que pode ser empregado por actores privados (grupos-obxectivo ou beneficiarios) para expresar a súa oposición a unha política pública, por exemplo en manifestacións.

### 2.2.1.3 Regras institucionais

A última variable explicativa a expoñer é a relativa ás regras institucionais. Estas son definidas por Knoepfel e outros (2007:26) como «la normativa que un conjunto de actores desarrolla y aplica (en un proceso dinámico) para organizar actividades repetitivas que producen resultados (previsibles en la medida de lo posible) que impactan a estos actores y, potencialmente, a algunos otros».

Partindo da anterior definición, Knoepfel e outros (2007) propoñen combinar para o estudo das regras institucionais as perspectivas *top-down* e *bottom-up*. Deste xeito, a primeira das perspectivas parte da concepción dunha xerarquía normativa e institucional na que se encadra o marco constitucional (de maior xerarquía), as regras institucionais (que definen e determinan o funcionamento das institucións públicas) e o acordo político-administrativo dunha política pública (exposto posteriormente). Pola súa banda, a perspectiva *bottom-up* permite centrar a análise nos actores e no manexo das regras institucionais que realizan para levar a cabo interaccións entre eles.

Finalmente, a partir da combinación de ambas perspectivas, Knoepfel e outros (2007:26) identifican tres categorías de regras institucionais: as regras que fixan o acceso aos recursos das políticas públicas, as regras institucionais que fixan as competencias e a natureza das interaccións que se producen entre os actores implicados (xa sexan públicos ou privados) e as regras que fixan as condutas individuais.

## 2.2.2 Variables dependentes: o ciclo das políticas públicas e os seus produtos


### 2.2.2.1 Ciclo das políticas públicas

Dentro da análise de políticas públicas, eido de estudo que se desenvolve na segunda metade do século XX, foise instalando paulatinamente unha visión secuencial destes procesos de deseño e implementación da acción pública, o cal permite, segundo Meny e Thoenig (1992:105), «descomponer el proceso analíticamente como una secuencia de actividades, desde el inicio hasta el final, desde un problema hasta los resultados». Aínda que se expoñerán máis adiante os límites deste modelo cíclico, é preciso explicar neste momento que, tal e como defenden Grau e Mateos (2002) evocando a De Leon (1999), este esquema secuencial é simplemente unha ferramenta analítica e non unha teoría do proceso das políticas públicas.

Existe unha multitude de autores que realizaron distintas achegas a este concepto do ciclo das políticas públicas. Por exemplo, Jones (1970) defende que esta secuencia está composta por cinco fases: Identificación dun problema, formulación de solucións, toma de decisións, execución do programa e remate da acción. Outra exposición interesante sobre o ciclo das políticas públicas é a realizada por Lasswell (1956), que define sete fases ou *stages* do ciclo: *Intelligence, promotion, prescription, invocation, application, termination e appraisal*.

Para esta investigación vaise seguir o modelo cíclico das políticas públicas defendido por Subirats e outros (2008), e que é elaborado retomando o exposto por Jones (1970). Segundo estes autores, o ciclo das políticas públicas sería o exposto na figura 3.

Figura 3: Ciclo das políticas públicas



Fonte: Elaboración propia a partir de Subirats e outros (2008).

Máis polo miúdo, estes autores entenden cada unha das fases como:

1. **Fase de xurdimento do problema:** Nesta etapa inicial do ciclo das políticas públicas un grupo social toma conciencia ante unha situación desfavorable, a cal se converte nun problema. Tal e como explican Subirats e outros (2008:44), «podríamos dicir que surge un problema cando se constata a diferenza entre a situación actual e lo que sería a situación deseable». Neste proceso de construción social do problema, tal e como explica Jones (1970), atópase por un lado a percepción do propio problema por parte do colectivo, a definición do problema e a súa representación, a identificación das causas posibles e, finalmente, a demanda de acción pública.
2. **Fase de inclusión na axenda política:** Esta segunda etapa do ciclo constitúe unha especie de filtro polo que deben pasar todos aqueles problemas que atopa un grupo social e que son susceptibles de converterse nun problema público (de pasar dito filtro). Subirats e outros (2008), evocando o traballo de Garraud (1990), propoñen diversas variables que poden provocar dita inclusión: a mediatización (cun grande impulso por parte dos medios de comunicación), a mobilización externa (a través de grupos de presión e movementos sociais), a oferta política (partidos políticos como “propietarios dos problemas) ou a anticipación interna (a partir das propias autoridades político-administrativas).  
Esta fase continúa coa formulación dun modelo causal por parte do grupo social afectado, permita expoñer as posibles causas dese problema público. Finalmente, a etapa remata coa aceptación (ou non) por parte da Administración Pública da necesidade de actuar ante dito problema.
3. **Fase de formulación e decisión da política:** De ser incluído na axenda o problema público e contando coa intención dos poderes públicos de intervir, ábrese un proceso decisorio onde eses mesmos poderes públicos formulan posibles respostas ou

alternativas ante o problema e escollen a opción axeitada. Ao igual que na fase anterior, dentro desta etapa toman moita relevancia o resto de actores involucrados, pretendendo influír segundo os seus intereses na política final adoptada. Nesta terceira etapa, os actores públicos conclúen a definición do modelo causal e das solucións a aplicar (contido, obxectivos, medios e instrumentos para logralos...).

4. **Fase de implementación:** Nesta cuarta fase concéntrase a aplicación da alternativa previamente adoptada ás situacións problemáticas reais, é dicir, constitúe o propio *output* do proceso das políticas públicas. Tal e como definen Subirats e outros (2008:179), a implementación é «el conjunto de procesos que, tras la fase de programación, tienden a la realización concreta de los objetivos de una política pública».

Nesta etapa tórnanse protagonistas os axentes administrativos encargados de dita implementación, os chamados *street-level actors*, que no caso desta investigación serían os profesores dos centros educativos primarios e secundarios de Galicia.

Neste punto, cabe expoñer que o presente traballo segue un enfoque de implementación da política pública *top-down*. Desde esta visión, tal e como recollen Subirats e outros (2008) a partir de Sabatier e Mazmanian (1980), a análise da implementación da política pública en cuestión debe realizarse desde as decisións das autoridades político-administrativas, permitindo identificar segundo se descende ao resto de actores implicados nese proceso. Por outra banda, esta visión *top-down* da implementación permite avaliar diferentes criterios como a eficacia, reflectida no grao de realización dos obxectivos propostos na fase de formulación e adopción da política.

5. **Fase de avaliación da política:** Esta última etapa do ciclo das políticas públicas comprende un exercicio de valoración dos efectos que tivo a política pública determinada sobre o grupo-obxectivo, é dicir, o impacto desa política na realidade social. (Grau e Mateos, 2002). En palabras de Subirats e outros (2008:211), a avaliación da política pública ten por obxectivo «saber si la «teoría de acción» en la que se basaba tenía fundamento, y el grado de aplicación real finalmente alcanzado».

En referencia a esta visión cíclica das políticas públicas, Howlett (2019:46) explica que «in this view, policy-making is viewed not as a primarily a random, ritualistic, or symbolic form of state activity, but as a conscious matter of attempting to march the means of policy implementation to formulated policy goals». Por outra banda, tal e como defenden Subirats e outros (2008:45), a perspectiva cíclica ofrece «la posibilidad de identificar, en cada una de las etapas, los retos y los actores implicados reduciendo así la complejidad de los métodos de análisis», o cal permite elaborar un mapa da *policy network* e identificar as posibles variacións nas posicións dos actores durante o proceso.

Non obstante, tanto estes autores como a grande maioría dos que se teñen achegado á ferramenta analítica das fases das políticas públicas defenden que esta conta cuns límites. Neste sentido, Subirats e outros (2008:33) recollen as palabras de Muller (1990) nas que argumenta que «la representación secuencial de las políticas no debe utilizarse de forma mecánica. Deberán más bien imaginarse las políticas públicas como un flujo continuo de decisiones y procedimientos a los que tratamos de dar sentido».

Ademais, Subirats e outros (2008:46-47) presentan diferentes argumentacións sobre os límites da perspectiva cíclica: Primeiramente, explican que o desenvolvemento dunha política pública non ten por que seguir as etapas marcadas anteriormente nesa orde, existindo incluso a posibilidade de que algunha fase sexa inexistente, e provocando que o analista estableza

un modelo causal errado das políticas públicas a través do establecemento de nexos lóxicos entre as fases. Por outra banda, os autores advirten que este modelo cíclico dificulta o estudo daqueles casos de ciclos simultáneos ou incompletos.

### 2.2.2.2 Fases do ciclo e os seus produtos

Unha vez exposto o modelo cíclico das políticas públicas, Subirats e outros (2008) reducen o número de fases de dito modelo, ata reduciilo a catro etapas. A cada etapa, estes autores asígnanlle un produto, é dicir, un resultado da acción pública en cada unha das fases. E cada un destes produtos, atendendo ao concepto de política pública exposto anteriormente, vén dado polas interaccións que se producen entre os actores en cada unha das etapas do ciclo; unhas interaccións que están influídas polos recursos mobilizados e polas regras institucionais. Polo tanto, cabe ter sempre presente que os tres elementos chave anteriormente expostos están sempre involucrados en cada unha das etapas do ciclo, tendo consecuencias nos produtos que a continuación se expoñerán.

Deste xeito, a análise dos produtos das etapas do ciclo permite identificar a dimensión substantiva da política pública (formada polo propio programa de acción pública para a resolución do problema) e a dimensión institucional (a cal reflicte os autores que participan no proceso, os recurso que posúen e as regras institucionais que enmarcan a súa acción).

Ante isto, Subirats e outros (2008) desenvolven o seguinte modelo:

**Táboa 4: Etapas e produtos dunha política pública**

1º Etapa: <b>Inclusión na axenda</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Produto 1: <b>Definición política do problema público</b></li> </ul>
2ª Etapa: <b>Decisión - Programación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Produto 2: <b>Programa de actuación político-administrativo (PPA)</b></li> <li>• Produto 3: <b>Acordo político-administrativo (APA)</b></li> </ul>
3ª Etapa: <b>Implementación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Produto 4: <b>Plans de acción (PA)</b></li> <li>• Produto 5: <b>Actos de implementación (outputs)</b></li> </ul>
4ª Etapa: <b>Avaliación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Produto 6: <b>Enunciados avaliativos sobre os efectos (impactos e outcomes)</b></li> </ul>

Fonte: Elaboración propia a partir de Subirats e outros (2008).


Como se observa no gráfico anterior, Subirats e outros (2008) identifican en total seis produtos distribuídos en catro fases:

1. A etapa inicial de **inclusión na axenda** ten como único produto a **definición política do problema público**. Este primeiro produto é o resultado da elaboración por parte dos actores públicos implicados dun modelo causal ante o problema respectivo. Deste xeito, a Administración Pública constrúe un marco ou *frame* de actuación (Subirats e outros, 2008) no que se encadra unha definición do problema, unha delimitación da súa extensión, as posibles causas e as posibles formas de intervención. En relación a isto expoñen:

«La constitución y la definición de los problemas públicos es un proceso que también forma parte de la política y que influenciará, incluso determinará, los actores involucrados en ella, así como la naturaleza de las acciones públicas concretas emprendidas». (Subirats e outros, 2008:125)

Como xa se dixo anteriormente, estes autores sinalan a definición do problema como unha construción social vinculada coas representacións, percepcións, intereses e valores dos actores implicados. Dita construción do problema segue o seguinte proceso:

**Figura 4: Proceso de construción dun problema público**



Fonte: Elaboración propia a partir de Subirats e outros (2008).

Unha reflexión interesante que realizan estes autores sobre o proceso de definición política do problema é que se trata dun proceso continuo, aberto e non-lineal, polo que a propia definición pode sufrir modificacións ao longo das etapas da política pública. En relación ao problema público, estes autores expoñen varias dimensións operativas: Intensidade do problema (importancia dada ás súas consecuencias), perímetro do problema (alcance dos seus efectos negativos), novidade do problema e urxencia do problema.

2. A segunda etapa, que concentra a **decisión e programación**, contén dous produtos:

- O **Programa de actuación político-administrativo (PPA)** detalla todas as decisións legislativas (normas) ou regulamentarias dos actores públicos implicados que se empregan para a implementación da acción pública (leis, decretos, acordos administrativos...). Tal e como explican Subirats e outros (2008:150), «un PPA define en términos jurídicos el mandato político que los legisladores formulan para tratar de solventar o afrontar un problema público».

Por outra banda, os autores identifican cinco elementos constitutivos dun PPA: os obxectivos da política pública (máis ou menos concretos), elementos avaliativos (datos que permitan avaliar os efectos da política), elementos operativos (modalidade de intervención reguladora, incentivadora, persuasiva ou provisión directa de bens e servizos), acordo de actuación político-administrativa, recursos (asignación de actores públicos con competencia para a implementación e os seus recursos) e os elementos procedementais (fixación de formas de interacción entre as autoridades públicas e os grupos-obxectivo).

Finalmente, Subirats e outros (2008) defenden que un PPA debe manter a legalidade e a coherencia (interna e externa) entre obxectivos e instrumentos a empregar. Entre as dimensións analíticas destacan: un PPA detallado ou un programa-marco (en función da concreción do contido), un PPA centralizado ou descentralizado (en función dos actores públicos implicados) e un PPA substantivo ou institucional (en función da maior ou menor atención ás propias regras internas político-administrativas).

- O **Acordo Político-Administrativo (APA)** fixa o conxunto de actores públicos (e para-estatais) que están ao cargo da implementación, relacionando «los postulados de la política y su aplicación concreta en un lugar determinado» (Subirats e outros, 2008:168). Estes autores propoñen, seguindo diversas dimensións analíticas, a seguinte tipoloxía dos APA: APA *mono* ou plural (en función do número e tipo de actores), APA integrado ou fragmentado (en función do grao de coordinación político-administrativa horizontal), APA integrado ou atomizado (en función do grao de coordinación vertical), APA centralizado ou igualitario (en función da distribución do peso entre os actores implicados), APA politizado ou burocrático (en función do grao de politización) e APA aberto ou pechado (en función do grao de apertura e intensidade das interaccións entre actores).
3. A terceira etapa é a da **implementación**, a cal da dous produtos:
- Os **Plans de acción (PA)** son «el conjunto de decisiones consideradas como necesarias para la producción coordinada y puntual de los servicios, productos o prestaciones administrativas (outputs)» (Subirats e outros, 2008:188). Deste xeito, os plans de acción constitúen un nexa entre o disposto nos PPA e os actos concretos de implementación, fixando as prioridades na produción dos diferentes *outputs* e asignando os recursos para dita produción. En canto ao seu contido substantivo e institucional, os autores diferencian entre: Plans de acción explícitos ou implícitos (segundo o grao de apertura aos demais actores externos), abertos ou pechados (dependendo do número de actores públicos implicados no seu deseño), plans de acción «funil» ou «regadeira» (segundo o grao de concreción ou discriminación temporal, xeográfica e social en canto á produción dos *outputs*), plans de acción con maior ou menos reestruturación do APA e, finalmente, plans de acción con maior ou menor claridade na asignación dos recursos.
  - Os **actos de implementación**, que constitúen un quinto produto, son os propios *outputs*, ou segundo defenden Subirats e outros (2008:195), «un conjunto de productos finales de los procesos político-administrativos que, como resultado de su implementación, se destinan de manera individual a las personas que forman parte de los grupos-objetivo previstos». Para a súa análise, os autores presentan as seguintes dimensións: perímetro (relación entre as prioridades do Plan de Acción e os actos finalmente implementados), cantidade de contido institucional, actos formais ou informais (en canto ao seu grao de formalidade xurídica), actos intermedios ou finais, e coherencia de contido e coordinación coas outras accións da política pública. Para rematar o estudo desta terceira fase, Subirats e outros (2008) defenden o interese de estudar distintas interaccións entre actores como posibles factores de influencia sobre todos estes produtos da política pública. Concretamente, os autores sinalan a relación entre a Administración e os grupos-obxectivo, as relacións de poder existentes no seo dos propios grupos-obxectivo, os posibles conflitos entre os grupos-obxectivo e os beneficiarios finais da política pública, o posible apoio dos afectados indirectos aos grupos-obxectivos e dos beneficiados aos beneficiarios finais e, finalmente, o apoio dos beneficiados e a oposición dos afectados aos actores públicos implicados.
4. A última etapa, a **avaliación**, ten como único produto o desenvolvemento de **enunciados avaliativos sobre os efectos**. En canto a esta fase de avaliación, Subirats e outros (2008:207) explican que «se trata de identificar si los grupos-objetivo

seleccionados modificaron efectivamente su conducta (¿qué impactos?), y si gracias a ello la situación de los beneficiarios finales, que en un principio se consideró problemática, mejoró realmente (¿qué outcomes?). Trátase polo tanto, segundo estes autores, de avaliar se o modelo causal que se estableceu nas etapas anteriores é válido.

En canto aos impactos, Subirats e outros (2008:208) defínennos como «el conjunto de cambios de conducta de los grupos-objetivo que pueden imputarse directamente a la entrada en vigor de los Programas de actuación Político-Administrativos (PPA), de los Acuerdos de actuación Político-Administrativo (APA), de los planes de acción y de los actos formales de implementación (outputs) que los concretan, sin importar si dichas modificaciones de conducta son o no las deseadas». Neste caso, ponse polo tanto ao grupo-obxectivo no centro da análise, sobre os que se avaliarán datos do seu comportamento antes e despois da implementación da política pública. Para estudar ditos impactos, estes autores propoñen as seguintes dimensións analíticas: Impactos existentes ou non producidos (nos grupos-obxectivo), impactos duradeiros ou efémeros, perímetro dos impactos (alcance espazo-temporal), coherencia substantiva interna entre os diferentes impactos sobre un grupo-obxectivo e coordinación externa entre eses impactos.

Otro piar da avaliación é o conformado polos *outcomes*, que segundo Subirats e outros (2008:212) son «el conjunto de efectos, en términos de problema público a resolver, que pueden imputarse a las modificaciones de conducta de los grupos-objetivo (impactos)», propoñendo catro dimensións para a súa análise: resultados existentes ou non producidos, efectos duradeiros ou efémeros e a coherencia substantiva dos resultados con respecto ao problema público.

Finalmente, Subirats e outros (2008) expoñen os seguintes criterios de avaliación dunha política pública:

- **Efectividade:** Este criterio está relacionado coa verificación da hipótese de intervención inicialmente proposta. Trátase, polo tanto, dun criterio de avaliación dos impactos a través da comparación entre os efectos “que deberían darse” (previstos) e os reais/finais (modificacións de conduta nos grupos-obxectivo).
- **Eficacia:** Este criterio recolle unha verificación da hipótese causal a través dunha comparación entre os efectos esperados da política e os efectos finalmente existentes na realidade social.
- **Eficiencia na asignación dos recursos:** Este criterio avalía a relación entre os recursos investidos e os efectos finais obtidos. Esta avaliación pode realizarse a través dunha análise custo-beneficio ou custo-utilidade, permitindo reflexionar finalmente se todo o proceso se realizou “da mellor maneira” ou si se puideron alcanzar os mesmos resultados con menos recursos.
- **Pertinencia e eficiencia produtiva:** Neste caso, realízase por unha banda unha análise comparativa entre os obxectivos inicialmente expostos e as características do problema público real, permitindo determinar o grao de pertinencia da acción pública. Por outra banda, o criterio da eficiencia produtiva vén dado por unha análise da relación entre os *outputs* producidos e os recursos invertidos para elo.

## 2.3 A Política Lingüística como política pública

### 2.3.1 Planificación e normalización lingüística

Co desenvolvemento do Estado-nación, principalmente desde o século XIX, as linguas pasan a ser gradualmente obxecto de intervención pública. Neste sentido, Freixeiro Mato (2020:14) reflexiona sobre a estreita relación da sociedade e a lingua, defendendo que «a sociedade é a causa de as linguas existiren e, ao mesmo tempo, as linguas existen porque hai sociedades que as falan». Desde esta idea, o mesmo Freixeiro Mato (2020:17) establece que «non se torna nada estraño que, no momento de as sociedades se organizaren politicamente, cuestións lingüísticas tamén fosen tidas en conta, nomeadamente cando o tecido social se foi facendo máis complexo e a regulamentación das relacións sociais virou máis necesaria».

Esta idea de intervención pública no campo da lingua xera inicialmente o concepto de «planificación lingüística». Canto á súa definición, Freixeiro Mato (2020:19-20) recolle diversas achegas de sociolingüistas destacados. Así, a primeira aproximación ao termo que recolle é a de Thorburn (1971), que explica que «a planificación lingüística ocorre cando se trata de aplicar o cúmulo de coñecementos do idioma para mudar o comportamento lingüístico dun grupo de persoas». Tamén de interese resulta a visión de Jernudd e Das Gupta (1969), que entenden a planificación lingüística «non como unha actividade idealista e exclusivamente lingüística, mais unha actividade política e administrativa dirixida a resolver as necesidades do idioma na sociedade».

Non obstante, unha das principais achegas ao concepto de planificación lingüística é a realizada por Kloss (1969), quen distingue entre a **planificación do corpus** (estabelecemento dunha gramática e dun léxico estandarizado, normativización) e a **planificación do status** (incorporación dunha lingua á totalidade de usos sociais, normalización). No caso da lingua galega e a interferencia do castelán no seu *corpus*, tal e como explica Samartin (2022:92) citando a Silva Valdivia (1991), «due to historical evolution, the real standard (the socially assumed standard) is represented by the Spanish forms, therefore, the normalisation of the corpus and the normalisation of the status go necessary hand in hand».

Neste punto, xorde a necesidade de explicar o concepto de «normalización lingüística». Este concepto posúe multitude de definicións, como a de Ninyoles (1989:105), quen explica que normalizar é «situar en pé de igualdade as distintas linguas». No caso galego, García Negro (1993:44) expón que «normalizar non é regular a presenza do galego nen redundar nos espazos conseguidos ou admitidos; é implementar o galego como idioma de uso normal e xeral alí onde a normalidade do español non se discute».

De maneira xeral, Falcón (2000:417) encadra este proceso de normalización na «elaboración e implementación dun sistema de normas de uso lingüístico caracterizado por ser unha macrodecisión política que reconduce o futuro da comunidade, e que require o exercicio de certo poder pola súa parte, derivado dun nivel de autogoberno suficiente».

Así, Freixeiro Mato (2020:33-34) presenta catro interpretacións de «normalización lingüística» existentes no caso galego:

- A primeira postura é a da **subordinación lingüística e substitución**. Desde esta perspectiva, acéptase o actual *statu quo* lingüístico, cunha subalternidade da lingua minorizada. Existe, polo tanto, unha certa tolerancia lingüística mais a política

lingüística da Administración Pública está guiada polo desexo de conseguir unha substitución final da lingua subalterna.

- A segunda interpretación é a do **bilíngüismo harmónico**. Este termo, segundo o autor, reflicte unha convivencia non conflitiva de dúas linguas en aparente igualdade legal e en inferioridade real da lingua que é obxecto de normalización. O resultado desta interpretación é unha substitución lingüística ralentizada, mais non detida.
- A terceira interpretación da normalización lingüística, e que pode acabar coa subalternidade da lingua minorizada, é a do chamado **monolíngüismo defensivo**. Neste caso, existe unha igualdade real de dúas linguas ao mesmo tempo que se loita polo predominio da minorizada. Deste xeito, é posible reverter a substitución lingüística.
- A cuarta interpretación á que fai referencia Freixeiro Mato (2020:34) é a do **monolíngüismo social** na lingua subalterna. Este concepto reflicte un dominio público e oficial da lingua que se desexa normalizar. Tal dominio público é resultado dunha identificación da propia lingua coa nación que quere ser Estado. Esta situación de monolíngüismo social pode dar lugar a un enfrontamento social sobre a posición de cada unha das linguas existentes nesa sociedade.

Son diversos os autores que teñen estudado de perto a planificación lingüística e os procesos de normalización a través da intervención pública. Neste sentido, existen diferentes propostas que serven de ligazón co concepto de ciclo das políticas públicas exposto ao inicio deste marco teórico.

Así, Ninyoles (1989:119-120) defende que son cinco os pasos necesarios para promover o uso dunha lingua e alcanzar a súa normalización. Póndose na perspectiva da Administración Pública, o autor explica que primeiro é necesario levar a cabo unha recolla de información sobre países con circunstancias similares e os resultados das súas políticas. O segundo paso é a formulación de solucións. A continuación é o momento da experimentación e da escolla da política lingüística após a avaliación dos resultados de dita experimentación. O paso final deste proceso é a aplicación da política.

Outra achega é a de Bamghouse (1989:31-32), recollida por Freixeiro Mato (2020:19-20). O autor presenta catro fases da planificación lingüística: *fact-finding* (recolla de información), *policy formulation*, *evaluation* e *implementation*. Finalmente, revélase de interese recoller a posición de Boix-Fuster e Vila i Moreno (1998:287-295), que establecen seis fases: A selección do problema, a definición (das causas e das consecuencias), a formulación de liñas de actuación (mediante unha negociación cos actores sociais relevantes) e a escolla, a colocación en práctica, a avaliación (medindo os resultados e os impactos) e unha última fase, que pode non se verificar, de reformulación.

A diferenciación entre o *corpus* e o *status* serve de ligazón para a exposición do concepto de «política lingüística». Neste sentido, Freixeiro Mato (2020:19-20) cita a Calvet (1998:97), quen define a política lingüística como «o conxunto de decisións conscientes que afectan ás relacións entre lingua e sociedade», en canto que a planificación lingüística queda restrinxida á «aplicación concreta dunha política lingüística».

Continuando coa recompilación de Freixeiro Mato (2020:19-20), pódese destacar a concepción de Prator (1968), quen defende que «a formulación de políticas lingüísticas inclúe

as decisións relativas ao ensino e ao uso do idioma e á súa elaboración minuciosa polas autoridades pertinentes», integrando a planificación do *corpus* e *status*. Finalmente, tamén recollida por Freixeiro Mato (2020:19-20), resulta de interese a definición de Ninyoles (2005), quen explica que a política lingüística é «un dos instrumentos que modernamente fan posíbeis os procesos de normalización; unha actividade organizada e dirixida formalmente por unha autoridade pública; unha estrutura de programas e proxectos coordinadas a nivel macrosociolóxico».

Outra definición que servirá de marco para esta investigación é a de Lorenzo Suárez (2005:42-43), quen interpreta a política lingüística como “unha construción teórica e práctica” sustentada por dous piares:

- Un piar formado polo conxunto de ideas existentes sobre a lingua e os seus falantes, así como o lugar que debe ocupar na sociedade. Neste caso, o autor fala dunha ideoloxía lingüística baseada na perspectiva social sobre a lingua, “co sentido de crenzas e intereses sobre o valor e representacións sociais dunha lingua que un actor social ten e transmite”. Por outro lado, Lorenzo Suárez (2005:42) indica que a ideoloxía lingüística fornece a «base intelectual de toda política lingüística», definindo o seu alcance cualitativo e cuantitativo.
- O segundo piar fórmano o «conxunto de actuacións, accións e actividades postas en marcha para cumprir os obxectivos lingüísticos buscados. Ese conxunto constitúe as prácticas planificadoras e son habitualmente a parte máis visible das políticas lingüísticas». O autor entende que os obxectivos lingüísticos son determinados pola ideoloxía lingüística que manteñen os axentes ou actores encargados da política lingüística. Finalmente, Lorenzo Suárez (2005:42) defende que «toda política lingüística se substancia en prácticas planificadoras concretas, consistentes en estratexias e actividades de revitalización formal e funcional da lingua en cuestión».

Neste sentido, Argelaguet (1998:294), evocando a Cooper (1989) e Lamuela (1994), expón que a política lingüística é «el conjunto de actividades que las autoridades de un sistema político emprenden para influir en el comportamiento de los ciudadanos en relación con el aprendizaje, la estructura o la fijación de las funciones de sus códigos lingüísticos». Por outro lado, este autor, citando a Mira (1987), establece que a lingua é un símbolo central na identidade dun grupo social que ten implicado, na construción do Estado-nación sobre todo desde o século XIX, a intención por parte das institucións de reducir o espazo da lingua que se entende allea ao concepto de nación da comunidade dominante e á necesaria cohesión social para o seu desenvolvemento.

En relación a isto, Argelaguet (1998:295) retoma as teses de Esman (1992) no establecemento de dúas estratexias diverxentes adoptadas polos estados perante o conflito derivado da existencia de varias linguas:

- A estratexia **asimilacionista** baséase nunha concepción monolingüe da comunidade política, da «Nación». Isto deriva nunha imposición lingüística mediante instrumentos xurídicos que impidan o emprego das linguas diferentes das hexemónicas, e a súa difusión nos distintos ámbitos da vida social.
- A estratexia **pluralista** baséase nunha concepción plurilingüe da comunidade política, onde o grupo lingüisticamente dominante acepta a existencia de dereitos lingüísticos do resto de linguas coa fin de manter a unidade da comunidade política. Esta estratexia

pode derivar, á súa vez, nun tipo de políticas lingüísticas tendentes ao monolingüismo ou ao plurilingüismo (por exemplo, a cooficialidade de varias linguas nas institucións públicas e o desenvolvemento de dereitos lingüísticos para a comunidade lingüística en inferioridade). O establecemento destes dereitos lingüísticos, explica o autor citando a McRae (1994) e Laponce (1987), deriva de dous principios: personalidade e territorialidade.

Neste contexto, Argelaguet (1998:295) defende, para o caso español, que a Constitución «se basa en un compromiso entre las distintas fuerzas políticas que se concreta en la aplicación simultánea y asimétrica de los principios de territorialidad y personalidad, lo cual hace que sea un modelo mixto porque no sigue ninguno de los dos, sino que los combina siempre en favor de los ciudadanos hispanohablantes». Neste caso, o principio de personalidade fai referencia á existencia de dereitos lingüísticos básicos polos que un individuo pode recibir servizos básicos na súa lingua en calquera parte do territorio. Por outra banda, o principio de territorialidade recolle a delimitación territorial da provisión de certos servizos básicos na lingua propia (Ninyoles, 1981:15-16).

Para defender esta postura, Argelaguet (1998:296) volve citar a Ninyoles (1994), quen defende que os cidadáns castelanfalantes beneficianse do modelo mixto pola existencia maioritaria de comunidades autónomas exclusiva e oficialmente monolingües, polos dereitos lingüísticos do castelán nas comunidades col linguas cooficiais, e polo monolingüismo oficial das institucións do Estado; todo isto en canto as outras comunidades lingüísticas de España só manteñen os seus dereitos lingüísticos no seu territorio e non na totalidade do Estado.


Entrando xa na exposición dos propios modelos lingüísticos, Argelaguet (1998:297) argumenta que «la política lingüística en la educación es un buen ejemplo-resumen del conjunto de la política lingüística de unas autoridades concretas, ya que muestra fehacientemente los objetivos últimos y generales de esta política, a la vez que es más fácil contrastar los resultados obtenidos».

### **2.3.2 Os modelos lingüísticos en España**

Previamente á exposición dos modelos lingüísticos existentes en España cómpre establecer unha relación entre o ensino e o emprego e normalización dunha lingua por parte dun grupo social. Deste xeito, se ben existen diferentes axentes dentro do proceso de socialización dun individuo (como a familia ou os amigos), a escola desempeña un papel importante na infancia e adolescencia, conformando a chamada «socialización secundaria».

Por exemplo, collendo os datos da *Enquisa estrutural a fogares* (IGE, 2018) obsérvase que o 93,73% dos mozos entrevistados que teñen entre 5 e 29 anos recoñece o ensino como un dos medios fundamentais para a súa aprendizaxe do galego. Como se observa no Gráfico 1, o resto de medios resultan secundarios para este fin.

**Gráfico 1: Medios de aprendizaxe do galego para as persoas de 5 a 29 anos**



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da *Enquisa estrutural a fogares* (IGE, 2018)

Aplicando isto ao emprego dunha lingua no proceso de aprendizaxe individual, e tal e como defenden Fernández Paz, Lorenzo Suárez e Ramallo (2008:48), «cando se produce esa presenza [da lingua] escolar -nos centros de ensino- e a súa transmisión educativa –nos currículos académicos-, facilítase un aumento do seu prestixio social, así como un afortalamiento da identidade social dos seus falantes, aspectos que redundarán moi positivamente nos usos lingüísticos e nas actitudes sobre esa lingua en cuestión».

Exposto isto, Argelaguet (1998:298-300) desenvolve os tres modelos lingüístico-escolares existentes en España:

- O modelo **monolingüe** é o que se aplica nas diferentes comunidades autónomas de España onde só o castelán é lingua oficial. Neste caso, a lingua de ensino é só o castelán (salvo a materia de lingua estranxeira).
- O modelo de **separatismo lingüístico parcial e selectivo** é aquel no que se se desenvolven distintos itinerarios académicos diferenciados pola lingua vehicular do ensino, e cuxo elemento central é a liberdade de escolla dos pais. Así, prodúcese unha separación do alumnado por cuestións lingüísticas. Aínda que de forma parcial este modelo se ten aplicado nas Baleares e na Comunidade Valencíá, o caso senlleiro é o vasco, onde existen até tres itinerarios: Modelo A (co castelán como vehicular e o éuscaro só na materia propia), o Modelo B (ambas linguas vehiculares) e o Modelo D (éuscaro como lingua vehicular e castelán só na materia propia)<sup>1</sup>.
- O modelo de **conxunción lingüística ou de bilingüismo total** baséase na imposibilidade de elección do ensino nunha das linguas oficiais, sendo a Administración Pública quen decide o peso das diferentes linguas no ensino e imposibilitando a segregación do alumnado por cuestións lingüísticas. Este é o caso galego e o catalán. Argelaguet (1998:299) advirte que este modelo presenta varias dificultades de cara á implementación: os requisitos de nivel lingüístico do persoal docente, a lingua de emprego escolar fóra da docencia e a elección de mecanismos de liberdade de escolla da lingua docente na primeira etapa de ensino sen que se

<sup>1</sup> No éuscaro non existe a letra /c/.

produza unha separación do alumnado por cuestións lingüísticas. En definitiva, este modelo de conxunción lingüística descansa normalmente nunha importante cota de poder decisorio das autoridades públicas, ao establecer uns mínimos para cada lingua, mais tamén deixa a porta aberta a unha marxe de apreciación e de deseño do itinerario individual de cada centro. Isto provoca, segundo o autor, un agravio dado que «se tiende a primar el *statu quo* (es decir, continuar con la enseñanza del español) si desde la Administración Autonómica no se desarrolla una intensa campaña ara avanzar en la «normalización lingüística».

A continuación, Argelaguet (1998:300-301) expón dous grupos de variables que explican a adopción dun modelo ou outro por parte dunha Comunidade Autónoma, mais tamén o marco normativo xeral que recolle a política lingüística en cada territorio. Por un lado, existe un grupo de variables sociolingüísticas capaces de determinar dita adopción, como pode ser a valorización social da lingua, o tamaño da comunidade lingüística, a distancia lingüística entre a lingua propia e o castelán ou o nivel de competencia lingüística da poboación. O segundo grupo de variables baséase nun factor político. Exemplos deste grupo poden ser: a existencia de partidos políticos nacionalistas e o seu tamaño/éxito, a relevancia de partidos políticos unicamente favorables ao castelán e a propensión do goberno autonómico de realizar políticas lingüísticas en favor da lingua propia.

Argelaguet (1998:313-314) identifica tres ámbitos polos cales decorre a elaboración da política lingüística na educación:

- A **area parlamentar** é o espazo onde os partidos políticos acordan as leis de normalización lingüística que rexerán o modelo lingüístico, seguindo os seus intereses e ideoloxías. Neste espazo tódolos actores se centran en buscar o consenso político.
- A **area governamental-administrativa** é o espazo onde a Administración Pública adapta o marco legal adoptado previamente e leva a cabo a súa implementación, podendo ter unha maior marxe de manobra cun modelo de conxunción lingüística no que, en canto existan uns mínimos de ensino para as dúas lingas, o goberno pode darlle máis peso a unha ou outra ou modificar o propio modelo lingüístico.
- A **area de implementación** configúrase cando se aplican as decisións previamente tomadas. Esta area tórnase importante no modelo de conxunción lingüística xa que o profesorado (segundo a súa formación ou intereses) ten capacidade para influír nos resultados finais, en relación aos obxectivos fixados inicialmente. Por outro lado, a marxe de manobra do centro, derivada do proxecto lingüístico do centro, permite a influencia dos pais no deseño e aplicación final do modelo e, por tanto, no proceso de normalización lingüística.

Finalmente, a modo de conclusións, Argelaguet (1999:315-316) retoma a exposición dunha serie de vantaxes e inconvenientes sobre o modelo de conxunción lingüística. Primeiramente, este autor defende que o modelo facilita a integración das dúas comunidades lingüísticas existentes, tendendo a conformar só unha comunidade bilingüe e que, de haber vontade política, derivará cara unha certa hexemonía da lingua propia do territorio e reducirá a conflictividade entre ambas comunidades. Canto ás desvantaxes do modelo, Argelaguet explica que seguirá existindo unha potencial conflictividade a respecto dos requisitos lingüísticos para o profesorado ou á implementación do dereito á escolla nos primeiros graos do ensino sen separar ao alumnado por cuestións lingüísticas. Para concluír, este autor sinala

que o modelo de conxunción lingüística verá reducida a súa conflictividade e será de máis fácil aplicación naqueles territorios onde a lingua que debe ser normalizada continúa a ser a lingua maioritaria na sociedade.

# 3 ANÁLISE DOS MODELOS LINGÜÍSTICOS DO ENSINO NON UNIVERSITARIO GALEGO

## 3.1 Regras institucionais: marco normativo superior

Antes de estudar de perto cada un dos modelos lingüísticos aplicados no ensino primario e secundario galego desde o establecemento da Autonomía galega, cabe afondar naquelas normas con rango superior aos decretos que se estudarán máis adiante.

O rango superior das seguintes normas, seguindo o ordenamento xurídico español, resulta chave para entender baixo que perspectivas e límites xurídicos se desenvolven non só os sucesivos decretos, senón tamén a política autonómica levada a cabo polos distintos gobernos de Galicia neste período. Por outra banda, e como se indicou no marco teórico, este conxunto de normas incluso terá consecuencias no propio proceso de deseño dos diferentes modelos lingüísticos, desde os contidos concretos ata os actores involucrados e as interaccións entre eles.

A norma que se atopa na cúspide de dito ordenamento xurídico español é a Constitución de 1978. Este texto, tal e como recolle no artigo 2, “recoñece e garante o **dereito á autonomía** das nacionalidades e rexións que a integran”. Así, xa respecto das linguas propias alleas ao castelán dos diferentes territorios que compoñen o Estado español, o artigo 3 no segundo apartado especifica que “as demais linguas españolas **serán tamén oficiais** nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos”, e no apartado terceiro expón que “a riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será **obxecto de especial respecto e protección**”.

A segunda norma na que se enmarcan tódolos decretos que se estudarán máis adiante é o Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981. Neste texto fundamental para o desenvolvemento das competencias do noso territorio, a cuestión da lingua galega aparece no artigo 5:

- No primeiro apartado establece que «a **lingua propia** de Galicia é o galego».
- O segundo apartado expón que «os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o **dereito de coñecelos e usalos**».
- O terceiro apartado indica que «os **poderes públicos de Galicia garantirán** o uso normal e oficial dos dous idiomas e **potenciarán o emprego do galego** en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e **dispoñerán os medios necesarios** para facilitar o seu coñecemento».
- Finalmente, o cuarto apartado fixa que «**ninguén poderá ser discriminado** por razón de lingua».

Por outra banda, o Estatuto de Autonomía tamén recolle no Título II (“*Das competencias en Galicia*”) diferentes eidos de intervención directa da Xunta de Galicia que gardan relación directa co obxecto de investigación deste traballo. Así, no apartado 20 do artigo 27 indícase que a Comunidade Autónoma galega ten competencia exclusiva da “**promoción e ensino** da lingua galega”.

O último artigo do Estatuto de Autonomía que garda interese con este traballo é o 31, o cal establece que “é da **competencia plena** da Comunidade Autónoma galega o **regulamento**

**e administración do ensino** en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o apartado primeiro do artigo 81 daquela, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía”.

Continuando con este apartado no que se expón o marco normativo superior que rexe as normas que se estudarán a continuación, é necesario facer unha breve exposición sobre as leis orgánicas de educación que se teñen aplicado desde 1978 ata a actualidade (oito, en total). No caso dos modelos lingüísticos dos territorios con lingua propia, as sucesivas leis de educación sempre se fixo referencia ao castelán como lingua vehicular.

Por exemplo, a Lei Orgánica 8/2013 (coñecida como LOMCE) engade na disposición adicional trixésimo oitava que *“las Administraciones educativas garantizarán el derecho de los alumnos y alumnas a recibir las enseñanzas en castellano, lengua oficial del Estado, y en las demás lenguas cooficiales en sus respectivos territorios. El castellano es lengua vehicular de la enseñanza en todo el Estado y las lenguas cooficiales lo son también en las respectivas Comunidades Autónomas, de acuerdo con sus Estatutos y normativa aplicable”*. A continuación, esta mesma norma expón que *“la Administración educativa deberá garantizar una oferta docente sostenida con fondos públicos en la que el castellano sea utilizado como lengua vehicular en una proporción razonable”*.

Coa entrada en vigor da nova lei, a Lei Orgánica 3/2020 de Educación, suprímese calquera referencia ao castelán como lingua vehicular, pasando a exercer só influencia na fixación parcial dos contidos das materias, do currículo. Esta reflexión pode observarse no propio preámbulo desta norma, que expón que *“en lo que hace a la distribución de las competencias en materia de educación, la LOMCE rompió con el equilibrio establecido por las leyes anteriores, que venía atribuyendo a la Administración central un 55 % de las competencias curriculares en el caso de las Comunidades Autónomas con lengua cooficial, y un 65 % en el resto. De hecho, la nueva distribución competencial limitaba la capacidad de decisión de las Comunidades Autónomas en la regulación de las materias, las metodologías, las evaluaciones de diagnóstico para la mejora educativa, la ordenación de las enseñanzas, así como en materia de promoción y titulación”*.

A continuación, pódese facer referencia nesta mesma lei ao apartado cuarto do artigo 6, que indica que *“las enseñanzas mínimas requerirán el 50 por ciento de los horarios escolares para las Comunidades Autónomas que tengan lengua cooficial y el 60 por ciento para aquellas que no la tengan”*.

Toda esta aparente marxe de actuación outorgada ás comunidades autónomas na fixación dos modelos lingüísticos no ensino non universitario pode atoparse con diferentes atrancos. Neste sentido, poden atoparse exemplos recentes da intervención de distintos órganos xudiciais. Un destes casos é o catalán, onde o Tribunal Superior de Xustiza de Catalunya e, posteriormente, o Tribunal Supremo determinaron que o modelo de inmersión lingüística implementado nalgúns centros educativos (cunha presenza do castelán menor ao 25%) non se axustaba ao establecido na Constitución.

Por último, existen dous documentos, sen rango de lei, aos que España se adheriu e cuxo contido debe respectar:

- Por unha banda, a **Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias** é un texto ratificado polos Estados membros do Consello de Europa en 1992. O obxectivo principal é a protección e promoción das linguas subordinadas naqueles territorios onde coexisten dous ou máis idiomas. Para conseguir iso, o documento expón multitude de medidas (que atinxen a varios sectores da sociedade), a cuxa materialización se comprometen os Estados asinantes. No campo da educación, por exemplo, establécese a introdución da lingua minorizada en todos os niveis do ensino (infantil, primaria, secundaria, bacharelato, universitario...), o desenvolvemento de programas de formación do profesorado ou a necesaria participación das comunidade lingüística minorizada no deseño das políticas lingüísticas-educativas.
- O segundo documento de interese é a **Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos** de 1996, en cuxa sección dedicada á educación sinala, por exemplo, o dereito de cada comunidade lingüística a escoller a posición da súa lingua no sistema educativo (en todos os niveis) e o dereito destas mesmas comunidades de adquirir plenas competencias na súa lingua a través do ensino.

### 3.1.1 A Lei de Normalización Lingüística como guía das políticas lingüísticas en Galicia

Merece unha mención especial, dentro do marco normativo presentado anteriormente, é a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística. Esta norma supuxo un fito histórico para Galicia no que atinxe á introdución dos dereitos lingüísticos da cidadanía galega e á normalización do uso da nosa lingua, pretendendo modificar o *status* a través da súa introdución en diversos ámbitos da vida social onde, ata entón, se vira excluída. Nese momento existía un enorme consenso social e político en Galicia sobre a necesaria entrada en vigor dunha norma que rachaba coa discriminación histórica da lingua galega. Este consenso manifestouse tamén no Parlamento, onde o texto legal recibiu o apoio unánime de todos os grupos políticos (salvo os tres deputados do BNPG-PSG que foran expulsados anteriormente por non acataren a Constitución<sup>2</sup>).

Dentro desta norma (que contén seis Títulos e unha disposición adicional) abórdanse os dereitos lingüísticos (tamén os dos galegos no exterior), o uso oficial do galego na Administración, no ensino, nos medios de comunicación e o papel da Administración como ferramenta normalizadora.

Así, no que respecta aos **dereitos lingüísticos**, pódense destacar para este traballo:

- O artigo 1 expón que “o galego é a **lingua propia** de Galicia. Tódolos galegos teñen o deber de coñecelo e o dereito de usalo”. Cabe indicar que a parte sobre o «deber de coñecer o galego» foi declarada inconstitucional, ante o recurso presentado polo entón Presidente do Goberno Felipe González, polo Tribunal Constitucional na Sentenza 84/1986<sup>3</sup>.
- Por outra banda, o artigo 2 define que «os **poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal** do galego e do castelán, linguas oficiais da Comunidade Autónoma», mentres que o artigo especifica que “os poderes públicos de Galicia adoptarán as

<sup>2</sup> Véxase a noticia publicada o 24 de novembro de 1982 por El País: [https://elpais.com/diario/1982/11/25/espana/407026816\\_850215.html](https://elpais.com/diario/1982/11/25/espana/407026816_850215.html)

<sup>3</sup> Véxase a Sentenza 84/1986, do 26 de xuño. Recuperada de: <https://www.boe.es/boe/dias/1986/07/04/pdfs/T00032-00034.pdf>

medidas oportunas para que **ninguén sexa discriminado por razón de lingua**. Os cidadáns poderán dirixirse ós xuíces e tribunais para obter a protección xudicial do dereito a empregar a súa lingua.

Finalmente, en canto á posición do galego no ensino non universitario, a Lei de Normalización Lingüística establece:

- «O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en tódolos niveis educativos» (art.12.1, LNL).
- «A Xunta de Galicia regulamentará a normalización do uso das linguas oficiais no ensino, de acordo coas disposicións da presente Lei» (art.12.2, LNL).
- «Os nenos teñen dereito a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna. O Goberno Galego arbitrará as medidas necesarias para facer efectivo este dereito» (art.13.1, LNL).
- «As Autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino» (art.13.2, LNL).
- «Os alumnos non poderán ser separados en centros diferentes por razón da lingua. Tamén se evitará, a non ser que con carácter excepcional as necesidades pedagóxicas así o aconsellaren, a separación en aulas diferentes» (art.13.3, LNL).
- «A lingua galega é materia de estudo obrigatorio en tódolos niveis educativos non universitarios. Garantirase o uso efectivo deste dereito en tódolos centros públicos e privados» (art.14.1, LNL).
- «O Goberno Galego regulará as circunstancias excepcionais en que un alumno pode ser dispensado do estudo obrigatorio da lingua galega. Ningún alumno poderá ser dispensado desta obriga se tiver cursado sen interrupción os seus estudos en Galicia» (art.14.2, LNL).
- «As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ó remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán» (art.14.3, LNL).
- «Os profesores e os alumnos no nivel universitario teñen o dereito a empregar, oralmente e por escrito, a lingua oficial da súa preferencia» (art.15.1, LNL).
- «As autoridades educativas adoptarán as medidas oportunas a fin de que a lingua non constitúa obstáculo para facer efectivo o dereito que teñen os alumnos a recibir coñecementos» (art.15.3, LNL).
- «Nos cursos especiais de educación de adultos e nos cursos de ensino especializado nos que se ensina a disciplina de lingua, é preceptivo o ensino do galego. Nos centros de ensino especializado dependentes da Xunta de Galicia estableceuse o ensino da lingua galega nos casos en que o seu estudo non teña carácter obrigatorio» (art.16.1, LNL).
- «Nos centros de educación especial para alumnos con deficiencias físicas ou mentais para a aprendizaxe, empregarase como lingua instrumental aquela que, tendo en conta as circunstancias familiares e sociais de cada alumno, mellor contribúa ó seu desenvolvemento» (art.16.2, LNL).

Este conxunto de artigos, como se verá máis adiante na análise de cada un dos decretos, guiará o deseño dos diferentes modelos lingüísticos-educativos.

## 3.2 Actores

Aplicando a definición de «actor» coa que se traballa nesta investigación, tanto nas súas características como na súa capacidade explicativa da política pública final, a continuación identifícanse aqueles que trataron de ocupar un espazo (con maior ou menor éxito) no proceso de deseño e implementación dos modelos lingüísticos no ensino non universitario de Galicia.

Tal e como se exporá nas conclusións, a política lingüística é un ámbito onde conflúen un número de actores moi elevado, posto que realizan a súa actividade nunha grande variedade de sectores da vida social nos que a política lingüística intervén. No caso concreto dos modelos lingüísticos no ensino ocorre o mesmo, sendo posible identificar moitos máis actores (especialmente, representantes de intereses especiais ou xerais). Polo tanto, a citación que se levará a cabo a continuación seguirá un criterio baseado no volume de actividade realizada en torno ao proceso desta política pública, así como no grao de recoñecemento social destes actores:

**Táboa 5: Actores presentes no proceso de deseño e implementación dos modelos lingüísticos-educativos**

<b>Actores públicos/institucionais</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e Dirección Xeral de Política Lingüística)</li><li>• Goberno de España</li></ul>
<b>Actores políticos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Partido Popular de Galicia (PPdeG)</li><li>• Partido Popular (estatal)</li><li>• Partido Socialista de Galicia (PSdeG)</li><li>• Bloque Nacionalista Galego (BNG)</li></ul>
<b>Actores representantes de intereses especiais</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Educación privada (como lobby)</li><li>• CIG-Ensino (a partir do 2007)</li><li>• Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG)</li></ul>
<b>Actores representantes de intereses xerais</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Galicia Bilingüe (a partir do 2007)</li><li>• A Mesa pola Normalización Lingüística</li></ul>
<b>Actores expertos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Real Academia Galega (no Decreto 79/2010)</li></ul>

Fonte: Elaboración propia.

Un último aspecto sobre os actores que se recolleu no marco teórico é o relativo ás modalidades de interacción. Non obstante, resultará máis acaído desenvolver as consideracións sobre este asunto dentro da análise de cada un dos decretos estudados.

## 3.3 Regras institucionais: A percepción dos actores sobre o marco normativo

Como se expuxo no marco teórico, unha das variables explicativas do contido final da política pública é o conxunto de regras institucionais, as cales fixan o reparto das competencias e dos recursos no proceso da política. Neste caso concreto, a norma que recolle menos consenso é a Lei de Normalización Lingüística. Actores como A Mesa, a AS-PG ou o BNG manifestan a necesidade de actualizala, posto que as premisas das que parte e as avaliacións que realiza sobre a situación do galego difiren coas da actualidade.

Como exemplo, na entrevista realizada a Mercedes Queixas, a deputada do BNG explica:

«O contexto actual é diferente. Válenos o marco legal? Pois honestamente creo que tampouco. Non podemos seguir funcionando cunha Lei de Normalización Lingüística que vai cumprir agora 40 anos. É que hai contextos de uso comunicativos hoxe que non están nesa lei, esa lei xa non nos vale. Vale porque non foi desenvolvida na súa totalidade, pero non nos vale porque hai un mundo, unha radiografía da sociedade actual que non está aí, non está».

Outra crítica á Lei de Normalización Lingüística é a relativa á imposibilidade de cumprir co que alí se establece pola contradición entre os dereitos establecidos na norma. Neste sentido, Anxo M. Lorenzo defendía na entrevista para este traballo:

«A LNL incorre nun plantexamento bastante complicado de cumprir, é dicir, en teoría é moi bonito pero na práctica é moi difícil. Que é que por unha banda se respecte a lingua materna e ao mesmo tempo que non se pode segregar en aulas diferentes por razón de lingua, co cal esa regulación que xa vén por lei na LNL no ámbito educativo supuxo un problema moi serio porque intentouse conxugar dous aspectos que despois na práctica son contraditorios. Evidentemente, se respectas a lingua materna do alumnado e non o podes separar por lingua materna tes un problema enorme de como conxugar esas dúas situacións».

Incluindo estas dúas visións, é preciso concluír que o conxunto dos actores non centran as súas reflexións na necesidade imperiosa de mudar dita lei, senón de aproveitala ao máximo (como se explicará máis tarde polo miúdo). O mesmo acontece coa percepción de cada un dos actores sobre o resto das normas que conforman o marco normativo superior aos decretos que se estudan a continuación. Por este motivo, as variables independentes que si se analizarán de perto nos apartados de cada modelo lingüístico para o ensino serán os actores e os recursos.

### **3.4 Modelo lingüístico-educativo establecido no Decreto 247/1995**

A partir da entrada en vigor da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística ábrese un período de translación de todos aqueles dereitos consagrados na citada norma, con especial énfase na presenza da lingua galega no sistema educativo non universitario galego. Deste xeito, durante eses anos vanse establecendo diversos itinerarios educativos cos que se poidan atallar os obxectivos fixados no 1983. Estas primeiras achegas constitúen «protomodelos» lingüísticos que se irían desenvolvendo co tempo. Dous exemplos disto son: o Decreto 426/1991, do 12 de decembro, polo que se “estabelece o currículo da educación infantil en Galicia”; e a Orde do 17 de agosto de 1992 pola que “se regula a implantación da educación primaria e se ditan instrucións en materia de organización escolar para os centros que impartan o devandito nivel educativo”.

Non obstante, o acto administrativo que artella de maneira xeral e completa o posterior modelo lingüístico do ensino primario e secundario de Galicia é o Decreto 247/1995.

Este documento, publicado no DOG o 15 de setembro de 1995, ten por obxectivo principal desenvolver a Lei 3/1983 de Normalización Lingüística e aplicala no ensino non universitario. Así, o modelo lingüístico-educativo que establecía este decreto ao longo do conxunto de artigos que o compoñen pode resumirse en:

- Na **educación infantil e no primeiro ciclo da educación primaria** a lingua empregada polo profesorado sería a lingua materna predominante entre o alumnado, tendo en conta a lingua ambiental e asegurando que os alumnos adquiren o mesmo nivel de competencias na outra lingua non empregada.
- No **segundo e terceiro ciclo da educación primaria** impartiríanse en lingua galega, polo menos, dúas áreas de coñecemento, sendo unha delas a de coñecemento natural, social e cultural.

- Na **Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)** impartiríanse en galego a área de materias de ciencias sociais (xeografía e historia) e a de ciencias naturais, ademais das materias de ciencias medioambientais e de saúde (optativas do centro).
- No **primeiro curso de Bacharelato** daríase en galego Filosofía (materia común) e outras materias específicas de cada modalidade como Tecnoloxía Industrial, Bioloxía e Xeoloxía, Historia do Mundo Contemporáneo e Debuxo Técnico.
- No **segundo curso de Bacharelato** empregaríase o galego para impartir Historia (materia común) e algunhas das materias específicas de cada modalidade (antes citadas). Tamén se impartirán en galego outras materias optativas do centro.
- Na **Formación Profesional** de grao medio (ciclos formativos) e superior impartiríanse en galego as áreas teórico-prácticas para a mellor integración socio-laboral.

Para rematar, cabe salientar outras achegas do Decreto 247/1995:

- O artigo 7, recollendo o disposto no artigo 13.3 da LNL, especifica que o **alumnado non podería ser separado** en centros ou aulas distintas por cuestións lingüísticas.
- Os materiais pedagóxicos empregados nas materias en galego deberían ter **calidade científica e pedagóxica**.
- O **proxecto educativo do centro** (aprobado polo claustro e o consello escolar) determinaríase a lingua a empregar no resto de materias, coidando sempre o equilibrio entre as dúas linguas oficiais.
- Para facer efectivo o dereito educación, o profesorado podería **tomar as medidas oportunas** para que o alumnado con baixa competencia en lingua galega puidese seguir as aulas.
- A Administración educativa galega e os centros de ensino deberían **empregar o galego e fomentar o seu uso** nas relacións internas e externas.
- A Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, sería o órgano competente para organizar  **cursos de galego para o persoal docente e non docente** da Administración educativa, co fin de que acaden un grao de dominio da lingua galega que facilite un uso correcto dela dentro do ámbito académico.
- A **inspección educativa** velará polo cumprimento do establecido no presente decreto. Para isto, os centros educativos remitirán á inspección educativa os horarios, áreas e materias impartidas en lingua galega, así como a relación dos materiais curriculares empregados nestas materias.

### 3.4.1 Definición do problema público

Como xa se comentou no marco teórico, a primeira etapa na análise das políticas públicas é o estudo da propia definición do problema público. Nese momento ábrese unha area na que os distintos actores buscan impoñer a súa definición do problema, co fin de que se deseñe posteriormente unha modalidade de intervención do seu gusto. Polo tanto, antes de

estabelecer a definición final do problema público é necesario abordar as distintas definicións do resto de actores implicados no proceso de concepción deste modelo lingüístico para o ensino non universitario. Ademais, tamén é preciso definir os obxectivos de cada actor, así como as hipóteses causais e os grupos-obxectivo que establecen. Todo isto queda recollido na Táboa 6:

**Táboa 6: Definición do problema, hipótese causal, grupos-obxectivo e obxectivos dos actores no modelo lingüístico-educativo do Decreto 247/1995**

Actor	Definición do problema	Hipótese causal	Grupo-obxectivo	Obxectivos dos actores
PPdeG	A normativa existente en materia de ordenación educativa non asegura a consecución dos obxectivos fixados na Lei de Normalización Lingüística.	O emprego do galego no ensino non universitario non está debidamente regulado.	Estudantes do ensino non universitario de Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Evitar a conflictividade lingüística.</li> <li>• Dominar o plano teórico da política lingüística galega.</li> <li>• Ocupar un papel de centralidade política e de consenso.</li> <li>• Lexitimar o seu discurso galeguista sen atacar ao castelán (bilingüismo harmónico).</li> </ul>
PSdeG	A normativa existente en materia de ordenación educativa non asegura a consecución dos obxectivos fixados na Lei de Normalización Lingüística.	O emprego do galego no ensino non universitario non está debidamente regulado.	Estudantes do ensino non universitario de Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ocupar un rol de filtro que lles permitise lexitimar un discurso de moderador entre as distintas posicións.</li> </ul>
BNG	O galego non é unha lingua normalizada e non se está a protexer en ningún ámbito social, tampouco no ensino.	Non existe vontade política coa que elaborar unha política lingüística que facilite o camiño cara a normalización do galego.	Estudantes do ensino non universitario de Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolver un modelo lingüístico-educativo que poña ao galego en pé de igualdade ao castelán.</li> <li>• Dominar o plano teórico da política lingüística galega.</li> </ul>
A Mesa pola Normalización Lingüística	O galego non está en pé de igualdade co castelán, non se produce a normalización lingüística do galego.	A normativa vixente en materia de ordenación do ensino non provoca a igualdade das linguas.	Estudantes do ensino non universitario de Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apoiar un novo modelo lingüístico para o ensino no universitario que garanta unha maior presenza do galego (non menor a un terzo das materias).</li> <li>• Ser un actor relevante na concepción do novo modelo lingüístico, influindo no seu deseño.</li> </ul>
AS-PG	O galego non está en pé de igualdade co castelán, non se produce a normalización lingüística do galego.	A normativa vixente en materia de ordenación do ensino non provoca a igualdade das linguas, tendo unha enorme eiva nas propias ferramentas de implementación en galego.	Estudantes do ensino non universitario de Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apoiar un novo modelo lingüístico para o ensino no universitario que garanta unha maior presenza do galego (non menor a un terzo das materias).</li> <li>• Ser un actor relevante na concepción do novo modelo lingüístico, influindo no seu deseño.</li> </ul>


Actor	Definición do problema	Hipótese causal	Grupo-obxectivo	Obxectivos dos actores
Educación privada	Aumentar o ensino en galego supón grandes custos para os centros.	Se se aumenta a presenza do galego no itinerario educativo, sería necesario investir máis recursos no profesorado e no material pedagóxico.	Xunta de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Manter a normativa educativa vixente.</li> <li>• Recibir maior financiamento público.</li> </ul>

Fonte: Elaboración propia.

### 3.4.1.1 Roles dos actores e recursos mobilizados

Unha vez expostas as propostas de definición de cada actor, é preciso explicar graficamente as posicións de cada actor dentro da *policy network* e os recursos que mobilizan. Para comezar, o rol dos actores queda fixado na Figura 5.

Figura 5: Roles ocupados polos actores involucrados no modelo lingüístico do Decreto 247/1995



Fonte: Elaboración propia.

### 3.4.1.2 Definición final do problema público

Unha vez expostas as posicións de cada actor e os recursos que mobilizan, na Táboa 7 formúlase a definición final do problema público, que enmarcará toda a intervención da Xunta de Galicia como administración pública competente. Un punto de información importante ao respecto é o propio preámbulo do Decreto 124/2007, se ben se complementa con información das entrevistas realizadas e do material consultado:

**Táboa 7: Definición final do problema público para o modelo lingüístico-educativo do Decreto 247/1995**

Actor	Definición do problema	Hipótese causal	Hipótese de intervención	Grupo-obxectivo	Obxectivos
Xunta de Galicia	A normativa existente en materia de ordenación educativa non asegura a consecución dos obxectivos fixados na Lei de Normalización Lingüística.	O emprego do galego no ensino non universitario non está debidamente regulado.	O ensino é un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos que aseguren a normalización do galego.	Estudantes do ensino non universitario de Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicar ao ensino os preceptos fixados na Lei de Normalización Lingüística coa fin de que o alumnado teña as mesmas competencias nas dúas linguas oficiais.</li> <li>• Producir a política lingüística de Galicia.</li> </ul>

Fonte: Elaboración propia.

### 3.4.2 Deseño-Programación

Tal e como se explicou no marco teórico, esta etapa ten dous produtos: o **Programa de acción político-administrativo (PPA)** e o **Acordo Político-Administrativo (APA)**, o cal se integra no propio PPA.

Volvendo sobre a definición dada por Subirats e outros (2008:150), «un PPA define en términos jurídicos el mandato político que los legisladores formulan para tratar de solventar o afrontar un problema público»; e o Acordo Político-Administrativo (APA) fixa o conxunto de actores públicos (e para-estatais) que están ao cargo da implementación, relacionando «los postulados de la política y su aplicación concreta en un lugar determinado» (Subirats e outros, 2008:168).

Primeiramente, o PPA está conformado polo marco normativo, o cal foi xa analizado, con especial fincapé na Lei de Normalización Lingüística e no Decreto 247/1995.

Reflexionando sobre os elementos constitutivos do PPA, fixados no marco teórico, cabe destacar primeiramente que a política pública parte dunha modalidade de intervención de provisión dun servizo (o ensino), fixando o modelo lingüístico que se aplicará no ensino non universitario. Isto, que se sitúa dentro dos elementos operativos, conxúgase á vez cunha intervención reguladora pola propia fixación dos itinerarios escolares. A propia fixación do itinerario dentro da dinámica do ensino denota aqueles elementos procedimentais polos que se fixa a interacción da Administración Pública e os grupos-obxectivo (alumnos que cursan estudos non universitarios).

Tamén no PPA se produce unha asignación dos recursos a aqueles actores con competencias para a implementación. Primeiramente, o marco normativo define claramente que lle corresponde o deseño do modelo lingüístico á Xunta de Galicia (estabelecido, neste caso, no Estatuto de Autonomía e nas leis educativas), e á súa vez, a Xunta define como actores encargados da implementación deste modelo lingüístico aos centros de ensino, e concretamente ao profesorado (APA). Todo isto enmarcado nunha asignación anual de recursos desde a Xunta de Galicia e o Estado cara os centros educativos.

O elemento constitutivo do PPA que aquí recibe máis atención é o relativo aos obxectivos. Un dos problemas principais no caso dos modelos lingüísticos de Galicia (e que se repetirá nos seguintes en ser analizados) é o da fixación duns obxectivos con pouca concreción e sen indicadores de medición emparellados.

En relación a isto, débese sumar unha valoración máis sobre a Lei de Normalización Lingüística. Na entrevista realizada para este traballo, Pilar García Negro defendía:

«A LNL ten unha virtualidade legal moi escasa, porque o uso de verbos do tipo “fomentar, promover, potenciar”, non implican obrigas que comprometan aos poderes públicos. Unha lei, para ser efectiva, ha de ser prescriptiva ao máximo. E unha lei que atenda a unha materia sensíbel como é a normalización lingüística ha de ser procesual e ha de incluír mecanismos de autoavaliación e de corrección. Isto é, hai outro tipo de lexislacións que poden xogar a unha prescripción concreta e en virtude dela establecer o que é esa ortodoxe legal e o que é por contra o incumprimento».

Ás propias deficiencias da Lei 3/1983 ao respecto da fixación de obxectivos, súmaselle o mesmo problema no caso do Decreto 247/1995. Xa no seu preámbulo se fala de «xeneralizar o uso do galego» ou de «garantir que ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán». En liña coa vaguidade nos obxectivos, non se inclúe ningunha relación de indicadores que puidese servir para corroborar se se atinxiron os obxectivos.

Outra cuestión sobre a que se afondou na análise desta segunda etapa do ciclo das políticas públicas foi o grao de participación externa no seu deseño. En relación a isto, e como se seguirá comentando no estudo dos seguintes modelos, o contido final adoptado xorde de forma endóxena, é dicir, integramente da Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Dirección Xeral de Política Lingüística). Isto denota, por un lado, o fracaso por parte do resto de actores á hora de mobilizar recursos cos que lograr influír no deseño final. Por outro lado, algo que se repetirá posteriormente, o deseño dos modelos lingüísticos-educativos é unha acción que responde totalmente a cuestións ideolóxicas fortemente estabelecidas dentro dos actores, os cales, unha vez no goberno, plasman integramente a súa definición do problema e a proposta que manteñen, sen deixar espazo a outras propostas que modifiquen substancialmente as súas.

Non obstante, como particularidade, no caso concreto deste primeiro modelo lingüístico-educativo si que existiu certa vontade por parte da Xunta de Galicia de concentrar as diferentes sensibilidades.

Sobre isto, a propia Pilar García Negro explicaba (incluíndo a outros actores como A Mesa e a AS-PG):

« En canto ao da Xunta, si e non. Por parte da oficialidade institucional galega autonómica nunca se admitiu poñer en cuestión nin a Constitución nin o Estatuto. [...] Do punto de vista dalgúns representantes, pois a interlocución por exemplo cun Conselleiro de Educación como Celso Currás, ou cun Director de Política Lingüística, por mor desta presión continuada resultaron máis doadas. Eran uns tempos onde aínda a denominada autonomía, ou como eu denominei en tantas ocasións “autoanemia galega”, tiña pola parte oficial que alidarse como tal. Por outra banda, esta presión era constante, de maneira que esa era a tensión en que se vivía».

Ademais de atoparse nese momento nunha fase de construción da autonomía galega, esta semi-apertura do proceso de deseño débese tamén á estratexia, anteriormente comentada, do PPdeG de conformar a «maioría natural», ofrecéndose como un proxecto de consenso e que ademais tiña a capacidade, gobernando a Xunta de Galicia, de cederlle o terreo teórico da política lingüística aos actores máis puxantes, á vez que tiña a capacidade de asegurar unha fraca implementación do modelo lingüístico no ensino non universitario.

Como recapitulación deste apartado, obsérvase no PPA un programa-marco (con pouca concreción nos obxectivos), cun contido principalmente substantivo e centralizado en canto o número de actores públicos implicados, e cunha apertura aos demais actores moi reducida.

### 3.4.3 Implementación


Nesta terceira fase concéntranse todos aqueles procedementos que se levan a cabo para aplicar o disposto nas normas á realidade coa fin de producir un cambio de comportamento no grupo-obxectivo sinalado. Dito isto, débese expoñer que este traballo centrouse na análise da situación do profesorado, actor encargado da implementación do modelo lingüístico-educativo.

Estudando de perto a súa situación, cabe destacar que dentro dos plans de formación para o profesorado que se elaboran anualmente desde a Xunta de Galicia fóronse introducindo paulatinamente contidos relacionados coa sociolingüística e coa formación en lingua galega. A finalidade era mellorar as competencias na nosa lingua do profesorado, co fin de facilitar a aplicación correcta do modelo lingüístico.

Neste sentido, o *Informe sobre o estado e a situación do sistema educativo en Galicia* (Xunta de Galicia, 2006:605) evoca datos publicados pola Consellería de Educación e a Dirección Xeral de Política Lingüística en 1998, que afirman que o 97,1% do profesorado de infantil afirmaba ter competencias en galego, fronte ao 2,9% que non. No caso do profesorado de primaria, este manifestaba nun 97,25% que si posuía as competencias, polo 2,75% que non.

Tamén canto á competencia lingüística en galego do profesorado, o informe *Datos e cifras da ensinanza non universitaria en Galicia* (Consello da Cultura Galega, 2002:165) manifesta os datos expresados no gráfico 2.

Gráfico 2: Competencia lingüística en galego do profesorado no 2002



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos recollidos en *Datos e cifras da ensinanza non universitaria en Galicia* (Consello da Cultura Galega, 2002:165).

Para rematar este apartado de implementación, é necesaria unha breve reflexión sobre os materiais pedagóxicos como ferramenta de implementación. Durante os cursos académicos nos que se aplicou o modelo lingüístico recollido no Decreto 247/1995, existiron eivas

importantes á hora de poder empregar materiais en galego nas materias que se impartían nesta lingua, posto que a súa existencia era escasa.

Non obstante, en referencia a esta cuestión, Pilar Negro explicou:

«Todo ten que ver coa falta de vontade política na aplicación, e coa utilización dunha coartada perversa, que era a falta de formación do profesorado, a falta de libros de textos, ou noutros casos inclusive a falta de consenso social. Por que denomino isto a coartada perversa? Porque non houbo nunca pola parte oficial un intento serio de aplicación, de executar a sociopedagogía convinte e de dar por sentado un principio fundamental, que o galego onde ten que existir e ser lingua completa, oral, escrita, audíbel e visíbel é na propia Galiza, e o ensino xoga un papel fundamental».


### 3.4.4 Avaliación

Esta última etapa do ciclo das políticas públicas, retomando a definición exposta no marco teórico, «se trata de identificar si los grupos-objetivo seleccionados modificaron efectivamente su conducta (¿qué impactos?), y si gracias a ello la situación de los beneficiarios finales, que en un principio se consideró problemática, mejoró realmente (¿qué outcomes?)» (Subirats e outros, 2008:207).

Non obstante, e como xa se dixo anteriormente, o principal problema que presenta o deseño deste modelo lingüístico-educativo é que parte dun marco normativo no que os obxectivos manteñen un alto grao de abstracción e non se estipula ningún indicador que sirva para avaliar os efectos. Isto é, se ben se forza aos centro educativos a realizar un informe onde se recolla o número de materias impartidas en galego, non se leva a cabo desde a Xunta de Galicia unha tarefa avaliativa constante nin transversal.

Un dous poucos estudos avaliativos que se fixo por parte da Xunta de Galicia foi o *Estudio sobre o uso do idioma galego. Enquisa realizada ós centros de ensino de Galicia (1998)*, sendo recollidos no gráfico 3 os datos sobre o cumprimento da normativa de impartición en galego das aulas.

**Gráfico 3: Cumprimento da normativa de impartición de aulas en galego**



Fonte: Elaboración propia a partir do *Estudio sobre o uso do idioma galego. Enquisa realizada ós centros de ensino de Galicia (1998)*.

Para rematar a análise deste modelo lingüístico-educativo, cómpre recoller o defendido por Anxo M. Lorenzo na entrevista:

«En todo caso apostouse por un modelo propio xa no ano 1995, nin era un modelo inmersivo nin tampouco de separación de linguas como o vasco, e por tanto foi un modelo que serviu para botar a andar».

### 3.5 Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega

Aínda que o que se pretende estudar neste traballo son os diferentes modelos lingüísticos que se teñen aplicado no ensino non universitario de Galicia, no ano 2004 ocorre un novo fito na historia do proceso de normalización da lingua galega. Ese ano, o último de Manuel Fraga na presidencia da Xunta de Galicia, o Parlamento aproba por unanimidade o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG), un extenso documento promovido pola Dirección Xeral de Política Lingüística no que se expoñen as fortalezas e debilidades do galego nunha grande variedade de ámbitos da vida social, ao tempo que se definen medidas concretas coas que provocar a mellora da situación sociolingüística da nosa fala. Un ano máis tarde, xa co Goberno bipartito, este plan sería presentado.

Se xa de por si o propio contido e orientación do PXNLG o converte nun documento senlleiro na historia da lingua galega, outro factor sumamente importante para consideralo como tal é a enorme e variada participación que recibe o seu proceso de elaboración. Así, traballan conxuntamente os diferentes partidos políticos, asociacións sindicais e pedagóxicas, sociolingüistas destacados, e unha enorme variedade de representantes e especialistas dos diversos sectores sociais.

Para facerse unha idea da transversalidade do plan, resulta de interese nomear as distintas comisións sectoriais que se conforman na elaboración deste documento e que permitirán definir medidas concretas en tódolos eidos. Así, a Comisión 1ª é a da Administración; a 2ª é a de Educación, Familia e Mocidade; a 3ª concentra os Medios de Comunicación e Industrias Culturais; a 4ª é a de Economía; a Comisión 5ª é a de Sanidade, a 6ª de Sociedade, cunha Subcomisión A (Servizos Sociais, Crenzas Relixiosas e Inmigración) e unha Subcomisión B (Asociacionismo, Deporte, Lecer e Turismo); e a 7ª é da Proxección Exterior da Lingua.

Neste punto, e para entender mellor os seguintes decretos sobre os modelos lingüísticos, resulta de interese expoñer aqueles contidos do PXNLG que garden relación co obxecto de estudo deste traballo.

Neste sentido, o primeiro punto de interese aparece no prólogo, redactado polo entón presidente da Xunta de Galicia Emilio Pérez Touriño, quen defende:

«A Lei de Normalización Lingüística, aprobada por unanimidade no ano 1983 [...] é o marco legal de referencia para a política lingüística en Galicia. Esta lei, porén, carecía do acompañamento dun programa de accións relacionadas e orientado a facer realidade os seus preceptos. Esta é, precisamente, a función do Plan xeral de normalización da lingua galega, a cuxa aplicación dedicará o Goberno que presido os esforzos e os medios necesarios».

Máis adiante, o mesmo Touriño indica que «o consenso e o diálogo foron os impulsores do plan, reflectindo o desexo amplamente maioritario dos galegos e das galegas de desenvolver a recuperación do galego dende a colaboración, o entendemento e a ausencia de conflitos» (PXNLG, 2004:9).

Así, este plan comeza realizando unha extensa análise da situación sociolingüística do galego, das fortalezas e debilidades e das estratexias a seguir. No eido do ensino, o PXNLG expón unha enorme cantidade de debilidades do galego, polo que aquí se expoñerán aquelas que garden máis relación co que se está a estudar.

Primeiramente, o PXNLG (2004:79) evoca unha «competencia non equiparable en galego e en castelán». Afondando na mala situación do galego no ámbito educativo, o PXNLG (2004:80) explica que «a comunidade educativa non ten información suficiente sobre o tratamento das linguas na escola, porque a Administración non se preocupou nunca de explicar de maneira clara e didáctica os obxectivos da lexislación lingüística, nin de propoñer itinerarios que servisen de modelo para diferentes realidades».

Por outra banda, ponse de manifesto a existencia dalgúns centros (sobre todo do sector privado) que non cumpren cos mínimos establecidos polo Decreto 247/1995. Un dos ámbitos nos que se focalizan esta serie de enunciados é no profesorado, eido no que, por exemplo, se destaca que «a formación do profesorado, concretada sobre todo nos cursos de iniciación, perfeccionamento e especialidade, foi sufrindo un progresivo desgaste, ata converterse nun trámite sen incidencia na práctica».

Entre os últimos enunciados que se poden destacar, atópanse os que fan referencia á falta de material didáctico en galego, á persistencia de prexuízos lingüísticos na comunidade educativa ou ao deficiente emprego por parte dos centros educativos do Equipo de Normalización Lingüística, cuxo potencial non estaba sendo alcanzado.

A partir desa análise, o PXNLG desenvolve unha serie de obxectivos entre os que se atopan: a mellora da formación do profesorado en cuestión lingüística, o uso maioritario do galego en todas as etapas da docencia, a adquisición dunha competencia plena en galego e o aumento de materiais didácticos dispoñibles en galego.

Finalmente, para acadar estes obxectivos desenvólvense ata 46 medidas concretas, entre as que se poden destacar para este traballo:

- Desenvolver un plan de formación que garanta que todo o persoal escolar de Galicia teña unha competencia oral e escrita suficiente para comunicarse e para desenvolver a súa actividade profesional en galego.
- Esixir a todos os centros, sen excepción, o cumprimento da normativa vixente sobre normalización lingüística, adoptando medidas correctoras no caso de incumprimento.
- Realizar periodicamente (cada 4 anos) unha avaliación do estado da galeguización no ensino, con especial atención á competencia nas dúas linguas oficiais ao remate da educación primaria e da ESO.
- Na educación primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego, fomentando que se impartan nesta lingua materias troncais como as matemáticas, ademais das propias da área de coñecemento do medio natural e social xa fixadas legalmente.

Neste punto, é necesario reflexionar de novo sobre a unicidade deste plan, tanto pola participación de membros de todos os sectores sociais e políticos como pola extensa e enriquecedora análise da situación sociolingüística do galego naquel momento. O PXNLG conseguiu un consenso máximo sobre a estratexia que debía seguir a sociedade galega para a normalización da nosa lingua, chegando a fixar medidas cun grao de concreción nunca antes visto.

Para concluír, refírense as palabras de Anxo M. Lorenzo na entrevista mantida:

«Eu creo que foi un plan de gran avance, aprobar ese plan no 2004, tal como estaba a situación política en Galicia naquela altura, que era moi conflitiva, con moitísimo debate de todo tipo, pasara o Prestige, a guerra...fora unha época de moita convulsión e aprobar aquel plan foi unha gran noticia, tendo en conta isto que estou dicindo, era un plan que á hora de poñer en marcha seguramente ía dar algúns pequenos problemas de implementación».

### 3.6 Modelo lingüístico-educativo establecido no Decreto 124/2007

Pasando xa a análise do modelo lingüístico-educativo proposto no Decreto 124/2007, do 28 de xuño, cabe sinalar que o obxectivo máximo deste documento é regular o uso e a promoción do galego no sistema educativo, «desenvolvendo a Lei de Normalización Lingüística para a súa aplicación en todos os centros docentes públicos e privados» (art.1). Por outra banda, o seu contido concreto vén a aplicar as medidas sinaladas para o ámbito educativo no PXNLG.

Así, a través dos seus 21 artigos defínese un modelo lingüístico-educativo no que cómpre salientar as seguintes directrices:

- Na **Educación Infantil**, emprego da lingua predominante no alumnado mais, sobre todo en ámbitos castelanfalantes -o emprego da lingua galega sería, como mínimo, igual ao do castelán-. Neste nivel educativo procúrase o obxectivo de que o galego sexa a lingua base da aprendizaxe.
- No resto de niveis (**Educación Primaria, ESO, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de persoas adultas**) garántese un 50%, mínimo, da docencia en galego.
- Impartición obrigatoria en galego das **materias troncais** das áreas de matemáticas, ciencias sociais, naturais e culturais. Garántese que nos ciclos formativos o alumnado coñeza o vocabulario específico en galego.
- Uso do galego nos **materiais pedagóxicos**, promovendo desde a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral de Política Lingüística a elaboración e publicación dos mesmos.
- Compromiso da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Dirección Xeral de Política Lingüística de desenvolver un **plan de formación do persoal docente** -de execución gradual, fixándose prazos e etapas- para garantir a total competencia oral e escrita en galego e o coñecemento dos aspectos sociolingüísticos do idioma.
- Elaboración por parte de cada centro do seu **proxecto lingüístico**, no cal se establecen as linguas a empregar nas materias restantes, a lingua predominante no contorno e as demais medidas necesarias para o fomento da lingua galega no resto de actividades. Este proxecto lingüístico sería aprobado polo Consello Escolar de cada centro e avaliado pola Administración educativa, contrastando os resultados obtidos cos obxectivos da LNL e tomando as medidas oportunas.
- Constitución de **Equipos de normalización e dinamización lingüística**, órganos formados polo profesorado, alumando e persoal non docente de cada centro e que tería como obxectivo potenciar o uso do galego. Este equipo de normalización e dinamización tería un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de normalización lingüística, asegurando aos centros a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego.

- En termos de **avaliación**, este modelo establece que a inspección educativa valore o **cumprimento** da normativa sobre normalización lingüística vixente en cada centro, que os centros elaboren **plans de avaliación** en función dos obxectivos de uso do galego e que o **Goberno galego** avalíe anualmente os resultados da aplicación deste decreto, adoptando medidas que permitisen achegarse ao estipulado na Carta Europa das Linguas Rexionais ou Minoritarias.

### 3.6.1 Definición do problema público

Antes de expoñer a definición final do problema público, é necesario abordar as distintas definicións do resto de actores implicados no proceso de concepción deste modelo lingüístico para o ensino non universitario. Ademais, tamén é preciso definir os obxectivos de cada actor, así como as hipóteses causais e os grupos-obxectivos que establecen. Todo isto queda recollido na Táboa 8.

**Táboa 8: Definición do problema, hipótese causal, grupos-obxectivo e obxectivos dos actores no modelo lingüístico-educativo do Decreto 124/2007**

Actor	Definición do problema	Hipótese causal	Grupo-obxectivo	Obxectivos dos actores
BNG	Falta de igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas.	O modelo lingüístico-educativo é insuficiente para a adquisición de competencias en lingua galega, é unha entidade desgaleguizadora.	Estudantes do ensino non universitario de Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicar o PXML no ensino non universitario</li> <li>• Dominar o plano teórico da política lingüística galega.</li> </ul>
PSdeG	O galego perde falantes, sobre todo nas primeiras idades.	O modelo lingüístico-educativo é insuficiente para a adquisición de competencias en lingua galega.	Estudantes do ensino non universitario de Galicia.	Aplicar o PXML no ensino non universitario.
PPdeG	O Decreto 124/2007, que pretende camiñar cara o monolingüismo en galego, non conta co consenso social.	O Goberno galego pretende deseñar un modelo lingüístico-educativo sen atender aos desexos da sociedade galega.	Xunta de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Evitar un modelo de inmersión lingüística para Galicia.</li> <li>• Aumentar a liberdade de escolla lingüística dos pais.</li> <li>• Ocupar un papel de centralidade política e de consenso.</li> <li>• Dominar o plano teórico da política lingüística galega.</li> <li>• Facer oposición ao Goberno da Xunta de Galicia.</li> </ul>
PP estatal	O Decreto 124/2007, que pretende camiñar cara o monolingüismo en galego, non conta co consenso social.	O Goberno galego pretende deseñar un modelo lingüístico-educativo sen atender aos desexos da sociedade galega.	Xunta de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Evitar un modelo de inmersión lingüística para Galicia.</li> <li>• Aumentar a liberdade de escolla lingüística dos pais.</li> </ul>


				<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ocupar un papel de centralidade política e de consenso. Facer oposición ao Goberno da Xunta de Galicia.</li> </ul>
A Mesa pola Normalización Lingüística	O galego non está en pé de igualdade co castelán, non se produce a normalización lingüística do galego.	Non hai vontade política de facer cumprir o modelo lingüístico vixente, o cal non é suficiente.	Estudantes do ensino non universitario de Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apoiar un novo modelo lingüístico para o ensino no universitario que garanta unha maior presenza do galego (50% vehicularidade).</li> <li>• Ser un actor relevante na concepción do novo modelo lingüístico, influíndo no seu deseño.</li> </ul>
AS-PG	O modelo lingüístico vixente é un modelo de mínimos que non produce a normalización do galego.	As deficientes ferramentas de implementación do modelo vixente producen desigualdade entre as dúas linguas.	Estudantes do ensino non universitario de Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apoiar un novo modelo lingüístico para o ensino no universitario que garanta unha maior presenza do galego (50% vehicularidade).</li> <li>• Ser un actor relevante na concepción do novo modelo lingüístico, influíndo no seu deseño.</li> </ul>
CIG-Ensino	O modelo lingüístico vixente é un modelo de mínimos que non produce a normalización do galego.	No modelo lingüístico vixente, o profesorado non posúe a formación necesaria en materia sociolingüística.	Xunta de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Influir na concepción do novo modelo lingüístico, principalmente en materia de formación do profesorado.</li> </ul>
Educación privada	Aumentar o ensino en galego supón grandes custos para os centros.	Se se aumenta a presenza do galego no itinerario educativo, sería necesario investir máis recursos no profesorado.	Xunta de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Manter a normativa educativa vixente.</li> <li>• Recibir investimento público.</li> </ul>
Galicia Bilingüe	O Decreto 124/2007 provoca unha imposición lingüística do galego, pondo en risco a situación o castelán.	O modelo lingüístico que se pretende implantar no ensino non universitario galego atenta contra a liberdade individual.	Xunta de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Impedir o novo modelo lingüístico.</li> <li>• Conseguir apoio político.</li> </ul>

Fonte: Elaboración propia

### 3.6.1.1 Roles dos actores e recursos mobilizados

Tendo en conta as definicións do problema que defende cada autor, pódese a continuación identificar que roles mantén cada un durante o proceso da política pública, quedando isto recollido na Ilustración 6.

**Figura 6: Roles ocupados polos actores involucrados no modelo lingüístico do Decreto 124/2007**



Fonte. Elaboración propia.

Como xa se explicou, un dos factores explicativos do contido da política pública é a cantidade de recursos que un actor é capaz de mobilizar durante as diferentes fases do proceso. Así, a continuación, emparéllase a cada actor cos recursos mobilizados, á vez que se amplía a explicación dos distintos roles que ocupa cada un:

- O **PSdeG** e o **BNG**, como promotores do modelo lingüístico para o ensino non universitario, partiron do apoio político e o consenso social que lles outorgaba o feito de formar un goberno de coalición na Xunta de Galicia, buscando á vez diferentes apoios sociais para desenvolver unha nova política lingüística. Ademais da lexitimidade por ocupar o Goberno, ambos actores mobilizaron recursos xurídicos, cognitivos (para a elaboración da proposta), humanos e organizativos.
- Os **aliados** (A Mesa, AS-PG e CIG-Ensino) mobilizaron, sobre todo, recursos cognitivos cos que poder influír no deseño, mantendo negociacións cos promotores e directores do modelo lingüístico-educativo. Por outra banda, tamén foron quen de mobilizar recursos humanos e de organización.

- A **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria** e a **Dirección Xeral de Política Lingüística**, dentro do goberno de coalición PSdeG-BNG, concentraron na súa acción recursos xurídicos propios dos organismos públicos (lexitimando a súa intervención), financeiros, humanos, organizativos, cognitivos e patrimoniais (centros de ensino).
- Os **opositores** (PPdeG<sup>4</sup>, PP estatal, Educación privada e Galicia Bilingüe) mobilizan, cunha grande repercusión mediática, o recurso da forza, de novo entendido como a realización de manifestacións e concentracións contra o modelo lingüístico-educativo. Ademais, tamén mobilizan recursos xurídicos, cognitivos e organizativos.
- Finalmente, o **Goberno de España**, exercendo de porteiro, mantíña a capacidade de influír no proceso da política mobilizando recursos xurídicos, humanos, patrimoniais e cognitivos<sup>5</sup>.

### 3.6.1.2 Definición final do problema público

Unha vez expostas as posicións de cada actor e os recursos que mobilizan, na táboa 9 fórmulase a definición final do problema público, que enmarcará toda a intervención da Xunta de Galicia como administración pública competente. Un punto de información importante ao respecto é o propio preámbulo do Decreto 124/2007, se ben se complementa con información das entrevistas realizadas e do material consultado.

---

<sup>4</sup> Nun primeiro momento, o Partido Popular apoiou o Decreto 124/2007 posto que o seu contido derivaba directamente do redactado no PXNLG que eles apoiaran, mais este acordo decidiu rompelo no último momento. Véxase a noticia publicada o 29 de xullo de 2007 no Faro de Vigo: [https://www.lavozdegalicia.es/noticia/galicia/2007/06/29/pp-rompe-consenso-historico-rechazar-decreto-gallego/0003\\_5940821.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/galicia/2007/06/29/pp-rompe-consenso-historico-rechazar-decreto-gallego/0003_5940821.htm). Na entrevista realizada a Marisol López, Directora Xeral de Política Lingüística entre 2005 e 2009, esta comentou: «O PP estaba de acordo e unha parlamentaria, Manuela Besteiro, saíu na prensa dicindo que grazas a eles o PXNL se facía Decreto onde se apoiaba o uso do galego...eu recordo á conselleira que estaba moi contenta porque conseguiran a unanimidade dos grupos parlamentarios despois de traballo entre eles. Cando había problemas co PP, o que facían era transcribir partes do PXNL ás que non podían dicir que non porque tamén o apoiaran. Pero alguén lle dixo á Conselleira que paciencia, con coidado...e ao día seguinte o PP rompeu o acordo. O Decreto saíu da parte da Consellería, entendo que negociándoo co BNG primeiro, e logo foi ao Parlamento e os tres grupos chegaron a ese consenso, pero o PP hoxe di que si e mañá di que non».

<sup>5</sup> Tal e como se observa, neste modelo lingüístico ninguén ocupa o rol de mediador, o que acaba producindo unha feroz confrontación de propostas e un debate político que se instala na axenda pública e que será empregado polo PPdeG nas eleccións autonómicas de 2009, nas que recupera a maioría absoluta. Esta confrontación directa por parte do PPdeG exemplifícase na presenza de varios membros destacados do partido (entre eles o actual presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda) nunha manifestación organizada por Galicia Bilingüe. Ao respecto, véxase a noticia publicada o 8 de febreiro de 2009 en El País: [https://elpais.com/diario/2009/02/09/galicia/1234178288\\_850215.html](https://elpais.com/diario/2009/02/09/galicia/1234178288_850215.html)

**Táboa 9: Definición final do problema público para o modelo lingüístico do Decreto 124/2007**

Actor	Definición do problema	Hipótese causal	Hipótese de intervención	Grupo-obxectivo	Obxectivos
Xunta de Galicia <sup>6</sup>	A lingua galega, en retroceso social, carece de igualdade plena e efectiva co castelán.	O modelo lingüístico-educativo é insuficiente para a adquisición de competencias en lingua galega.	O ensino é un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego.	Mocidade galega que cursa estudos de ensino non universitario.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicar o PXNL no ensino non universitario.</li> <li>• Elaboración unha nova normativa que produza a obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio.</li> <li>• Aumentar o espazo do galego na sociedade.</li> </ul>

Fonte: Elaboración propia.

### 3.6.2 Decisión-Programación

Unha vez que se define o problema público, as súas causas, a hipótese de intervención e os grupos-obxectivo aos que se lle debe modificar o comportamento, ábrese un proceso no que se decide o contido substantivo da política en cuestión. É dicir, valóranse as diferentes propostas e adóptase unha delas. Ábrese, polo tanto, un proceso de negociación no que os diferentes actores intentan influír no contido final da política.

Neste sentido, e tal como se explicou na análise do anterior modelo lingüístico, o proceso de negociación continúa a ser bastante pechado. Se ben os actores directores da política recollen as distintas inquedanzas, mantendo principalmente contacto cos actores aliados, o deseño do modelo lingüístico parte desde o interior destes órganos directores. Marisol López, Directora Xeral de Política Lingüística entre 2005 e 2009, explicaba isto na entrevista realizada:

«No plano técnico, o Decreto sae directamente de Educación polo que é este órgano quen o pacta, tamén co PP. O PP estaba de acordo [...] e ao día seguinte o PP rompeu o acordo. O Decreto saíu da parte da Consellería, entendo que negociándoo co BNG primeiro, e logo foi ao Parlamento e os tres grupos chegaron a ese consenso, pero o PP hoxe di que si e mañá di que non. [...]. Eu creo que se traballou fundamentalmente polos asesores e a xente da Consellería, puideron pedir consello puntual».

Pola súa banda, Carlos Callón, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística (actor aliado) si que aumentou o grao de apertura do proceso de deseño, explicando o seguinte na entrevista:

«Nós convocamos mobilizacións, era un elemento central das nosas mobilizacións nacionais polo Día das Letras Galegas, cada vez ían sumando máis persoas. E despois claro, intentar negociar co Goberno. [...]. Nós o que fixemos tamén desde A Mesa foi, xunto coas forzas normalizadoras, pois impulsar ese debate e negociación».

<sup>6</sup> Na entrevista realizada á Directora Xeral de Política Lingüística entre o 2005 e 2009, Marisol López Martínez, preguntóuselle sobre posibles diferenzas no seo do Goberno galego entre os dous partidos que o conformaban. Nese punto aclarou: «podo entender que probablemente o BNG quera ir algo máis alá. Pero xa che digo que por aí non houbo dificultades porque se tomou como modelo o PXNL, no que participou moita xente relacionada co BNG. Podíase discutir sobre algunha cuestión concreta pero en xeral estabamos de acordo».

directamente co Goberno, un debate e unhas negociacións discretas, sabendo que ás veces tes que dar un paso atrás para logo dar un paso adiante...».

Seguindo coa participación da Mesa no proceso de deseño, Carlos Callón defendeu:

«Aí somos o motor, polas mobilizacións e solicitude continua de entrevistas e encontros co propio equipo da Consellería de Educación, co departamento de Política Lingüística, enviando solicitudes ao departamento de Presidencia e Vicepresidencia do Goberno galego. Entón, é un papel de impulsora desa mudanza. Por parte da Consellería de Educación, do PSOE, houbo receptividade. Onde non houbo receptividade foi por parte da Presidencia do Goberno galego do PSOE, quero dicir que tamén non é só dividir entre partidos, senón que dentro dos partidos tamén hai diferentes sensibilidades, e a postura do Presidente Emilio Pérez Touriño, como el mesmo evidenciou, pois non foi de apoio ás medidas no seu propio Goberno. [...]. Era curioso ver como era a parte do Goberno doutros departamentos os que defendían o Decreto e non os propios afectados e sobre todo o Presidente. Iso foi un erro como o tempo demostrou».

Unha vez máis, móstrase un proceso de deseño do modelo lingüístico-educativo moi pechado para os actores externos dos propios órganos directores. En termos de receptividade, esta parece máis habitual nos partidos que exercen o rol de promotores (confeccionando así a súa proposta). Pola contra, os actores públicos que exercen de directores mostran máis reticencias a recibir aos actores exteriores.

Unha última cuestión sobre a que reflexionar nesta segunda etapa é a relativa aos obxectivos. Unha vez máis, estes posúen un alto grao de vaguidade e non se establecen indicadores cos que avaliar o seu cumprimento, podendo ser considerado un programa-marco. Por exemplo, no preámbulo do Decreto 124/2007 reflexiónase sobre a necesidade de «reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos» ou «facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz».

### 3.6.3 Implementación

En termos de implementación do modelo lingüístico no ensino non universitario, o primeiro que cabe destacar é o aumento dos contidos sobre sociolingüística e a lingua galega nos plans de formación anuais do profesorado. Para aplicar este modelo correctamente, partiuse da premisa de que a formación do profesorado en lingua galega era fundamental para atinxir os obxectivos. Acompañando aos plans de formación, desde a Dirección Xeral de Política Lingüística organizáronse xornadas para a formación dos docentes.

O seguinte aspecto relevante á hora da implementación deste modelo lingüístico é o «proxecto lingüístico do centro». Debido á súa natureza, o proxecto lingüístico do centro produce unha certa marxe de aplicación do modelo, posto que cada centro educativo pode decidir a lingua a empregar nas materias non troncais (tendendo sempre a un equilibrio do 50%). Aínda que se afondará máis neste asunto durante a análise do Decreto 79/2010, Mercedes Queixas comenta na entrevista:

«A ver, eu creo que pola pouca experiencia, polo pouco osíxeno que se lle deu, era altamente esperanzador, sinceramente o creo. [...]Aí había unha raíz que estaba prendendo. No pouco tempo que tivo para facer sementeira estaba prendendo. Eu recordo, por exemplo, coas dobres liñas de galego en infantil<sup>7</sup>, aquilo de curso para curso

<sup>7</sup> En torno a estas dobres liñas do galego, Mercedes Queixas explicou na entrevista:

«Tiña outro paso de avance tamén en infantil, que era a posibilidade de abrir esas segundas liñas de galego, onde se o centro quería e se comprometía, as familias querían, ti podías facer unha liña en infantil que fose case, case, de inmersión lingüística. É dicir, onde a lingua hiperpredominante, falamos de infantil polo tanto xa sabemos o que son as horas de docencia, non son as materias como en primaria ou secundaria, pero que esa lingua de apego fose maioritariamente o galego. Por que? Para reforzar

aumentaban as solicitudes, porque a xente dábase conta que era a única maneira. Teño estado en reunións coas familias e dicíanme “pero van aprender castelán?”, e dicía, “pero o castelán non o traen aprendido xa da casa? O que van é aprender galego”. Entón iso empezou a instalarse e de curso para curso cada vez máis profesorado comprometido, máis familias comprometidas, equipos de orientación...é dicir, todo o mundo se comprometía, pero por que? Porque había un aval e un respaldo tamén desde a propia Consellería, porque había persoas ás que se nos podía preguntar as cousas e porque había xornadas de formación. E porque fixemos incluso materiais de formación e planificación lingüística para este tipo de contextos educativos».

Un último aspecto ao que se debe facer referencia é á introdución dos Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística, os cales desde un traballo transversal puideron facilitar a consecución dos obxectivos. Se ben as súas capacidades dependían do orzamento co que contasen, a acción destes equipos (formados polo profesorado do centro representantes do alumnado e persoal non docente) centrouse na realización de actividades transversais coas que achegar o galego á mocidade. Tal e como se recolle no artigo 18.4 do Decreto 124/2007, «os equipos de normalización e dinamización lingüística deberán ter un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de normalización lingüística nos centros educativos, tal e como se prevé no Plan xeral de normalización da lingua galega».

### 3.6.4 Avaliación

En termos de avaliación, ao igual que aconteceu no período de aplicación no ensino non universitario do anterior modelo lingüístico, as labores avaliativas levadas a cabo polos actores promotores do modelo foron inexistentes (aínda que se estipulaba a elaboración anual dun informe avaliativo sobre o cumprimento dos preceptos do decreto, co fin de que « poida achegarse gradualmente á plena aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias». Unha cuestión central que imposibilita realizar correctamente calquera avaliación sobre os seus efectos é o curto período no o decreto estivo vixente (3 cursos académicos)<sup>8</sup>.

Dito isto, pódense presentar neste momento algúns datos de interese, como os ofrecidos pola *Enquisa de condicións de vida das familias* (IGE, 2008), cuxa información se recolle no gráfico 4, e que permite observar un notable incremento da presenza do galego nas aulas en comparación ao ano 2003, sendo o galego lingua maioritaria habitual de docencia. Outro aspecto que se observa é a menor presenza da nosa fala a partir dos 17 anos, cando o alumnado xa entra no sistema universitario e a ensinanza muda en termos de modelo lingüístico.

Para rematar esta análise do modelo lingüístico-educativo exposto no Decreto 124/2007 resulta interesante engadir as seguintes verbas de Carlos Callón na entrevista que se lle realizou:

«Máis grave foi que non se puxesen os resortes para que ese decreto non se cumprise, non? Estou falando de campañas de sensibilización, formación do profesorado, de cursos de reciclaxe para o profesorado...non estou a falar de imposición, como ás veces nos caricaturizan, senón xustamente de dar os resortes posibles pra que...ou sexa, o mesmo que se fai noutras normas, o mesmo que se fai. Se queres que o profesorado teñan capacidades dixitais, competencias dixitais...pois fas todo un despregamento de actividades para garantir iso, non? Pois nun tema tan importante como o da lingua nin houbo campaña, nin houbo cursos de reciclaxe, nin houbo todo o que


---

aquelas crianzas que traían o galego da casa e dicir que o galego tamén é lingua de escola, e para ir incluíndo no galego, na comprensión e na execución do galego a aqueles que viñan da casa co castelán».

<sup>8</sup> Posteriormente ao apartado adicado á análise do Decreto 79/2010 ofreceranse diversos datos sobre a situación sociolingüística do galego e a súa presenza no ensino.

se podería facer...reunións co profesorado como en outros lugares, pois non o houbo. Entón, ao final encontrámonos cunha situación de confusión tamén por parte da sociedade».

**Gráfico 4: Persoas que estudan no sistema educativo galego segundo a lingua na que reciben as clases**



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de condicións de vida das familias (IGE, 2008).

### 3.7 Modelo lingüístico-educativo establecido no Decreto 79/2010

Ao igual que se fixo cos anteriores decretos, o primeiro paso é examinar o seu contido, determinando, así, o modelo lingüístico-educativo que fixa para o ensino non universitario de Galicia e que segue vixente na actualidade:

- Os **principios** desde os que parte (expostos no artigo 4) son: adquisición dunha **competencia lingüística igual** en galego e en castelán, **máximo equilibrio** posible nas horas e materias impartidas nas dúas linguas, coñecemento efectivo **dunha lingua estranxeira** (dentro dun marco de promoción do plurilingüismo), **participación das familias** nas decisións sobre o sistema educativo e **dinamización da lingua galega** nos centros de ensino.
- Para todos os niveis do ensino, a Administración educativa fomenta «a impartición de **materias en lingua(s) estranxeira(s)**, principalmente en inglés, co obxectivo de que, de maneira progresiva e voluntaria, os centros educativos poidan chegar a ofrecer ata un **máximo dun terzo do seu horario lectivo** semanal en lingua(s) estranxeira(s)» (art. 21.1)<sup>9</sup>. A Consellería «aprobará un plan de fomento das linguas estranxeiras no

<sup>9</sup> Ao respecto, Anxo M. Lorenzo, Secretario Xeral de Política Lingüística 2009-2012, comentou na entrevista realizada: «Nese sentido, o modelo do plurilingüismo porque se intenta ir a un ideal dun terzo,

que se determinarán as liñas de actuación, dirixidas ao profesorado, ao alumnado e aos centros» (art. 23).

- Emprego na **Educación Infantil** da **lingua predominante** entre o alumnado, a cal é determinado polo centro educativo de acordo co resultado dunha **pregunta que se efectuará aos pais** acerca da lingua materna do seu fillo.
- Na **Educación Primaria**, impartición en galego da materia de Coñecemento do medio natural, social e cultural, e en castelán a materia de Matemáticas. O idioma empregado no resto de materias será escollido polo centro educativo, garantindo a mesma porcentaxe de horas semanais nas dúas linguas oficiais e na lingua estranxeira.
- Na **ESO** e no **Bacharelato**, impartición en galego das materias de ciencias sociais, xeografía e historia, ciencias da natureza e bioloxía e xeoloxía, e en castelán as materias de matemáticas, tecnoloxías e física e química. Ao igual que na educación primaria, fixando para o resto un equilibrio na lingua empregada.
- Na **Formación Profesional**, cada centro educativo establece unha **“oferta equilibrada** de materias e módulos en galego e en castelán que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais” (art. 9.1), desenvolvendo paralelamente «as **habilidades de comunicación oral e escrita en lingua(s) estranxeira(s)**, de maneira progresiva e gradual, para facilitar o desempeño laboral no espazo europeo» (art.22).
- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asume o desenvolvemento dun **plan de fomento das linguas estranxeiras** (destinado a profesorado e alumnado), así como un **programa de actividades de fomento da lingua galega** en cada centro educativo.
- Os **materiais pedagóxicos** empregados deben estar na **lingua na que se imparte** a materia, fomentando desde a Consellería a elaboración e publicación dos materiais curriculares correspondentes.
- En canto á formación do profesorado, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asume o encargo de elaborar un **plan de formación** que garante que o persoal dos centros «teña unha competencia oral e escrita suficiente para comunicarse e para desenvolver a súa actividade profesional en galego e un coñecemento da situación sociolingüística de Galicia» (art.16)
- Os **Equipos de dinamización da lingua galega** (suprimindo a palabra «normalización» do seu nome) manteñen as súas características orgánicas e o rol asignados no anterior decreto, véndose a súa labor coordinada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para divulgar «as experiencias positivas desenvolvidas nos centros educativos» (art.15).
- O **proxecto lingüístico do centro** manterá as funcións e composición designadas no Decreto 124/2007, fixando a lingua de impartición das materias de libre escolla do centro, e engadindo, no caso da Educación Infantil, os resultados da pregunta feita aos pais sobre a lingua predominante entre o alumnado.
- En termos de **avaliación**, ademais da labor do corpo de inspectores, continúaase fixando a realización anual dunha valoración dos resultados da aplicación do decreto por parte da consellería, tendo este organismo a posibilidade desenvolver as medidas

---

porque aquí ao final do que falamos son as linguas das materias, polo tanto o reparto lingüístico das horas semanais do sistema educativo, entón aí o que se tendía era a intentar ir a ese terzo. O da lingua estranxeira, sabendo que era un proceso que había que construír pouco a pouco a través das seccións bilingües, dos centros plurilingües, era un proceso paulatino».

oportunas para que «poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino plurilingüe e á plena aplicación da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias».

### 3.7.1 Definición do problema público

Ao igual que se fixo cos anteriores modelos lingüísticos estudados, o primeiro paso é expoñer a definición do problema, hipótese causal, grupo-obxectivo e obxectivos de cada actor identificado (táboa 10).

**Táboa 10: Definición do problema, hipótese causal, grupos-obxectivo e obxectivos dos actores no modelo lingüístico-educativo do Decreto 79/2010**

Actor	Definición do problema	Hipótese causal	Grupo-obxectivo	Obxectivos dos actores
PPdeG	O modelo lingüístico-educativo actual non conta con ningún consenso social.	O modelo lingüístico-educativo recollido no Decreto 124/2007 pretendía camiñar cara un modelo de inmersión lingüística que non estaba aceptado polos galegos, os cales ademais demandan maior presenza de linguas estranxeiras no itinerario escolar.	Estudantes do ensino non universitario de Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Evitar un modelo de inmersión lingüística para Galicia.</li> <li>• Asociar o partido co consenso, a centralidade política e a liberdade de escolla lingüística dos pais.</li> <li>• Dominar o plano teórico da política lingüística galega.</li> </ul>
BNG	O modelo lingüístico non segue o establecido no PXNLG e supón un retroceso nos dereitos lingüísticos dos galegos, poñendo ademais en risco á lingua propia.	O modelo lingüístico-educativo do Decreto 79/2010 rompe co consenso social e político existente en torno ao establecido no PXNLG, e xorde polas presións de <i>lobbies</i> opoñentes ao galego.	Xunta de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Manter o modelo lingüístico-educativo recollido no Decreto 124/2007.</li> <li>• Dominar o plano teórico da política lingüística galega.</li> <li>• Facer oposición ao Goberno da Xunta de Galicia.</li> </ul>
PSdeG	O modelo lingüístico que pretende implantar o PPdeG supón agrava a situación da lingua galega.	O Decreto 79/2010 pretende rachar co establecido no PXNLG, ao tempo que igualar a docencia en galego (lingua propia) á docencia en lingua estranxeira.	Xunta de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Manter o modelo lingüístico-educativo recollido no Decreto 124/2007.</li> <li>• Facer oposición ao Goberno da Xunta de Galicia.</li> </ul>
A Mesa pola Normalización Lingüística	O modelo lingüístico-educativo que se pretende implementar supón a o primeiro retroceso legal para	O PPdeG non cumpre co acordado no PXNLG porque sucumbiu ás presións dos <i>lobbies</i> opostos ao galego e á propia sección do partido, a estatal, que se mostra	Xunta de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Conseguir un modelo lingüístico para o ensino non universitario que garanta unha maior presenza do galego (50% vehicularidade).</li> <li>• Ser un actor relevante na concepción do</li> </ul>

	o galego na etapa autonómica. <sup>10</sup>	en contra das políticas galeguistas.		novo modelo lingüístico, influíndo no seu deseño.
AS-PG	O modelo lingüístico que se pretende implementar relega a un segundo plano á lingua galega, creando un risco de apioramento da situación da lingua galega.	O novo modelo lingüístico para o ensino non universitario non atende ás necesidades do galego, dentro dun contexto deficiente en canto ás ferramentas de implementación.	Xunta de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Conseguir un modelo lingüístico para o ensino non universitario que garanta unha maior presenza do galego (50% vehicularidade).</li> <li>• Ser un actor relevante na concepción do novo modelo lingüístico, influíndo no seu deseño.</li> </ul>
CIG-Ensino	A Xunta de Galicia pretende deseñar un modelo lingüístico que impida a normalización da lingua galega, sendo unha involución sen precedentes neste proceso.	O Goberno do PPdeG da Xunta de Galicia non aplica a LNL e o PXNLG porque desprezan o pobo galego e a súa lingua <sup>11</sup> .	Xunta de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Conseguir un modelo lingüístico para o ensino non universitario que garanta unha maior presenza do galego (50% vehicularidade).</li> <li>• Influír na concepción do novo modelo lingüístico, con especial interese no campo do profesorado.</li> </ul>
Galicia Bilingüe	A proposta de modelo lingüístico-educativo que realiza a Xunta de Galicia mantén a imposición da lingua galega e a falta de liberdade de escolla dos pais.	A Goberno galego continúa preso da dialéctica sobre a normalización da lingua galega.	Xunta de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Impedir o novo modelo lingüístico.</li> <li>• Conseguir apoio político.</li> </ul>
Educación privada	A implementación do modelo lingüístico-educativo proposto pola Xunta de Galicia provoca demasiados custos e non atende á liberdade de escolla lingüística.	A política lingüística galega segue presa da dialéctica sobre a normalización da lingua galega.	Xunta de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Impedir o novo modelo lingüístico.</li> <li>• Recibir investimento público.</li> </ul>

<sup>10</sup> A Mesa pola Normalización Lingüística, a CIG-Ensino e Queremos Galego presentaron no 2012 un recurso contra o Decreto 79/2010 ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG). Este órgano estimou parcialmente o recurso e anulou os artigos 5.2 e 12.3 do texto. O primeiro sobre a consulta aos pais en educación infantil para establecer a lingua predominante na aula; o segundo sobre o dereito do alumnado ao uso das dúas linguas en función das súas preferencias, o que, segundo a sentenza, vai en contra da LNL. Véxase a noticia publicada o 23 de novembro de 2012 en La Voz de Galicia: [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2012/11/23/superior-anula-puntos-basicos-decreto-plurilinguismo/0003\\_201211G23P6991.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2012/11/23/superior-anula-puntos-basicos-decreto-plurilinguismo/0003_201211G23P6991.htm)

<sup>11</sup> Véxase a nota de prensa publicada por esta organización o 20 de maio de 2010: <https://www.cig-ensino.gal/nova/para-a-cig-ensino-a-aprobacion-do-decreto-de-plurilinguismo-no-consello-da-xunta-e-a-maior-proba-de-desprezo-ao-pobo-galego-e-a.html>


Real Academia Galega	O modelo lingüístico-educativo proposto vulnera os dereitos dos galegofalantes e perpetúa a situación de inferioridade da lingua galega <sup>12</sup> .	A Real Academia Galega é un órgano consultivo en materia de política lingüística, nomeadamente no deseño dos modelos lingüísticos para o ensino.	Xunta de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Impedir a aplicación do modelo lingüístico-educativo deseñado pola Xunta de Galicia.</li> <li>• Ocupar un lugar estratéxico no proceso de decisión das políticas lingüísticas.</li> </ul>
----------------------	---	--	------------------	--

Fonte: Elaboración propia.

### 3.7.1.1 Roles dos actores e recursos mobilizados

No proceso de deseño e implementación do modelo lingüístico-educativo desenvolvido no Decreto 79/2010, e vixente na actualidade, as posicións que ocuparon os actores foron as seguintes (figura 7).

**Figura 7: Roles ocupados polos actores involucrados no modelo lingüístico do Decreto 79/2010**



Fonte: Elaboración propia.

<sup>12</sup> A Real Academia Galega recorreu o Decreto 79/2010 ante o Tribunal Supremo argumentando, entre outros, a vulneración da Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias e a posición da propia RAG como órgano consultivo en materia de política lingüística. Ambos tribunais desestimaron o seu recurso. Véxase a noticia publicada o 26 de marzo de 2015 en El País: [https://elpais.com/ccaa/2015/03/26/galicia/1427406721\\_472994.html](https://elpais.com/ccaa/2015/03/26/galicia/1427406721_472994.html)

Dentro dun contexto político conflictivo, en torno a este asunto, os actores tomaron posicións e mobilizaron os seguintes recursos:

- O **Partido Popular de Galicia**, ao igual que os promotores dos anteriores modelos, mobilizou o apoio político e un consenso social sobre a política en cuestión que lle outorgase lexitimidade á súa proposta. Ao igual que acontecera co modelo lingüístico-educativo de 1995, o PPdeG pretendeu ocupar un espazo estratéxico no espazo político desenvolvendo unha política que volvía apelar aos sentimentos identitarios da sociedade galega, pretendendo dar unha visión de centralidade e equilibrio. Acompañando a estes dous recursos chave, o PPdeG tamén fixo uso do dereito, a información, o persoal e a organización.
- A **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria** e a **Dirección Xeral de Política Lingüística**, dentro do Goberno presidido por Feijóo, servía de extensión das posicións do PPdeG. Primeiramente, como organismos públicos, evocaron os recursos xurídicos que lle outorgaban un papel central pola asignación de competencias do marco normativo, sen deixar de lado a xustificación de que a proposta que facían recollía o consenso social e o apoio político. Por outra banda, estes organismos mobilizaron recursos financeiros, cognitivos (información), humanos, organizativos e patrimoniais (centros de ensino).
- Os **opositores** (BNG, A Mesa, AS-PG, CIG-Ensino, a RAG, GB e a Educación privada) defenderon o seu espazo dentro do proceso evocando tamén o apoio político e social existente para as súas propostas, complementando isto coa mobilización de recursos cognitivos, organizativos, xurídicos e humanos. Non obstante, aqueles actores que pretendían unha maior presenza do galego no ensino centráronse en mobilizar o recurso da forza (de novo a través de manifestacións e folgas). Este recurso non foi empregado polos actores que consideraban que o castelán debería ter máis presenza. Finalmente, a Real Academia Galega mobilizou fundamentalmente os recursos cognitivos (información), humanos e xurídicos (a través do recurso ao Tribunal Supremo xa comentada).
- Finalmente, canto aos actores porteiros, o **PP estatal** seguiu ao PPdeG na busca consenso e de apoio político, e mantivo un rol vixiante asegurando que a proposta do PPdeG non se desmarcase da súa concepción da política lingüística. Este actor tamén sería capaz de poñer en xogo recursos xurídicos, cognitivos e organizativos. Por outra banda, o **Goberno de España** tamén podería influír na política exercendo o seu veto tras mobilizar recursos xurídicos, humanos e cognitivos<sup>13</sup>.

### 3.7.1.2 Definición final do problema público

Con todo isto en conta, a táboa 11 recolle a propia definición final do problema público que guiou a intervención da Xunta de Galicia, a hipótese causal, a hipótese de intervención, os grupos-obxectivo e os obxectivos deste actor.

---

<sup>13</sup> Ao igual que aconteceu no modelo lingüístico-educativo anterior, ningún actor ocupou neste caso o rol de mediador, dando conta da confrontación directa de propostas sen ningún interese por ceder de ambas partes.

**Táboa 11: Definición final do problema público para o modelo lingüístico-educativo do Decreto 79/2010**

Actor	Definición do problema	Hipótese causal	Hipótese de intervención	Grupo-obxectivo	Obxectivos
Xunta de Galicia	O modelo lingüístico-educativo actual non conta ningún consenso social.	O modelo lingüístico-educativo recollido no Decreto 124/2007 pretendía camiñar cara un modelo de inmersión lingüística que non estaba pactado polos galegos, os cales ademais demandan maior presenza de linguas estranxeiras no itinerario escolar.	O ensino é un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos que aseguren o coñecemento das linguas cooficiais e das estranxeiras.	Estudantes do ensino non universitario de Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Diseñar un modelo lingüístico-educativo no que haxa un terzo de ensino en cada lingua.</li> <li>• Dirixir a produción de políticas lingüísticas.</li> </ul>

Fonte: Elaboración propia.

### 3.7.2 Decisión-Programación

A análise desta segunda etapa vaise centrar na participación dos actores externos no deseño do modelo lingüístico. Neste caso, a Xunta de Galicia pretendeu concentrar a participación nas familias, lanzando unha serie de enquisa durante o ano 2009 na que se preguntaba sobre a lingua inicial e habitual dos alumnos dos diferentes niveis educativos, así como a vontade dos pais en termos de lingua a empregar.

No propio preámbulo do Decreto 79/2010 explica:

«En xuño de 2009, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, realizou unha consulta ás familias do alumnado matriculado no sistema educativo non universitario, co obxectivo de coñecer directamente a súa opinión sobre distintos aspectos da utilización das linguas na educación de Galicia, opinión que foi tida en consideración para a elaboración deste novo marco normativo. A súa participación, moi especialmente na educación infantil e primaria, mostrou o interese e implicación das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo para os seus fillos e fillas. E os resultados, presentados en xullo de 2009 pola Administración educativa, puxeron de manifesto a necesidade de revisar o marco legal que regula as linguas como elementos vehiculares do ensino, advertiron da relevancia outorgada á aprendizaxe do inglés, ao lado das dúas linguas oficiais, e da aposta da sociedade galega por unha presenza equitativa das dúas linguas oficiais nun sistema educativo plurilingüe<sup>14</sup>».

<sup>14</sup> A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicou en 2009 un dossier de prensa titulado *Consulta ás familias sobre a utilización das linguas no ensino non universitario de Galicia*. Entre os datos mostrados, o documento reflicte unha participación total do 58,7% dos pais do alumnado, sendo maior en infantil e primaria. Unha das preguntas centrais da consulta é sobre a impartición de materias en inglés, cun amplo apoio afirmativo en todos os niveis educativos. *Dossier consultado en:* <http://www.nova-escola-galega.org/almacen/documentos/Resultados%20enquisa%20familias%20310709.pdf>

Anxo M. Lorenzo debullou o proceso de elaboración deste modelo lingüístico na entrevista:

«O decreto pasou por diferentes fases. Unha primeira fase que foi o borrador do decreto que presentamos en decembro do 2009, despois pasamos a un anteproxecto de decreto algo máis elaborado, e todo isto no contexto no que a oposición política estaba absolutamente en contra de tocarlle o decreto do 2007, de non querer moverse, unha postura moi inmovilista, e nós fixemos todo tipo de reunións, obviamente houbo moito posicionamento en contra de entidades que consideraban que o modelo do 2007, ese modelo que camiñaba cara a inmersión era unha modelo adecuado. Nós pensabamos que non, que había que buscar un modelo de maior consenso social [...]. Ti fíxate que cando empezamos a ver os temas claro, antes incluso de ter o primeiro borrador en decembro de 2009 había as dúas partes da balanza. A balanza que insistía nas bondades da inmersión lingüística, é dicir, de ter unha discriminación clara cara o galego, unha discriminación que por outra banda terían que implementar os propios centros educativos, co cal era unha balanza que terían que aplicar un profesorado...ou sexa, tampouco quedaba moi claro como esa balanza tiña que despois caer cara a parte de galego porque quedaría nas mans dos propios centros educativos.[...]. E despois na outra parte da balanza estaban as persoas e os colectivos que o que querían era máis presenza do castelán, máis presenza do castelán vía a liberdade de elección do alumnado por parte das familias, e incluso o que se nos plantexaba era un sistema como o vasco, de separación de linguas [...]. Nós consideramos que había que estar nun punto intermedio, que era asegurar unha presenza da lingua galega, asegurar unha parte de contidos en castelán, contidos en galego e castelán, e abrir a porta ao plurilingüismo, é dicir, non deixar ao plurilingüismo como algo propio de elites ou da xente acomodada.»

Pola súa banda, Mercedes Queixas respostou o seguinte ante a pregunta sobre a receptividade da Xunta de Galicia no proceso de deseño:

«Non houbo negociación, non houbo negociación. Foi unha actitude absolutamente ditatorial e antidemocrática, cousa que ninguén esperaba nel (en referencia a Anxo M. Lorenzo), porque era o axudante primeiro da Secretaria Xeral de Política Lingüística anterior. [...]. Todo o mundo estaba en contra. Foi unha decisión interna, do PP de Madrid. A ver, eles participaban nas manifestacións de Galicia Bilingüe, que co tempo quitou a careta e pasou a chamarse “Hablemos Español”. E para min, que o teño dito en debates, “vostedes seguen reos dese grupo minúsculo que foi quen os condicionou”. [...]. Só tiveron a favor ese pequeno grupo, absolutamente sectario de extrema dereita que ademais os obrigou aquí a implantar o pin parental».

Todos estes actores, que se situaban en contra do modelo lingüístico que se pretendía deseñar, comezaron a mobilizarse, facendo uso, sobre todo, de recursos de organización e de forza (manifestacións). É o caso, por exemplo, da Mesa pola Normalización Lingüística, cuxo entón presidente defendeu na entrevista:

«Nese momento realizamos mobilizacións, acumulo de forzas sociais, eh...iso, todos os sindicatos estudiantís en contra, as asociacións de nais e pais, excepto unha ligada coas escolas privadas, o resto desas asociacións de pais e nais de toda Galiza estaban en contra do “Decretazo” [...]. Pero en fin, A Mesa, presión na rúa, diálogo coa sociedade, coas institucións diversas, e tamén nós intentar co Goberno, a pesar de que con nós o Goberno efectivamente non escoitaba e de feito así foi, que aprobou o Decreto sen ningún tipo de diálogo. E tamén algo máis, que desde A Mesa sentámonos co Consello da Cultura Galega e coa Real Academia Galega pra que tivesen un papel activo nesta protesta, e conseguíuse cando menos que a RAG si tivese un papel importante, tanto en discursos de Xosé Ramón Barreiro reclamando de forma solemne ao Goberno que non debería continuar con ese decretazo contra o galego, iso é moi importante, como tamén no recurso que presentou a RAG contra este decreto e que lle hai que recoñecer<sup>15</sup>. No caso do Consello da Cultura Galego pode constatarase que non tiveron o mesmo nivel e que mesmo pasado o tempo, creo que podemos recoñecer que hai un nivel de domesticación importante por parte dalgunhas institucións culturais galegas fronte ao Goberno galego, non?».

Posto que segue vixente este modelo lingüístico, unha última cuestión de interese neste punto é a relativa ás posibles diferenzas actuais entre o BNG e PSdeG canto ás propostas. Se ben a posición do PSdeG ten ido variando ao longo dos modelos lingüísticos estudados, obsérvase que na actualidade non existen diferenzas substanciais entre ambos partidos que puidesen dificultar o deseño dun novo modelo lingüístico nun hipotético cambio de goberno, se ben se producirían cesións por ambas partes. Canto á posición do PSdeG, na entrevista

---

<sup>15</sup> A intervención da Real Academia Galega, mediante recurso xudicial, xa foi presentada anteriormente.

realizada á deputada Noa Díaz realizóuselle unha pregunta sobre o posible rol que xogarí a PSOE, sobre todo de gobernar España, á hora de apoiar ou dificultar a elaboración dun novo modelo lingüístico. Sobre isto, Noa Díaz argumentou:

«É certo que o tema das linguas, e aquí non imos ser hipócritas porque é unha realidade, o tema das linguas é algo que só interesa a quen temos linguas. Eu creo que aí temos un aliado. De feito hai pouco votamos a favor de que no Parlamento Europeo se poidesen empregar as linguas cooficiais, como tamén unha proposición non de lei que apoiámos para que no Senado se poidan tamén empregar as linguas cooficiais. Eu creo que non habería trabas porque non temos ningún complexo acerca desa cuestión. Nós entendemos que somos un estado plurilingüístico e ademais o PSOE é un partido federal. E ten que respectalo.[...]. Este debate nunca tivo lugar, no documento base que aprobamos en Valencia falábase das linguas e non houbo nin debate, a ninguén lle pareceu nada estraño. Igual a atopas a alguén, pero como partido non».

A derradeira reflexión neste apartado é a relativa aos obxectivos marcados. E ao igual que nos anteriores decretos estudados, a fixación dos diferentes fitos a acadar mantense nun alto grao de abstracción. Volvendo ao preámbulo do documento, obsérvase a evocación de obxectivos xa expresados naqueles documentos que constitúen o marco normativo superior, por exemplo o expresado no artigo 14 da Lei de Normalización Lingüística sobre «garantir a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais ao remate do ensino obrigatorio». Xa cara o final do preámbulo, o Decreto 79/2010 expón:

«É este o momento en que cómpre formular un novo marco normativo para o ensino non universitario que regule a distribución das linguas vehiculares das distintas materias de estudo e que teña como obxectivos o de garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais e o de acadar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s)».

Deste xeito, volvemos atopar unha selección de obxectivos máis propia dun programa-marco, con pouco detalle (en comparación, sobre todo, co exposto no PXNLG) e cunha falta clara de establecemento de mecanismos de avaliación e indicadores que poidesen ser empregados para coñecer o grao de consecución dos obxectivos marcados.

### **3.7.3 Implementación**

Ao reflexionar sobre a etapa da implementación é necesario retornar a falar dos proxectos lingüísticos do centro, os cales manteñen as funcións que le foran asignadas xa no Decreto 124/2007. O interese sobre estes elementos céntrase en coñecer se provocan unha marxe na aplicación do establecido polo decreto en cada centro educativo.

En relación a isto, Anxo M. Lorenzo expuxo na entrevista:

«O plan lingüístico de centro non está pensado para atallar os obxectivos do decreto, en absoluto, está para desenvolverlos e para facer unha planificación desde dentro, porque evidentemente a realidade de cada centro é moi diferente. É dicir, eu que ando por toda Galicia todos os días vexo que hai diferenzas en termos lingüísticos, zonas onde a presenza do castelán é máis forte, zonas onde é máis forte o galego noutras zona de Galicia. Entón, o que o centro ten que facer é esa planificación: cal é a situación de partida e cara onde hai que camiñar para cumprir os obxectivos lingüísticos do Decreto. É máis ben unha ferramenta de flexibilidade, non para atallar ou saltar os obxectivos do Decreto, senón para conseguilos, cal pode ser o camiño ou folla de ruta para poder levalos a cabo. É un documento, o proxecto lingüístico de centro, para a reflexión interna, pero sen atallos ou solapamentos ou sen saltar por riba os obxectivos que son claros e que están marcados para o conxunto do sistema educativo».

Non obstante, como xa se reflexionou na análise do Decreto 124/2007, as propias características do proxecto lingüístico do centro, especialmente a relativa á capacidade para escoller a lingua vehicular nas materias non troncais, pode ter unha incidencia na aplicación do modelo lingüístico. Un dos principais obxectivos establecidos no Decreto 79/2010 é lograr as mesmas competencias lingüísticas en galego e en castelán, seguindo así o indicado en

normas como a LNL. Neste caso, o feito de poder decidir a lingua de uso nunha materia (por exemplo, Tecnoloxía) pode dificultar a adquisición de vocabulario técnico nunha das dúas linguas por parte do alumnado. En definitiva, se ben se estipula un equilibrio entre a presenza nas dúas linguas, a marxe de aplicación provocada polo proxecto lingüístico do centro pode ter efectos na adquisición das competencias lingüísticas.

Outra reflexión necesaria en termos de implementación é a relativa aos equipos de normalización e dinamización lingüística. Como xa se explicou anteriormente, estes equipos posúen un carácter transversal posto que, mantendo sempre uns obxectivos lingüísticos, están capacitados para actuar en áreas moi diversas dentro de cada centro educativo. En relación a isto, o Decreto 79/2010, na súa disposición transitoria primeira, establece un cambio de denominación. Os antigos «equipos de normalización e dinamización lingüística» pasan a ser os «equipos de dinamización da lingua galega». Como xa se explicou no relativo ás definicións do problema de cada actor, un obxectivo que comparten algúns deles, especialmente os partidos políticos, é o dominio teórico da política lingüística e de toda a terminoloxía asociada. Nesta substitución desaparece o termo «normalización», o cal permite observar un interese por parte da Xunta de Galicia, que elaborara un decreto no que se reducía a presenza do galego no ensino, de fornecer un novo cadro teórico sobre a situación sociolingüística do galego.

A última área relativa á implementación é a relativa ao profesorado e aos materiais pedagóxicos. Primeiramente, o profesorado segue a contar con plans anuais de formación e outras ferramentas formativas promovidas desde a Xunta de Galicia. Observando o Plan Anual de Formación do Profesorado 2022/2023, destaca unha busca na mellora das competencias dixitais do persoal docente.

No que atinxe ás competencias lingüísticas, esta formación mantén unha perspectiva «plurilingüe», concentrando a maioría da formación específica nas linguas estranxeiras. Sobre as competencias lingüísticas en galego do profesorado é difícil realizar unha análise posto que non existen estudos recentes, máis alá dos presentados na análise do Decreto 247/1995. Ante isto, pódese acudir aos datos xerais de competencias en lingua galega que serán expostos máis adiante.

No que respecta aos materiais pedagóxicos, pódese destacar unha introdución progresiva das tecnoloxías no ensino. Actualmente, existe unha ferramenta ao servizo do profesorado e alumnado chamada Edixgal, onde se poden envorcar diferentes contidos e materiais pedagóxicos que faciliten a adquisición de competencias lingüísticas por parte do alumnado. Pola contra, cabe dicir que o galego mantense en situación de desvantaxe fronte ás outras linguas tamén no relativo á oferta dos materiais pedagóxicos, sendo máis sinxelo atopar materiais formativos complementarios de calidade nas demais linguas.

### **3.7.4 Avaliación**

Ao igual que aconteceu nos anteriores modelos lingüísticos aplicados ao ensino non universitario galego, continúa a existir unha enorme eiva no tocante aos mecanismos de avaliación.

Por unha banda, na disposición quinta do Decreto 79/2010 establécese:

«Con periodicidade anual, despois de finalizar o curso escolar, a consellería competente en materia de educación avaliará os resultados derivados da aplicación deste decreto e desenvolverá cantas disposicións fosen precisas

para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino plurilingüe e á plena aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias».

Non obstante, existe un incumprimento total de dita disposición. Nesta liña, Noa Díaz defendía na entrevista:

«De feito, a Xunta e este goberno do PP estase caracterizado por non facer ningún estudo, análise ou diagnose de nada. Plans todos, mais logo avaliación cero. [...]. Co cal, como estás planificando se non sabes cal é o punto de partida ou se funcionou ou non ese plan? Pero en materia lingüística nin o primeiro, nin o primeiro, están apoderados por exemplo a presentar no Parlamento un informe de cumprimento da Lei Paz Andrade<sup>16</sup>. E é Valentín, que chega alí e el é o informe. Isto non é o informe, vostede vén a informar pero non hai un documento. Non hai o do decreto, non está avaliado. A última vez que se fixo un documento serio e riguroso foi o PXNL».

Pola outra banda, xa en termos avaliativos xerais, Anxo M. Lorenzo argumentou:

«A min paréceme que foron anos dunha total e absoluta normalidade no ámbito educativo. Se cotexas discursos, intervencións e argumentarios daqueles momentos de debate no 2009, 2010 e 2011, augurábase unha debacle, unha hecatombe, unha especie de apocalipse lingüística en Galicia por culpa do Decreto e non pasou absolutamente. Normalidade. Séguese transmitindo o galego, séguese aprendendo e eu diría máis, nestes anos as enquisas en absoluto son contundentes en canto ao que aporta e achega o ensino ao mantemento da lingua galega. Ao contrario, séguelle achegando prestixio, forza, normalidade ademais. Eu creo que a situación da lingua galega hoxe no ámbito educativo é de absoluta normalidade. [...]. A vitalidade da lingua non está no sistema educativo. O sistema educativo asegura uso, capacitación, actitudes positivas cara as linguas, cara o galego, quero pensar...a vitalidade do galego xógase fóra do sistema educativo. Poderá vir outro goberno e cambiar ou este mesmo, non sei, cada un terá o que teña que facer. Pero eu teño claro que pase o que pase no sistema educativo, o futuro do galego e a súa vitalidade están fóra do sistema educativo. Importa moi pouco, francamente. [...]. Pois agora creo que o futuro do galego xógase noutros ámbitos, nas familias, na transmisión familiar, na sensibilidade das familias de cara a lingua, e xógase noutros ámbitos de prestixio e de forza a nivel social».

Unha das institucións que si leva a cabo unha análise da política lingüística e da situación de cada fala é o Consello de Europa, quen elabora periodicamente un informe sobre as accións a tomar polos Estados e institucións públicas competentes para aplicar atinxir os obxectivos fixados na Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias. Xa no ano 2012, o Consello de Europa advertía en dito informe unha redución do galego no ensino<sup>17</sup>. O 11 de decembro de 2019, o Consello de Europa publicou a *Recomendación do Comité de Ministros aos Estados membros sobre a aplicación da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias por España*<sup>18</sup>. Este documento, que realiza en total cinco recomendacións ás autoridades españolas, pide que estas «supriman las limitaciones de la enseñanza en gallego en Galicia».

### 3.8 Datos sociolingüísticos

Neste apartado previo ás conclusións preténdese expoñer unha serie de datos que reflectan a evolución da situación sociolingüística en Galicia desde a implementación do modelo

---

<sup>16</sup> En referencia á Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía. Publicada no DOG nº68 do 8 de abril do 2014, páxina 15608. Recuperada de: [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140408/AnuncioC3B0-310314-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140408/AnuncioC3B0-310314-0001_gl.html)


<sup>17</sup> Véxase a noticia publicada o 25 de outubro de 2012 por Europa Press: <https://www.europapress.es/sociedad/educacion-00468/noticia-informe-comite-expertos-consejo-europa-alerta-reduccion-gallego-ensenanza-20121025195856.html>

<sup>18</sup> Este documento ten en consideración unha avaliación realizada por un Comité de Expertos de aplicación da Carta, e a información dada polo Estado español e por asociacións do sector. Véxase: <https://rm.coe.int/spaincmrec5-es/1680a0bb0d>

lingüístico recollido no Decreto 247/1995 ata a actualidade. Se ben mostrar estes datos non está entre os obxectivos principais do traballo, a súa exposición é útil para obter unha visión lingüística panorámica destes anos e establecer unha ligazón entre a análise dos decretos e as conclusións.


Tal e como se observa nos gráficos 5 e 6, entre 1994 e 2004 produciuse en Galicia unha forte caída do monolingüismo en galego, mais tamén do bilingüismo co galego como lingua maioritaria. Ao mesmo tempo, pode observarse o enorme crecemento do monolingüismo en castelán e un aumento do bilingüismo con uso maioritario desta lingua, chegando a ser o grupo predominante. Canto á mocidade (15-25 anos) obsérvase esta mesma evolución, destacando a baixa porcentaxe de xente nova que tiña o galego como lingua habitual (só o 29,4%).

**Gráfico 5: Evolución da lingua habitual en Galicia 1994-2004**



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do MSG 1994 e MSG 2004.

**Gráfico 6: Evolución da lingua habitual en Galicia 1994-2004 nas idades 15-25 anos**




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do MSG 1994 e MSG 2004.

Outro punto de información da situación sociolingüística do galego é a *Enquisa de condicións de vida das familias*, elaborada polo IGE, cuxos datos de 2003, 2008 e 2018 se observan nos gráficos 7 e 8. A interpretación destes datos permite comprender unha evolución continua cara o bilingüismo co uso do castelán de maneira predominante. A través dos datos do 2018 é posible observar a práctica igualdade entre as catro categorías reflectidas e, de seguir a tendencia actual, o galego deixará de ser a lingua habitual maioritaria dos galegos.


Este marcado retroceso do uso do galego é especialmente grave na mocidade, grupo social no que nin a terceira parte dos seus membros ten o galego como lingua habitual e no que o monolingüismo en castelán atinxe a case un de cada catro rapaces.

**Gráfico 7: Evolución da lingua habitual en Galicia 2013-2018**



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Enquisa de condicións de vida das familias (IGE 2003, 2008 e 2018).


**Gráfico 8: Evolución da lingua habitual en Galicia 2003-2018 nas idades 5-29 anos**



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da *Enquisa de condicións de vida das familias* (IGE 2003, 2008 e 2018).

Sobre as competencias lingüísticas en galego da sociedade, o gráfico 9 mostra uns niveis estables na comprensión, fala e lectura. A competencia na que máis se ten avanzado, se ben se partía duns valores baixos, é na escritura. Esta mellora pode desvelar un impacto positivo na progresiva escolarización en galego por parte da cidadanía.


**Gráfico 9: Evolución das competencias lingüísticas en galego 2003-2018**



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da *Enquisa de condicións de vida das familias* (IGE 2003, 2008 e 2018).

Para rematar esta sección, o gráfico 10 recolle uns datos expostos no traballo de Monteagudo, Vázquez e Loredo (2016) que permiten ligar os modelos lingüísticos aplicados no ensino non universitario e a presenza do galego na escola.

**Gráfico 10: Relación entre o modelo lingüístico aplicado no ensino non universitario e o uso do galego no centro educativo por parte do alumnado**



Fonte: Elaboración propia a partir de Monteagudo, Vázquez e Loredo (2016).

Tal e como se observa, o Decreto 124/2007 é o que suscita un maior uso da nosa lingua por parte do alumnado (tanto de forma oral como escrita). Neste aspecto, os datos achegan unha grande diferenza cos outros dous modelos lingüísticos aplicados no ensino non universitario. Dentro dun marcado retroceso xeral da lingua galega, acentuado na mocidade, baixo o modelo do Decreto 79/2010 si que se mostran uns valores maiores aos do Decreto 247/1995 canto ao uso oral co profesorado, uso escrito e uso en exames. Isto evidencia que alá onde o uso do galego está regulado (materias, relación cos profesores...), o seu emprego é maior que onde non se regula (relacións cos compañeiros). Este tipo de relacións, polo tanto, semellan estar máis suxeitas ao decrecemento da presenza do galego na sociedade.

## 4 CONCLUSIÓNS

Este apartado adicado ás conclusións da investigación será, pola súa propia natureza, o derradeiro do traballo. Ao longo das seguintes liñas desenvolveranse unha serie de ideas que sirvan de recapitulación de todo o exposto anteriormente, co fin de aportar unha visión xeral do proceso de elaboración e implementación dos distintos modelos lingüísticos que se teñen aplicado no ensino non universitario galego.

Primeiramente, desde unha perspectiva interna da investigación, é necesario recordar o obxectivo principal e os obxectivos secundarios definidos nas primeiras páxinas deste documento, e que veñen recollidos na táboa 12.

**Táboa 12: Relación de obxectivos da investigación**

Obxectivo principal	Aplicar un marco de análise de políticas públicas aos modelos lingüísticos para o ensino non universitario recollidos no Decreto 24/1995, Decreto 124/2007 e Decreto 79/2010
Obxectivos secundarios	<ul style="list-style-type: none"><li>• Identificar os actores involucrados no proceso de deseño e implementación de cada un dos modelos lingüísticos aplicados ao ensino non universitario de Galicia.</li><li>• Coñecer que recursos mobilizan estes actores no proceso e que rol ocupan nel.</li><li>• Analizar o marco normativo superior, o cal serve de guía para a concepción da política lingüística en Galicia e, en concreto, dos modelos lingüísticos-educativos.</li><li>• Examinar as relacións se producen entre os actores participantes no proceso.</li><li>• Entender como se leva a cabo a decisión sobre o contido dos modelos lingüísticos.</li><li>• Estudar a implementación de cada un dos modelos lingüísticos-educativos.</li><li>• Valorar a concepción destes modelos en termos de avaliación.</li><li>• Mostrar datos sobre a situación sociolingüística en Galicia, con especial énfase na mocidade, afín de obter unha visión xeral da súa evolución.</li></ul>

Fonte: Elaboración propia.

Como se pode comprobar ao longo da investigación, o grao de cumprimento destes obxectivos foi certamente elevado.

Volvendo ás páxinas iniciais, nelas explicábase que tanto as preguntas de investigación como os obxectivos estaban fixados partindo dun marco teórico no que se identificaban tres variables independentes (actores, recursos e regras institucionais) e dúas variables dependentes (o contido da política e as súas fases). Esta idea serviu, como xa se explicou, para establecer os obxectivos, e a análise de cada modelo lingüístico centrada no estudo de cada unha das fases corrobora o cumprimento de cada fito fixado inicialmente (estudo do marco normativo, identificación de actores implicados, mobilización de recursos pola súa parte...). Do mesmo xeito, as preguntas de investigación buscaban arrojar luz sobre cada unha das fases da política e os seus produtos, dándolle resposta a ditas cuestións ao longo da análise dos distintos modelos lingüísticos.

Dito isto, toca afondar nas conclusións xerais da materia estudada. Neste caso, débese partir do xeral (a política lingüística en Galicia) ao particular (modelos lingüísticos-educativos).

A primeira idea, que marca completamente o deseño dos diferentes modelos lingüísticos, é que a política lingüística que teñen desenvolvido todos os gobernos galegos desde a autonomía parte dunha interpretación da normalización lingüística baseada no «bilingüismo harmónico». Esta interpretación, como xa se explicou no marco teórico citando a Freixeiro Mato (2020:33-34), baséase na idea da convivencia non conflitiva de dúas linguas en aparente igualdade legal, mais en inferioridade real dunha das linguas, a minorizada ou subalterna (que é obxecto de normalización). Partindo desta interpretación, os gobernos galegos guíanse por unha política lingüística que permite introducir a lingua galega (subalterna) nos distintos ámbitos da sociedade mais sen ningunha vontade de mudar o *statu quo* lingüístico do noso territorio. O resultado de todo isto ten sido unha planificación lingüística de baixa intensidade (Lorenzo, 2005).

Dentro dun contexto de castelanización progresiva da cidadanía galega, ningunha das políticas realizadas nestes anos pretendeu mudar a balanza lingüística e poñer ao galego como lingua preferente. Xeralmente, este xeito de actuar dos actores públicos deriva da súa ideoloxía lingüística, moi emparellada a unha ideoloxía política rexionalista/autonomista na que o galego podería ser un símbolo de identificación nacional a evitar. Nalgúns casos, nomeadamente durante o goberno de coalición PSdeG-BNG (2005-2009), se ben se producen certos avances cara a adopción dun monolingüismo defensivo, a realidade política (e social) impide deixar atrás o bilingüismo harmónico. Nese caso, a ideoloxía lingüística mantívose como factor explicativo da interpretación realizada sobre a normalización da lingua, mais tamén se produciron atrancos derivados da inestabilidade política dese período e da necesidade de buscar un consenso social que xa de por si era fraco. Polo tanto, obsérvase que os actores públicos non teñen vontade real de mudar o *statu quo* lingüístico, e o resultado é unha substitución lingüística ralentizada, mais non detida.

Outro aspecto importante relacionado á adopción desta interpretación é que o propio marco normativo estatal impide desenvolver unha política que impulse realmente a unha lingua en perigo cara a súa normalización. Tendo ao Estado como *gatekeeper* con poder de veto ante calquera política que escape das marxes estabelecidas pola súa posición ideolóxica lingüística, a capacidade que posúen os territorios con lingua propia para abordar unha política que garanta o futuro da súa fala vense moi reducidas, sendo imposible levar a cabo intervencións públicas baseadas, por exemplo, no monolingüismo social.

Como xa se avanzou anteriormente, a política lingüística tense constituído nunha materia de enorme conflitividade política en Galicia. É a partir da Lei de Normalización Lingüística cando se comezan a facer visíbeis propostas antagónicas sobre o camiño a seguir. Polo propio campo de intervención destas políticas (a lingua), xéranse redes de actores de grandes dimensións: partidos políticos, asociacións civís que defenden unha ou outra lingua, sindicatos estudiantís ou do profesorado, asociacións culturais... Como se explicou na análise de cada modelo lingüístico, por cuestións prácticas identificáronse aos actores máis relevantes, mais sen dúbida o mapa de actores é inconmensurable.

Dada esta concentración de diferentes entes ao redor da política lingüística, con cadansúa proposta e visión, a busca por conquistar o plano teórico e o plano da acción pública tense convertido nunha area moi conflitiva. A Lei de Normalización Lingüística -se ben había outras propostas minoritarias- serviu de punto de encontro histórico para comezar a avanzar nun camiño por percorrer, feito que non ocorrera ata entón debido as preferencias do réxime político anterior.

Unha vez que o establecido nesa norma se viu reforzado socialmente (sen propostas para restar apoio ao galego), comezaron a artellarse diferentes correntes políticas e sociais que defendían un maior apoio á nosa lingua. Ao longo dos anos, todos os actores foron tomando posicións dentro desta diverxencia, ata chegar un punto no que a política lingüística -e os modelos lingüísticos- se deseñaban sen ningún tipo de mediador. Tornouse, entón, unha materia de confrontación política central, un *cleavage* propio, e un tema central en campañas electorais (como as eleccións galegas de 2009). Seguindo esta progresión cara a confrontación máxima, na actualidade mantense unha rede de actores na que ningún xoga o papel de mediador.

Focalizando sobre o propio proceso de deseño dos modelos lingüísticos do ensino non universitario, a principal conclusión é que os actores externos á área política teñen moita maior capacidade de influír nas propostas interaccionando máis cos partidos políticos cando se sitúan fóra do goberno que coas institucións públicas (Administración da Xunta de Galicia). É dicir, os partidos políticos conforman a súa visión e a súa proposta de modelo lingüístico recollendo as distintas sensibilidades dos actores externos directamente, os cales se transforman nos seus aliados<sup>19</sup>.

Pola contra, unha vez que as institucións establecen a definición final do problema público, a capacidade de influír no deseño vense reducidas.

Se ben a competencia lingüística en galego do profesorado debería aumentar, o principal problema atopado canto á implementación dos modelos lingüísticos é a falta materiais pedagóxicos en galego máis alá dos propios libros de texto. Esta situación ten ido mellorando nos últimos anos, recibindo un impulso coa incorporación xeneralizada dos recursos tecnolóxicos ao ensino. Que o galego sexa unha lingua minorizada obsérvase na dificultade para atopar materiais docentes complementarios nesta lingua.

Finalmente, a principal problemática que presentan a totalidade de modelos lingüísticos aplicados (mais tamén a política lingüística xeral) é a inexistencia de ferramentas avaliativas. Se ben se estipula nos diferentes decretos a obriga de realizar informes anuais sobre o grao de cumprimento do fixado, este procedemento non se ten realizado. Esta situación vén dada por unha total falta de vontade política para a correcta aplicación dos modelos lingüísticos. Os diferentes gobernos téñense centrado máis na propia produción da política e no dominio do plano teórico (introducindo os conceptos relacionados coa súa ideoloxía lingüística). Pola contra, no plano práctico non ten existido ningún interese por avaliar os resultados. Esta situación deficitaria en termos de avaliación, ademais de reflectir dita falta de vontade para a aplicación, provoca unha reflexión sobre os motivos que levan aos actores públicos a elaborar a política lingüística. Isto é, os gobernos non teñen en consideración os datos da situación sociolingüística en Galicia para elaborar os modelos, simplemente se limitan a deseñalos seguindo a súa ideoloxía lingüística. É dicir, a evolución dos modelos lingüísticos no futuro non será ditada pola situación do galego e do castelán.

En conclusión, a política lingüística de Galicia debe contar cunha definición clara respecto aos fins que se pretenden acadar, mais tamén con vontade política para conseguilo. O primeiro paso para establecer estes obxectivos debe concentrarse na realización dunha análise

---

<sup>19</sup> Exemplos disto son as interaccións entre o PPdeG e asociacións como Galicia Bilingüe durante o Bipartito, ou o traballo conxunto do BNG con actores como A Mesa ou a CIG-Ensino nestes últimos anos. Neste caso, os actores externos tamén se serven dos partidos como transmisores das súas propostas á área política.

completa da situación sociolingüística, cuxos resultados sirvan de base para a renovación do marco normativo vixente.

A política lingüística de Galicia non será eficaz se parte de premisas establecidas fai 40 anos (como é o caso da Lei de Normalización Lingüística). A partir desa necesaria análise, con rigor e sen limitacións, débense deseñar plans de actuación concretos nos que se estipulen as ferramentas e as medidas a adoptar, tomando como exemplo o fito histórico que supuxo a elaboración do Plan Xeral da Normalización da Lingua Galega.

## 5 BIBLIOGRAFÍA

- Argelaguet, J. (1998). Las políticas lingüísticas: diversidad de modelos lingüísticos-escolares. En Subirats, Joan e Gomà, R. (coord.), *Políticas públicas en España: contenidos, redes de actores y niveles de gobierno* (pp.294-316). Editorial Ariel España.
- Boix, E., & i Moreno, F. X. V. (1998). *Sociolingüística de la llengua catalana*. Barcelona. Editorial Ariel.
- Consello da Cultura Galega (2002). *Datos e cifras da ensinanza non universitaria en Galicia*. Santiago de Compostela.
- Consello Escolar de Galicia (2006). *Evolución e Estado Actual do Sistema Educativo en Galicia-Cursos 2002-2003, 2003-2004, 2004-2005*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- Dente, B., e Subirats, J. (2014). *Decisiones públicas*. Barcelona. Editorial Ariel.
- Dirección Xeral de Política Lingüística (1998). *Estudio sobre o uso do idioma galego*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Política Lingüística.
- Dye, T. R. (1972). *Understanding public policy*. Englewood Cliffs, NJ: Prentice-Hall.
- Falcón, X. (2000). Planificación lingüística. En Ramallo, F./Rei-Doval, G./Rodríguez Yáñez, XP (Eds.): *Manual De Ciencias Da Linguaxe*, páx. 411-442.
- Fernández Paz, A., Ramallo, F., & Lorenzo Suárez, A. M. (2008). *A planificación lingüística nos centros educativos..* Santiago de Compostela: Secretaría Xeral de Política Lingüística. Xunta de Galicia.
- García Negro, M. P. (1993). *Sempre en galego*. Santiago de Compostela: Laiovento,
- Grau, M., e Mateos, A. (2002). *El análisis de las políticas públicas: enfoques y casos*. España. Editorial Tirant Lo Blanch.
- González González, M. (dir.). (2007). *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Vol. 1: Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña, Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (Ed.).
- González González, M. (dir.). (2008). *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Volume II: Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña, Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega.
- Howlett, M. (2019). *Designing public policies: Principles and instruments*. Routledge.
- Instituto Galego de Estatística. (2003). *Enquisa de Condicións de Vida das Familias. Módulo de coñecemento e uso do galego 2003*. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística.
- Instituto Galego de Estatística. (2008). *Enquisa de Condicións de Vida das Familias. Módulo de coñecemento e uso do galego 2008*. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística.

- Instituto Galego de Estatística. (2018). *Enquisa de Condicións de Vida das Familias. Módulo de coñecemento e uso do galego 2018*. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística.
- Jernudd, B. H., e Gupta, J. D. (1969). *Towards a theory of language planning*.
- Jones, C. (1970). *An Introduction to the Study of Political Life*. Berkeley, CA: Duxberry Press.
- Kloss, H. (1969). *Research Possibilities on Group Bilingualism: A Report*.
- Knoepfel, P., Larrue, C., Varone, F., e Dieck, M. H. (2007). Hacia un modelo de análisis de políticas públicas operativo. Un enfoque basado en los actores, sus recursos y las instituciones. *Ciencia Política*, 2 (vol.3).
- Lasswell, H. D. (1956). *The decision process: Seven categories of functional analysis*. Bureau of Governmental Research, College of Business and Public Administration, Maryland.
- Landau, M. (2013). El ámbito propio del análisis de políticas. En Aguilar Villanueva, Luis F. (coord.), *El estudio de las políticas públicas* (pp.275-280). Editorial Miguel Ángel Porrúa.
- Loredo, X. Monteagudo, H. e Vázquez, M. (2016). *Lingua e Sociedade en Galicia: Resumo e resultados 1992-2016*. Real Academia Galega (Ed.).
- Lowi, T. J. (1964). American business, public policy, case-studies, and political theory. *World Politics*, 16(4), 677-715.
- Mato, X. R. F. (2020). *Idioma e Sociedade*. Laiovento Ensaio-Pesquisa.
- Meny, Y., Thoenig, J., e Morata, F. (1992). *Las políticas públicas*. Barcelona: Editorial Ariel.
- Ninyoles, R. L. (1981). Tendencias fundamentales de la política lingüística: opciones contextuales en el ámbito de la educación bilingüe. *Revista De Educación* (268), pp.15-30.
- Ninyoles, R. L. (1989). *Estructura social i política lingüística*. Edicions Bromera.
- PEN Club (1996). *Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos*, aprobada en Barcelona o 9 de xuño de 1996.
- Rojo, G. (1994). *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia: Compendio do I volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia*. A Coruña: Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega.
- Rojo, G. (1995). *Usos lingüísticos en Galicia: compendio do II volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia*. A Coruña: Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega.
- Samartim, R. (2022). Subalternity and Linguistic Dispossession: On the Planning of the Galician-Portuguese in the Autonomous Galicia. *Cuadernos Europeos de Deusto*, (04), 69-105.
- Suárez, A. M. L. (2005). Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego. *Cadernos De Lingua*, (27), 37-59.
- Subirats, J., Knoepfel, P., Larrue, C., e Varone, F. (2008). *Análisis y gestión de políticas públicas*. España: Editorial Ariel.
- Xunta de Galicia (2004). *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

## Normativa

Constitución Española (BOE núm.311, do 29 de decembro de 1978).

*Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidos nos diferentes niveis non universitarios.* (DOG núm. 178, páx. 6991, publicado o 15 de setembro de 1995). Dispoñible en:

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/1995/19950915/Anuncio8452\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/1995/19950915/Anuncio8452_es.html)

*Decreto 124/2007, de 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.* (DOG núm. Páx. 11247, publicado o 29 de xuño de 2007). Dispoñible en:

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2007/20070629/Anuncio22C56\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2007/20070629/Anuncio22C56_es.html)

Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. (DOG núm. 97, páx. 9249, publicado o 25 de maio de 2010). Dispoñible en:

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2010/20100525/Anuncio17BE6\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2010/20100525/Anuncio17BE6_es.html)

Consello de Europa (1992). *Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias*, aprobada polo Consello de Europa en Estrasburgo o 5 de novembro de 1992. Dispoñible en:

<https://rm.coe.int/16806d355d>

Consello de Europa. *Recomendación (7/2019) do Comité de Ministros aos Estados membros sobre a aplicación da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias por España.* Publicada o 11 de decembro de 2019. Dispoñible en:

<https://rm.coe.int/spaincmrec5-es/1680a0bb0d>

*Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia.* (BOE núm. 101, publicada o 28 de abril de 1981). Dispoñible en:

<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1981-9564>

*Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística.* (DOG núm. 84, publicada o 14 de xullo de 1983). Dispoñible en:

[https://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei3\\_1983.pdf](https://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei3_1983.pdf)

*Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.* (DOG núm. 68, páx.15608, publicado o 8 de abril de 2014). Dispoñible en:

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140408/AnuncioC3B0-310314-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140408/AnuncioC3B0-310314-0001_gl.html)

*Ley Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para la mejora de la calidad educativa.* (BOE núm. 295, publicado o 10/12/2013). Dispoñible en:

<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2013-12886>

*Ley Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.* (BOE núm. 340, publicado o 30 de decembro de 2020). Dispoñible en:

<https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2020-17264>

Tribunal Constitucional. *Recurso de inconstitucionalidad número 678/1983. Sentencia número 84/1986, de 26 de junio.* (BOE núm. 159, páx. 32-34, de 4 de xullo de 1986). Dispoñible en:

<https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-T-1986-17829>

## Hemeroteca e posts en webs

Álvarez, E. (23 de novembro de 2012). El Superior anula puntos básicos del decreto del plurilingüismo. *La Voz de Galicia*. Disponible en: [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2012/11/23/superior-anula-puntos-basicos-decreto-plurilinguismo/0003\\_201211G23P6991.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2012/11/23/superior-anula-puntos-basicos-decreto-plurilinguismo/0003_201211G23P6991.htm)

CIG-Ensino (2010). Para a CIG-Ensino a aprobación do Decreto de Plurilingüismo no Consello da Xunta é a maior proba de desprezo ao pobo galego e á súa lingua. *CIG-Ensino*. Disponible en: <https://www.cig-ensino.gal/nova/para-a-cig-ensino-a-aprobacion-do-decreto-de-plurilingueismo-no-consello-da-xunta-e-a-maior-proba-de-desprezo-ao-pobo-galego-e-a.html>

Europa Press (25 de outubro de 2012). n informe de un Comité de Expertos del Consejo de Europa alerta de la reducción del gallego en la enseñanza. *Europa Press*. Disponible en: <https://www.europapress.es/sociedad/educacion-00468/noticia-informe-comite-expertos-consejo-europa-alerta-reduccion-gallego-ensenanza-20121025195856.html>

Hermida, X. (6 de outubro do 2000). El Supremo obliga al alcalde de A Coruña a usar el topónimo gallego. *El País*. Disponible en: [https://elpais.com/diario/2000/10/07/espana/970869627\\_850215.html](https://elpais.com/diario/2000/10/07/espana/970869627_850215.html)

Nova Escola Galega (31 de xullo de 2009). *Dossier de prensa. Consulta ás familias sobre a utilización das linguas no ensino non universitario de Galicia*. Disponible en: <http://www.nova-escola-galega.org/almacen/documentos/Resultados%20enquisa%20familias%20310709.pdf>

P.E. (26 de marzo de 2015). El Supremo avala el decreto del gallego frente al recurso de la RAG. *El País*. Disponible en: [https://elpais.com/ccaa/2015/03/26/galicia/1427406721\\_472994.html](https://elpais.com/ccaa/2015/03/26/galicia/1427406721_472994.html)

Pontevedra, S. (8 de febreiro de 2009). La plana mayor del PP arropa la manifestación de Galicia Bilingüe. *El País*. Disponible en: [https://elpais.com/diario/2009/02/09/galicia/1234178288\\_850215.html](https://elpais.com/diario/2009/02/09/galicia/1234178288_850215.html)

Sampedro, D. (29 de xuño de 2007). El PP rompe un consenso histórico al rechazar el decreto del gallego. *La Voz de Galicia*. Disponible en: [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2007/06/29/pp-rompe-consenso-historico-rechazar-decreto-gallego/0003\\_5940821.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2007/06/29/pp-rompe-consenso-historico-rechazar-decreto-gallego/0003_5940821.htm)

Vence, A. (24 de novembro de 1982). Incidentes en el Parlamento de Galicia por la expulsión de tres parlamentarios nacionalistas. *El País*. Disponible en: [https://elpais.com/diario/1982/11/25/espana/407026816\\_850215.html](https://elpais.com/diario/1982/11/25/espana/407026816_850215.html)

# 6 ANEXOS

## 6.1 Modelo de entrevista

Este traballo de investigación ten por obxecto de estudo cada un dos modelos lingüísticos que se teñen aplicado no ensino non universitario de Galicia desde a entrada en vigor da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística ata a actualidade, aos cales se lles aplica un marco de análise de políticas públicas para afondar en cuestións relacionadas, por exemplo, co propio contido de cada Decreto que os desenvolve, os actores participantes no proceso de deseño ou a implementación de cada un dos modelos.

Deste xeito, a continuación fareille unha serie de preguntas coas que aportar a súa perspectiva ao corpo deste traballo.

### Etapa 1 - Definición do problema

- Cal era a situación previa ao modelo lingüístico aprobado no Decreto (correspondente)? Que avaliación realiza sobre ese modelo? Presentaba algún problema? De responder afirmativamente, cal? A que o atribúe?
- Unha vez entra se produce un cambio de goberno, como xorde a proposta de mudar o modelo lingüístico? Cales son os motivos?
- Como se chega ao Plan Xeral de Normalización Lingüística no 2004? Que valoración realiza del?
- A partir de que premisas nace o modelo lingüístico aprobado no Decreto (correspondente)? Que pretende corrixir?

### Etapa II – Decisión/Programación

- Que actores participan directamente no proceso de deseño e redacción dese modelo lingüístico? Que papel xoga cada un? Mantiñan posicións similares ou enfrontadas? De ser o caso, cales?
- No seo do Goberno, existían diferentes posicións ante o modelo lingüístico a desenvolver?
- Que actores externos ao proceso de deseño tentaron influír? Que posicións mantiñan? Como actuaba a Xunta de Galicia en canto á participación dos demais actores externos?

- Como valora o modelo lingüístico dese decreto decreto en cuestión de obxectivos fixados e etapas?
- Fixáronse mecanismos de avaliación de resultados derivados da aplicación do modelo lingüístico?

### **Etapa III – Implementación**

- En relación á formación do profesorado e aos materiais formativos, que actuacións se levan a cabo ao abeiro deste modelo lingüístico? Realizouse algún proxecto complementario ao propio modelo do Decreto (correspondente)?
- Que marxe se lle deixaba a cada centro para a implementación deste modelo?

### **Etapa IV – Avaliación**

- Que balance realiza da Política Lingüística e, en concreto, do modelo lingüístico desenvolvido pola Xunta de Galicia no período (correspondente)?

## **6.2 Transcricións das entrevistas**

### **6.2.1 Entrevista Marisol López Martínez**

Este traballo de investigación ten por obxecto de estudo cada un dos modelos lingüísticos que se teñen aplicado no ensino non universitario de Galicia desde a entrada en vigor da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística ata a actualidade, aos cales se lles aplica un marco de análise de políticas públicas para afondar en cuestións relacionadas, por exemplo, co propio contido de cada Decreto que os desenvolve, os actores participantes no proceso de deseño ou a implementación de cada un dos modelos.

Deste xeito, a continuación fareille unha serie de preguntas coas que aportar a súa perspectiva ao corpo deste traballo.

#### **Etapa 1 - Definición do problema**

- Cal era a situación previa ao modelo lingüístico aprobado no Decreto 124/2007? Que avaliación realiza sobre o modelo lingüístico derivado da Lei de Normalización Lingüística? Cales eran os principais problemas que presentaba o anterior modelo lingüístico? A que atribúe eses problemas?

*Bueno realmente o modelo anterior, que é o que volve agora, ao meu modo de ver era un modelo no que o Goberno dese momento evitaba a conflictividade e desde esa perspectiva eu creo que había decretos anteriores e a propia LNL que marcaban uns obxectivos e uns fins que logo non se revisaban nin se controlaban. Eu creo que realmente hai algúns decretos*

anteriores que sendo diferentes ao do 2007, si que daban máis de si. En realidade, ao non ser revisalos...pois non nos levaron a ningunha finalidade positiva para o galego. Eu creo que sempre houbo esa idea de non conflictividade e a iso hai que engadirlle algo que seguimos sufrindo: a pouca valoración social que temos da lingua os falantes. E iso levou a que o Goberno non tivera demasiados problemas, non? É dicir, priorizar e primar o emprego do castelán, digamos que entraba dentro da súa idea obviamente. Despois reivíndicase a Rosalía de Castro e a alguén máis por aí...

- Unha vez entra o novo Goberno, como xorde a proposta de mudar o modelo lingüístico? Cales son os motivos?

Hai algo que é anterior, que curiosamente se aprobou por unanimidade, que é o Plan Xeral de Normalización Lingüística. E isto é algo co que sempre xoga a dereita, o PP, esa idea de que no papel “somos guays”. Se se revisa o PXNL desde un punto de vista sociolingüístico e se levase a cabo o que dí, obviamente favorecería moito ao galego. Non ten rango de lei pero si se aprobou por unanimidade no Parlamento, entón que fai o novo Goberno de coalición? Pois tense en conta de xeito importante o traballo e o apoio á lingua, así que partindo do que se aprobara por unanimidade no Parlamento, que non se foi máis alá, empézanse a desenvolver normas para favorecer e fomentar o galego na medida do posible, que evidentemente sabemos que non é unha variña máxica. É un tema moito máis complexo, pero tamén esa idea de prestixiar a lingua estaba moi presente.

- Como se chega ao Plan Xeral de Normalización Lingüística no 2004? Que valoración realiza del?

A verdade é que foi anterior así que eu non o seguí directamente, pero foi unha idea que lle trasladaron ao entón Director Xeral e viron que podía ser estupendo abrir iso á sociedade. Houbo un grupo moi importante de xente moi relacionada coa lingua de todos os sectores da sociedade e xa digo, eu creo que é sempre unha idea presente nos gobernos do PP. É dicir, sempre que quede etereamente pois “acordamos o que sexa, como despois desacordamos”. Evidentemente era na época de Fraga pero tamén estaba Feijóo e Rueda, e non tiveron ningún problema como despois tampouco o tiveron en ir ás manifestacións con Gloria Lago. As normas do Bipartito fixéronse a partir dese PLXN pero despois dicían que o galego se impoñía. É difícil de entender.

- Concretamente, en que situación se atopaba a Dirección Xeral? Experimentou algún cambio co novo Goberno?

Era unha Dirección Xeral e logo cando entrou o Bipartito pasou a ser unha Secretaría Xeral dependente directamente de Presidencia, digamos que se lle deu un rango superior. Realmente alí na Dirección Xeral había a idea de evitar o conflito, dependía da Consellería de

*Educación e alí apoiábase as subvencións moi variadas de publicacións en galego, polo que tiñamos contentas ás distintas editoriais. Esta era a idea, era unha Dirección Xeral relativamente pequena, cando se transformou en Secretaría Xeral aumentou algo en persoal. Cando queres deseñar políticas tes que ter xente que saiba de que estamos falando, técnica e politicamente, entón na medida do posible foise cambiando algo. Non fixen a revolución pero si que realizamos cambios positivos.*

*No Bipartito hai que ter en conta que é un Goberno de coalición, eu estando na parte socialista, e cando hai dúas forzas diferentes nun Goberno existen uns acordos previos onde se acordan que un punto importante é o tema lingüístico, na medida do posible ver como se promove a lingua para favorecer o seu prestixio e ampliar ámbitos. Isto vén do propio pacto.*

- A partir de que premisas nace o modelo lingüístico aprobado no Decreto 124/2007? Que pretende corrixir?

*Mira, o novo modelo xorde porque se constata que o galego está perdendo falantes. E a sangría é realmente nas primeiras idades polo tanto a recuperación na escola é importante, a súa incorporación á escola. Por que se fai? O que che indicaba antes. O PXNL fai unha análise de fortalezas e debilidades e a partir de aí obsérvase, e ademais ese PXNL propón unhas tarefas que deberían ser normais nese período, porque cando...eu son de aldea, e estou orgullosa de selo, e na miña época de nena fun á escola desa aldea, na época franquista, e alí non se falaba castelán pero na escola entrabas e mergullábante no castelán e despois ías entendéndoo. Cando agora che din que traumatizas a un neno castelanfalante na escola por falarlle galego...Non debemos esquecer que estamos nun país con dúas linguas oficiais e hai nenos que aprenderon a falar en galego e os mergullan en castelán. Entón ante isto preténdese manter unhas liñas para que os nenos que aprenden a falar en galego aprendan despois o castelán. Obviamente estamos nun país moi diverso, con catro linguas polo menos, e neste momento obviamente non nos chega con dominar unha ou dúas linguas...debo dicir que sería imposible non aprender castelán aínda non aparecendo na escola. Eu creo que hai que respectar a lingua materna e logo introducir as outras, formar aos futuros mestres para que sexan capaces de favorecer o uso desas dúas linguas indistintamente, que obviamente son moi parecidas e seguiremos escoitando interferencias.*

## **Etapa II – Decisión/Programación**

- Que actores participan directamente no proceso de deseño e redacción dese modelo lingüístico? Que papel xoga cada un? Mantiñan posicións similares ou enfrontadas? De ser o caso, cales?

*No plano técnico, o Decreto sae directamente de Educación polo que é este órgano quen o pacta, tamén co PP. O PP estaba de acordo e unha parlamentaria, Manuela Besteiro, saíu na*

*prensa sobre o 21 de xaneiro de 2007 dicindo que grazas a eles o PXNL se facía Decreto onde se apoiaba o uso do galego...eu recordo á conselleira que estaba moi contenta porque conseguiran a unanimidade dos grupos parlamentarios despois de traballo entre eles. Cando había problemas co PP, o que facían era transcribir partes do PXNL ás que non podían dicir que non porque tamén o apoiarán. Pero alguén lle dixo á Conselleira que paciencia, con coidado...e ao día seguinte o PP rompeu o acordo. O Decreto saíu da parte da Consellería, entendo que negociándoo co BNG primeiro, e logo foi ao Parlamento e os tres grupos chegaron a ese consenso, pero o PP hoxe di que si e mañá di que non.*

- No seo do Goberno, existían diferentes posicións ante o modelo lingüístico a desenvolver?

*A verdade é que non sei moito sobre iso...podo entender que probablemente o BNG quería ir algo máis alá. Pero xa che digo que por aí non houbo dificultades porque se tomou como modelo o PXNL, no que participou moita xente relacionada co BNG. Podíase discutir sobre algunha cuestión concreta pero en xeral estábamos de acordo.*

- Que actores externos ao proceso de deseño tentaron influír? Que posicións mantiñan? Como actuaba a Xunta de Galicia en canto á participación dos demais actores externos?

*Eu creo que se traballou fundamentalmente polos asesores e a xente da Consellería, puideron pedir consello puntual. O tema de Gloria Lago é distinto, intentou e conseguiu. Porque o Decreto saíu adiante pero ao longo da lexislatura impúxose a idea da imposición do galego, e por outro lado hai que unilo coa valoración da sociedade rural ou semi-rural da lingua, onde é moi baixa. Probablemente por esta idea de que o galego non vale para nada porque total chegas ao Cebreiro e xa che saca a voz. Esa falta de identificación coa túa cultura, raíces e maneira de entender o mundo é moi difícil de arrancar, e iso leva a esa aceptación silenciosa..."bueno que máis dá se nos entendemos"...e iso permite que asociacións como Galicia Bilingüe, e coa repercusión que ten na prensa galega, a cal sabemos como é, e logo se imos a Madrid a cousa é tremenda, porque incluso esa prensa máis progresista ou que respecta máis a verdade, pois non nos entenden a unha sociedade bilingüe. Entre todo iso Gloria Lago campou ás súas anchas, aí foi realmente todo.*

*Pero en xeral creo que non tivo moito impacto todo isto no propio deseño. Actores como A Mesa, coa que teño sentimentos encontrados porque tiveron a sensación de que foron máis duros con nós no Goberno que co PP. Ao mellor é unha sensación persoal de estar dentro sen ser política profesional e intentando entender as cousas...hai cuestións como a lingüística na que os saltos grandes non nos levan a ningunha parte. Eu tiveron esa sensación.*

- O presidente naquel entón ata realizou unhas declaracións nas que criticaba a implementación incorrecta do modelo, a falta de consecución dos obxectivos e a falta de medios...

*Sempre falamos de medios e nese aspecto, ás veces non tanto os medios materiais como os medios técnicos. Ás veces na Administración, dispoñer dun grupo de técnicos non é tan fácil. Si, seguramente houbo cousas que se puideron facer mellor e máis avanzadas pero tivemos tres anos e medios.*

- Como valora o Decreto en cuestión de obxectivos fixados e etapas?

*Eu creo que no Decreto realmente estaba ben, e os obxectivos que se plasmaron aí paréceme que eran adecuados, porque ademais da definición das materias ou de incorporar o galego ás distintas idades...logo había unha parte, que era o proxecto lingüístico do centro foi algo que non deu tempo a poñelo en marcha. Nós colaboramos xusto aí con outros sociolingüistas de prestixio. E iso é do 2008, así que non deu tempo. En xeral, ese deseño de planificación de cada centro non debería ser igual, primando o acceso ao galego e tendo en conta as TICs, ten que haber centros onde se deba primar o galego, nas cidades, e noutros centros do rural quizais se deba facer 50/50. Traballar con cada centro e ter dispoñibilidade de xente que faga iso era moi importante.*

- Fixáronse mecanismos de avaliación de resultados derivados da aplicación do modelo lingüístico?

*Eu creo que si, que os mecanismos son axeitados pero realmente hai que executar as análises necesarias e logo pois se ás veces hai que facer modificacións...pero penso que ás veces non vemos os mecanismos...é dicir...non realizar as análises pertinentes para ver que é o que pasa. Se ti publicas unha norma terás que ver se funciona, non ao día seguinte pero cunha marxe. Eu creo sinceramente que non deu tempo a poder facer esa avaliacións, non chegamos a eses catro anos.*

### **Etapas III – Implementación**

- En relación á formación do profesorado e aos materiais formativos, que actuacións se levan a cabo ao abeiro deste modelo lingüístico? Realizouse algún proxecto complementario ao propio modelo do Decreto 124/2007?

*Este é outro dos temas que realmente é complicado, nós colaboramos aí aínda que fose desde Educación. Colaboramos con xornadas de normalización e en relación ás diferentes delegacións de Educación. En xeral, creo que falta unha planificación de formación do profesorado. Creo que iso falta para este tema e para tamén o xeral do profesorado de todos os niveis. A nós non nos deu moito tempo para iso aínda que si colaboramos.*

*Eu creo que en xeral, ao mellor esaxero, pero as políticas públicas adolecen disto. Ti deseñas un modelo e logo tes que ver como o levas adiante. É dicir, que formación fas? E logo analizas os resultados, e creo que na educación non se está facendo. Naquela época foise intentando pero con moi pouca marxe.*

- Que marxe se lle deixaba a cada centro para a implementación deste modelo?

*Neste Decreto establecíase unha comisión para levar a cabo os proxectos lingüísticos involucrando a todo o centro, pero obviamente cunhas pautas. A idea de toda esta planificación sería algo do que adolecen normalmente as políticas públicas, que é “vale, deseñamos isto para X anos e logo analizámolo e vemos o que pasou”. Pois iso faría que se fosen modificando certos cambios.*

#### **Etapa IV – Avaliación**

- Por que se rompe o consenso existente ante o Plan Xeral de Normalización Lingüística (2004)? Por que o modelo lingüístico se torna un centro de conflito?

*Isto é unha opinión persoal, coma todas. A dereita e o PP cando non están no goberno fan o que sexa para volver ao goberno, é así. O modelo anterior que implementou o PP era diferente, pero no PXNL trasladábase un modelo no que o PP participou que evidentemente era distinto, é dicir, a implementación dese Plan tiña pouco que ver co que fixera o PP antes. Eu creo que neste país, falo de Galicia e do Estado, a dereita considérase co dereito inalienable a gobernar, e se non está no Goberno é que os outros son uns usurpadores, e polo tanto fai o que sexa. No último período do Bipartito non tivo reparo en apoiar a Gloria Lago e polo tanto crear un conflito lingüístico que nunca houbera antes...ir ás manifestacións, o señor Rueda, e non se ruborizan en absoluto. A súa maneira de entender a política é esa. O que dixeron antes co PXNL non importaba, importaba ese conflito lingüístico porque viron que por aí podían ir, e a partir de aí pois así estamos, porque cando cambian o Decreto de educación e fan cousas...non lles preocupan para nada os nenos. Din que hai que respectar a lingua materna, pero dos galegofalantes non, eses ou non son galegos ou non importan. Na función pública exactamente igual. O único que se pedía no Bipartito era contestar un test en galego, pois sacouse iso como obriga porque non importa, e se te atenden en castelán e protestas eres unha nacionalista e radical. Nisto estamos.*

- Que balance realiza da Política Lingüística e, en concreto, do modelo lingüístico desenvolvido pola Xunta de Galicia no período 2005 - 2009?

*Obviamente teño que facer un balance positivo. Visto en perspectiva foi moi positiva de verdade, con todos os atrancos. Engado algo co que tivemos moito que ver, aínda que non tiña que ver co Decreto pero si que era unha maneira de prestixiar e priorizar o galego, que*

*foi a creación dos CELGA, os certificados para xente que vén doutras comunidades e que eu entendín sempre que se vas traballar noutra comunidade tes que saber a súa lingua. Poden darche un prazo de adaptación discutible pero o respecto aos dereitos lingüísticos ten que estar aí. Entón, o tipo de exames e certificados anteriores eran...non os vou nin cualificar. Ías unhas horas e facías uns exames...e entón si que se crearon eses certificados recoñecidos, que seguen o marco común das pautas europeas e demais, é dicir, hai unhas pautas de carácter avaliativo e iso todo foi importante. Seguen facéndoos e creo que iso si que foi un tema importante para a xente que non é de Galicia.*

*E o balance sobre o modelo tamén é positivo. Seguramente habería aspectos mellorables e que se tivéssemos seguido gobernando iríamos avanzando e iríamos analizando realmente as propostas e vendo onde había que cambiar, pero para a lingua desde logo que foi positivo.*

## **6.2.2 Entrevista Carlos Callón**

Este traballo de investigación ten por obxecto de estudo cada un dos modelos lingüísticos que se teñen aplicado no ensino non universitario de Galicia desde a entrada en vigor da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística ata a actualidade, aos cales se lles aplica un marco de análise de políticas públicas para afondar en cuestións relacionadas, por exemplo, co propio contido de cada Decreto que os desenvolve, os actores participantes no proceso de deseño ou a implementación de cada un dos modelos.

Deste xeito, a continuación fareille unha serie de preguntas coas que aportar a súa perspectiva ao corpo deste traballo.

### **Etapa 1 – Modelo lingüístico Fraga**

- Que avaliación realiza sobre o modelo lingüístico derivado da Lei de Normalización Lingüística? Cal era a situación sociolingüística derivada del? Cal era a situación xeral nese momento?

*O Bipartito nun comezo continúa co Decreto 247/1995 que marcaba unhas materias mínimas a impartir no noso idioma seguindo coa lei educativa estatal vixente nese momento. O Bipartito o que fai é mandar unhas mensaxes tímidas, hai que recoñecelo, porque na verdade nunca ningún decreto en toda a historia da autonomía se cumpriu, iso é algo que hai que ter en conta á hora de avaliar a política lingüística e o papel da Administración Pública, porque cantos decretos hai que teñan o nivel de incumprimento como teñen aqueles referidos á docencia no noso idioma? Esa é unha pregunta pertinente. Entón, o Bipartito comeza dese xeito e despois debido á presión social sobre todo consegue que se promulgue un Decreto que vai na mesma liña ca outros aprobados en comunidades autónomas con lingua propia, incluso gobernadas*

*polo Partido Popular, que de feito tómase de referencia para o decreto do Bipartito o que estaba en vigor nas Illas Baleares, gobernadas por maioría absoluta polo PP. E por parte do Bipartito, polo PSOE e o BNG, procúrase chegar a un acordo co PP nese sentido, de feito, eu participei nas negociacións dese decreto e coñecín primeiras versións del que eran máis ambiciosas que o que despois se acordou co PP, porque o PP tomou como referente o das Baleares. Lembro que as primeiras versións eran moito máis ambiciosas en eidos como a educación infantil, algo tan sinxelo como a educación infantil, pois xeneralizar a aprendizaxe da escritura en galego no conxunto do país. Pois foise para atrás, para acadar o pacto co PP. O PP de feito participa na presentación do Decreto con representantes do Goberno, e despois de conseguilo máis reducido saen do acordo que eles mesmos asinaran, vese que por presións de Madrid, e comezar a atacar o acordo. Non pode sorprendernos porque ese decreto ía na mesma liña que o PXNL aprobado nos estertores do mandato de Fraga.*

- Como se chega ao Plan Xeral de Normalización Lingüística no 2004? Que valoración realiza del? A Mesa participa dalgún xeito na súa creación/deseño?

*O PXNL foi un grande engano. O PXNL xurdiu tamén pola presión directa do BNG, en concreto da deputada Pilar García Negro e pola presión da Mesa que o colocou como un elemento necesario, planificar a recuperación e restauración social do idioma galego. A partir de aí, o PP comeza con plano de engano coa que denominamos “política de homenaxe á lingua” que é homenaxear e dar a impresión de estar facendo algo pero que en realidade é non facer política lingüística, incorporar o idioma en todos os ámbitos, nin recuperar falantes, nin garantir os dereitos lingüísticos. E aí, unha vez que parecía que había unhas garantías que se nos daban de pluralidade no PXNL, incorporámonos varias persoas á súa elaboración e de aí saíu un plan asumible na súa orientación, aprobado por unanimidade no Parlamento e que nunca se cumpriu, senón que ademais se foi no sentido contrario. Era vicepresidente Feixóo cando se aproba o PXNL, o mesmo Feixóo que criticou moitos dos seus puntos, como que as matemáticas se puidesen impartir en galego, lembremos que foi decisión do seu goberno de non impartila en galego e de dar indicación aos institutos de que deberían retirar os materiais que había neste idioma, que foran comprados polo goberno do Bipartito. Entón claro, o PXNL foi un grande engano para todas as persoas que participaron niso. Eu lembro por exemplo o director da Comisión de Comunicación, na que se estableceu un mínimo de dobraxes en galego, é o mesmo director da CRTVG na actualidade, e emite Harry Potter na medianoite, é dicir, que non cumpren ningún dos pasos que alí se establecían para o galego. Foi tempo perdido.*

## **Etapa II – Modelo bipartito**

- Que posición ten A Mesa ante o Decreto 124/2007? Que valoración realiza sobre os obxectivos do modelo, etapas...?

*En realidade non hai un único modelo no Bipartito, senón que ao longo do tempo hai propostas diferentes e tamén dependendo do sector do Goberno, vaise nunha orientación ou noutra, hai que ter iso en conta. Salvo que, quero dicir, o elemento de unión é o decreto que se acaba por aprobar e que no entanto nunca se chega a cumprir, iso tamén é algo fundamental. Ás veces vexo que se pasa por alto na bibliografía que papel sopórtao todo, mais lembremos que o decreto que se aproba nunca se chega a cumprir. Entón, a postura da Mesa naquel momento, do comezo ao fin, é entender que temos que conseguir unha política de maior consenso social posíbel mais que é necesario dar adiantos para a nosa lingua, que non pode ser que se continúe coas normas para o galego en papel mollado. Nós entendemos nese momento sen dúbida que non se vai de cero a cen, que hai que ir de vagariño mais o importante é que se vaia. O que non pode ser é que nos digan que imos ir de vagariño e, en realidade, como dicía Agustín Fernández Paz, “traizoáronos coa teoría do amodiño”, o caso é que non se avanzaba nunca. Entón, esa foi a postura da Mesa, unha postura construtiva e dialogante en todo momento, o que acontece é que ás veces fomos sentados na mesa do diálogo e outras veces non.*

- Que tipo de estratexia de acción desenvolve a organización? Ante a situación, A Mesa busca alianzas con outros actores externos?

*Nós convocamos mobilizacións, era un elemento central das nosas mobilizacións nacionais polo Día das Letras Galegas, cada vez ían sumando máis persoas. E tamén xunto coas mocidades da Mesa e outras organizacións xuvenís organizamos paros estudantís que chegaron a congregar pois a varios miles de estudantes. E despois claro, intentar negociar co Goberno e despois si que nos sentabamos tamén coas asociacións estudantís, cos sindicatos, non? Que hai que lembrar que todos os sindicatos tiveron unha postura favorable ao decreto, especialmente a postura dinamizadora da CIG, hai que recoñecelo, que foi fundamental para dinamizar a difusión do Decreto como despois como dique de contención cando chegou a política destrutiva de Feixóo. Nós o que fixemos tamén desde A Mesa foi, xunto coas forzas normalizadoras, pois impulsar ese debate e negociación directamente co Goberno, un debate e unhas negociacións discretas, sabendo que ás veces tes que dar un paso atrás para logo dar un paso adiante...*

- Desta estratexia xorde a Plataforma Queremos Galego?

*Queremos Galego! Xorde despois...A Mesa sempre intentou ter dialogo con todas as entidades, de feito pensa que cando se fundou no 1986 era xustamente o resultado de varias entidades, entón ese espírito de colaboración coas entidades existía de antes. A Plataforma*

*Queremos Galego! xorde unha vez que os ataques contra o noso idioma se agudizan, non só desde determinados espazos de poder de moitos medios de comunicación senón tamén desde o propio Goberno galego coa presidencia de Feixóo. Foi aí cando decidimos crear a plataforma, como unha aposta por reforzar esa unidade e dar un salto cualitativo. Ti pensa que cando se convocou, lémbrome da primeira manifestación, que se levou a cabo no ano 2009, pois claro fixemos un traballo intensísimo de viaxar polos concellos para mobilizar a cousa...nas radios locais saíamos mais no que eran as noticias nacionais case non había impacto do que estabamos a dicir, era moi pouquiño o impacto, entón claro chegamos á manifestación...para min foi un momento emotivo que lembrarei toda a vida, estou chegando para a Alameda e a xente dicía “Carlos, a autoestrada está colapsada”, foi un momento moi emotivo, a xente saíu á rúa a pesar de que non había case medios para convocala. Lembro que lle dixen aos manifestantes que como estaban alí se nin saíra nos medios nin na TVG. Houbo unha certa solemnidade que mostraba que estabamos nun momento diferente, e despois desa manifestación convocada pola Mesa foi cando xurdíu a Plataforma Queremos Galego!*

- *A Mesa xoga algún papel no deseño do modelo lingüístico expresado polo Decreto 124/2007? Ten algún tipo de contacto coa Xunta de Galicia? Como se desenvolve este contacto?*

*A Mesa é impulsora, porque a Mesa convoca mobilizacións, por exemplo no Día das Letras Galegas, mobilizacións estudantís e algunhas con moi importante apoio nese momento reclamando un novo marco normativo pra o galego...que tivese como mínimo esa orientación das Baleares, como mínimo. Aí somos o motor, polas mobilizacións e solicitude continua de entrevistas e encontros co propio equipo da Consellería de Educación, co departamento de Política Lingüística, enviando solicitudes ao departamento de Presidencia e Vicepresidencia do Goberno galego. Entón, é un papel de impulsora desa mudanza.*

*Por parte da Consellería de Educación, do PSOE, houbo receptividade. Onde non houbo receptividade foi por parte da Presidencia do Goberno galego do PSOE, quero dicir que tamén non é só dividir entre partidos, senón que dentro dos partidos tamén hai diferentes sensibilidades, e a postura do Presidente Emilio Pérez Touriño, como el mesmo evidenciou, pois non foi de apoio ás medidas no seu propio Goberno, polo que ao final dificilmente optou por dispararse nos pés desa forma. Algo que tamén poder comprobar na prensa é que había ataques moi serios contra o galego no ensino e contra o decreto a favor dos mínimos para o galego no ensino, mais o Presidente do Goberno galego, e o Goberno galego como conxunto, non saíu a defender o Decreto. Era curioso ver como era a parte do Goberno doutros departamentos os que defendían o Decreto e non os propios afectados e sobre todo o Presidente. Iso foi un erro como o tempo demostrou, os actos mídense polas consecuencias*

*e aí vemos cales foron as consecuencias da falta de defensa da aplicacións desas políticas públicas, porque claro, se ves os xornais e televisións daquela altura poderás ver como había uns discursos moi exaltados sobre a imposicións, xornais madrileños na primeira paxina co de que “en Galicia no se puede aprender castellano”, “ay es que mi hijo tiene que ir desde Vigo y no puede aprender castellano por culpa de la imposición del Bipartito” e ese tipo de cousas, literalmente o mundo ao revés, non se correspondían ese tipo de cousas coa realidade, e no entanto non houbo unha campaña do propio Goberno explicando cal era a situación real. E tamén teño que dicir que desde A Mesa propuxemos e instamos ao Goberno galego a que revisase esa campaña informativa e de sensibilización.*

- *A que achaca as diferentes posturas ás que fai referencia, non só entre os partidos do Goberno senón que incluso dentro do PSdG?*

*Por diferente sensibilidades dentro do partido e diferentes correntes, pense que nese momento aínda tiñan moito peso figuras como Francisco Vázquez, que era o alcalde da Coruña que se negou a utilizar o topónimo propio, que se negaba a protexer o galego no ámbito oficial...chegou a dicir nunha conferencia que fora un erro que o galego, catalán e vasco fosen legais...entón claro, era unha figura moi importante, e no propio Goberno galego como Conselleiro de Presidencia estaba unha persoa moi vinculada a el, que tamén era contraria ao galego e que de feito promoveu iniciativas contra o galego nesa altura, como foi José Luís Méndez Romeu, entón efectivamente había diferentes sensibilidades dentro do partido que teñen que estudarse dende o ámbito da política xeral e das dinámicas dos partidos. E vese que a Conselleira de Educación, Laura Sánchez Piñón, tiña unha postura máis receptiva á diversidade lingüística e cultural do Estado e da situación lingüística do país, máis comprensiva no sentido en que había que dar adiantos, iso tamén llo hai que recoñecer.*

- *Como valora o modelo lingüístico do bipartito en termos de grao de cumprimento cos obxectivos? Tivo o modelo lingüístico algunha eiva que dificultou a súa implementación exitosa? Como valora os mecanismos avaliativos dos efectos deste modelo?*

*O problema serio é ese, que nunca se chegou a aplicar en realidade. Claro, porque efectivamente se promulgas un decreto, anuncias que haberá unha nova situación e en canto un partido da oposición di de repente que se desliga do acordo e utiliza todas as forzas mediáticas que ten, que non son poucas, para atacar, en lugar de responder e aplicar ese decreto, o que se fixo foi unha política de pusilanimidade, e isto é un problema moi...claro, por un lado dicían que se impuña o galego e en realidade atopábaste con que había máis materiais pedagóxicos en galego, algo fundamental na docencia, polo que non houbo un salto adiante.*

*É certo que había proxectos que se comezaban e que non tiveron tempo para desenvolverse, hai que recoñecelo. Proxectos como o de inmersión lingüística nas cidades e vilas..- que tiñan moitas debilidades, que tiñan máis demanda ca oferta, e que se iso se consolidase pois podíamos falar dunha situación moi diferente para o noso idioma, iso é indiscutíbel.*

*Mais sendo iso verdade, máis grave foi que non se puxesen os resortes para que ese decreto non se cumprise, non? Estou falando de campañas de sensibilización, formación do profesorado, de cursos de reciclaxe para o profesorado...non estou a falar de imposición, como ás veces nos caricaturizan, senón xustamente de dar os resortes posibles pra que...ou sexa, o mesmo que se fai noutras normas, o mesmo que se fai. Se queres que o profesorado teñan capacidades dixitais, competencias dixitais...pois fas todo un despregamento de actividades para garantir iso, non? Pois nun tema tan importante como o da lingua nin houbo campaña, nin houbo cursos de reciclaxe, nin houbo todo o que se podería facer...reunións co profesorado como en outros lugares, pois non o houbo. Entón, ao final encontrámonos cunha situación de confusión tamén por parte da sociedade.*

### **Etapa III – Modelo Feixóo**

- Por que se rompe o consenso existente ante o Plan Xeral de Normalización Lingüística (2004)? Por que o modelo lingüístico se torna un centro de conflito?

*Pois a que o PP está sempre disposto a recoñecer dereitos sempre e cando non se garanta o seu exercicio. Se o PP goberna está disposto a realizar unha política narcótica na cal, depende de quen teña máis poder no PP, se procura unha morte doce da lingua, porque se son moi agresivos saben que iso ten unha resposta social. Entón o PXNL, igual que outras cuestións que aprobaba o PP nese momento ían nese sentido, “deixa que aparente que facemos algunha cousa sempre que teñamos a capacidade de decisión dese goberno para que non se faga nada”. E unha vez que establece alguén unhas mínimas, porque tamén as condicións dese bipartito foron difíciles e a correlación de forzas tamén era complicada..., mais sempre o feito de que houbera unha mínima discusión xa colocou ao PP totalmente en contra, porque efectivamente o que fai o PP é oporse a que poidan cumprirse aquelas cousas que eles mesmos apoiaron.*

- Que posición ten A Mesa ante o Decreto do plurilingüismo do Goberno do Partido Popular?

*A nosa posición é que o decreto que se aprobou por unanimidade o que hai que facer é cumprilo ou melloralo, non derogalo para dar un paso atrás histórico. Pensemos que o decreto do mal chamado plurilingüismo, significa o primeiro retroceso legal para o idioma galego na etapa autonómica. Se ata o momento se aprobaban normas que non se cumprían, ou normas que ás veces era curioso observar como unha vez que se aprobaba unha norma*

*a favor do galego había un expediente inmediatamente que estaba a favor do galego, penso por exemplo na Lei de Normalización Lingüística, que se aproba e ábreselle un expediente a Pilar García Negro, profesora de secundaria nun instituto da Coruña, por dar aulas en galego. A única profesora que daba aulas en galego nese momento. Cando se aproba o Decreto de 1995, expediente contra o profesor Mariano Vidal de Ribeira porque cumpría o Decreto co apoio das familias para ter o ensino en galego no colexio de Palmeira. Houbera unha campaña intensísima, mesmo saíran noticias nos xornais do Estado dicindo que “los niños de Palmeira no pueden contar con educación en castellano”. Entón, temos en conta esta cuestión.*

*Mais sendo certo que noutras ocasións se aproban normas e que non se cumpría, e que mesmo podía haber expedientes, o mal chamado Decreto do Plurilingüismo ou Decretazo, como chamamos naqueles momentos as organizacións en contra, pois é o primeiro retroceso legal. Entón, a postura da mesa é totalmente en contra desa prohibición e a favor de que se respectasen os consensos cos que se chegaran co PP no seu momento.*

- Que valoración fai da participación externa no deseño deste modelo lingüístico? Ten A Mesa algún contacto coa Xunta de Galicia neste proceso?

*Temos contacto, hai reunións, diálogo non. Co Conselleiro de Educación nese momento, Jesús Vázquez Abad, e co Secretario Xeral de Política Lingüística, Anxo M. Lorenzo. Pero era como falar cunha parede, a disposición ao diálogo era cero, a disposición a escoitar a outra parte era totalmente negativa, tiveron realmente unha postura de desprezo cara as persoas que pedíamos o cumprimento da Lei de Normalización, da Carta Europea das Linguas, da Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos...todo iso para eles era papel mollado. Pensa que a postura da Mesa ía acompañada da postura de todos os sindicatos, de todos, da mesa sectorial, absolutamente todos os sindicatos se opuñan ao decreto do PP. Aí houbo unha figura fundamental como a de Anxo Louzao, o secretario da CIG-Ensino, pensa que a CIG é o sindicato maioritario no profesorado e colleu toda esta cuestión como central para o sindicato. Outros sindicatos acabaron por ter unha postura máis activa debido a que a CIG-Ensino o colocou como tema central, por diante doutras reivindicacións sectoriais ou profesionais.*

- De onde cre entón que lle puido vir á Xunta todo o plantexamento deste decreto?

*Pois a cuestión é que se viu coa norma...cando se desvincularan co que eles mesmos acordaran. Presións de Madrid, de que xa non mandaban os mesmos. É que non podemos separar porque a dinámica de Política Lingüística depende da dinámica do partido, non só a nivel galego, porque aí vemos o debate entre as boinas e os birretes, os caciques tradicionais e a nova directiva urbana que soña con Madrid. Entón os birretes acabaron gañando a batalla, e logo o PP a nivel de Estado, acaba virando cada vez máis á dereita. É un novo discurso de*

*dereitas, non só no ámbito do Estado español, senón en todo o mundo, chámese Bolsonaro ou Trump. Entón todo ese caldo de cultivo tamén está esa orientación...había unha parte do PP que non gostaba nin tan sequera das políticas formalmente galeguistas, só formalmente porque xa sabemos que na práctica non, de Manuel Fraga Iribarne. E eses que non gostaban pasaron a ter máis poder no partido.*

- *Que estratexia de acción desenvolve A Mesa ante este novo modelo? Realiza A Mesa algunha alianza con algún outro actor externo á Administración?*

*Nese momento realizamos mobilizacións, acumulo de forzas sociais, eh...iso, todos os sindicatos estudiantís en contra, as asociacións de nais e pais, excepto unha ligada coas escolas privadas, o resto desas asociacións de pais e nais de toda Galiza estaban en contra do "Decretazo"...iso tamén hai que telo en conta, é dicir, poucas normas saen adiante en calquera país se teñen tal nivel de oposición, e mais cun Goberno nesa altura que gobernaba cun deputado máis pero con menos votos que a suma da oposición, iso tamén hai que telo presente, que PSOE e BNG sumaban máis votos ca o PP no ano 2009.*

*Pero en fin, A Mesa, presión na rúa, diálogo coa sociedade, coas institucións diversas, e tamén nós intentar co Goberno, a pesar de que con nós o Goberno efectivamente non escoitaba e de feito así foi, que aprobou o Decreto sen ningún tipo de diálogo. E tamén algo máis, que desde A Mesa sentámonos co Consello da Cultura Galega e coa Real Academia Galega pra que tivesen un papel activo nesta protesta, e conseguíuse cando menos que a RAG si tivese un papel importante, tanto en discursos de Xosé Ramón Barreiro reclamando de forma solemne ao Goberno que non debería continuar con ese decretazo contra o galego, iso é moi importante, como tamén no recurso que presentou a RAG contra este decreto e que lle hai que recoñecer. No caso do Consello da Cultura Galego pode constatarse que non tiveron o mesmo nivel e que mesmo pasado o tempo, creo que podemos recoñecer que hai un nivel de domesticación importante por parte dalgunhas institucións culturais galegas fronte ao Goberno galego, non? É unha cousa que se pode constatar. E aí está o novo Secretario Xeral de Política Lingüística, Valentín García, que aínda que ten un departamento con cada vez menos diñeiro, reparte cheques para ter as bocas caladas, pero claro é así, cheques cada vez máis pequenos pero como a situación do mundo é a que é resulta sorprendente. Temos un decreto que prohíbe as matemáticas, física e química e tecnoloxía en galego, e dificulta que calquera familia poida educar aos seus fillos en galego en calquera cidade, vila ou mesmo no rural. No entanto, como se non acontecese nada. Eu non o entendo, non o entendo, aí vese un nivel de domesticación desde o ano 2009 pola parte da cultura galega que non existía.*

- *Ten explicado a problemática do grao de cumprimento deste decreto máis dos anteriores, en que dirección se debería camiñar para o cumprimento efectivo?*

*Hai unha cousa que falta e que é o ingrediente fundamental: a vontade. Se hai vontade, todo o resto das cousas...moitas veces pensamos que é un problema técnico, e non é un problema técnico porque non é un problema...unha vez que queiras facelo, evidentemente mirarás a avaliación, a edición de materiais...por poñer un exemplo, desde os anos 80 é obrigatorio impartir en galego Xeografía e Historia, Coñecemento do Medio...cantos atlas ou globos terráqueos en galego hai a día de hoxe no mercado? Ningún. Entón claro, se tes vontade...a lista de medidas están establecidas no propio PXNL, así que non é un problema técnico, o problema é que non se quere, quérese ir polo camiño contrario. É coma se pensamos que é un problema técnico que a TVG emita estreos de cinema competitivo de madrugada, fano porque non lles queda máis remedio que dobrar pero non queren que o vexa ninguén. Esa é a realidade. Se chega a ser en Antena 3 ou en Telecinco, a persoa que fai iso despediríana ao momento. Por que non se fai iso na TVG? Porque está facendo o que lle mandan. Entón o problema fundamental é a vontade, non pensemos que é algo técnico. Ás veces pensar que é algo técnico lévanos a acabar perdendo o tempo en asuntos que non son. Cando o dedo sinala a Lúa, non temos que mirar ao dedo.*

### **6.2.3 Entrevista Pilar García Negro**

Este traballo de investigación ten por obxecto de estudo cada un dos modelos lingüísticos que se teñen aplicado no ensino non universitario de Galicia desde a entrada en vigor da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística ata a actualidade, aos cales se lles aplica un marco de análise de políticas públicas para afondar en cuestións relacionadas, por exemplo, co propio contido de cada Decreto que os desenvolve, os actores participantes no proceso de deseño ou a implementación de cada un dos modelos.

Deste xeito, a continuación fareille unha serie de preguntas coas que aportar a súa perspectiva ao corpo deste traballo.

1. Como era a situación do ensino non universitario galego antes do Decreto 247/1995?  
Que propostas existían?

*O primeiro que non sei se tes en conta, supoño que si porque ese foi no seu día un plano organizado con toda a especificación para a utilización do galego como lingua vehicular nas diferentes...en todo o que era o ensino preuniversitario, en 1989. Este documento foi promovido pola Unión de Traballadores do Ensino de Galiza, a Asociación Sociopedagóxica Galega, A Mesa pola Normalización Lingüística e 16 entidades máis que o secundaron. Non era nada oficial, senón a idea era que chegase avalado polas autoridades educativas, foi presentado formalmente ao que era daquela o Conselleiro de Educación, Aniceto Núñez, tamén á Presidencia do Parlamento e despois houbo presentacións sectoriais por toda a Galiza. E era o plano perfectamente organizado para garantir a introdución e o gradual*

*aumento do galego como lingua vehicular no ensino. Daquela falabamos continuamente de que a asignaturización do galego non era o remedio, a solución, e efectivamente a historia posterior pois confirmou isto.*

*Nesa etapa perdeuse un tempo precioso. Na recuperación e implantación do galego no ámbito fundamental como é o ensino. Fago esta afirmación porque a LNL, que está a piques de cumprir 40 anos, ten eivas conxénitas e outras adquiridas. As conxénitas dependen en primeiro lugar do marco legal superior, que é o Estatuto de Autonomía, e este do seu superior que é a Constitución. En segundo lugar, a LNL ten unha virtualidade legal moi escasa, porque o uso de verbos do tipo “fomentar, promover, potenciar”, non implican obrigas que comprometan aos poderes públicos. Unha lei, para ser efectiva, ha de ser prescriptiva ao máximo. E unha lei que atenda a unha materia sensíbel como é a normalización lingüística ha de ser procesual e ha de incluír mecanismos de autoavaliación e de corrección. Isto é, hai outro tipo de lexislacións que poden xogar a unha prescripción concreta e en virtude dela establecer o que é esa ortodoxe legal e o que é por contra o incumprimento.*

*Nunha materia como a normalización lingüística estamos a falar dun proceso, que por iso requiriría na redación da lei prescriptividade por unha banda, e por outra banda, a atención á propia corrección legal conforme as circunstancias que a aplicación desa lei e os os problemas que poidesen xurdir aconsellasen. E nada disto está previsto na lei.*

*A eiva adquirida fundamental foi a súa inaplicación. Isto é, hai un decreto emanado da propia lei en virtude do cal se establece a materia da lingua galega e a obriga, por exemplo, de ser impartidas en castelán as aulas de lingua e literatura española. Menciono este caso, se se me permite, polo que ten de persoal porque o expediente que se me abriu foi ao abeiro da LNL e do decreto emanado dela.*

*A partir de aí hai, nos anos 86-87, hai un movemento pola parte oficial vinculado a este feito de prever o uso do galego como lingua vehicular. E mereceu axiña a denuncia por parte do Estado, a impugnación mellor dito por parte do Goberno do Estado. No ano 89, como che digo, hai ese programa completo que prevía que en todos os graos de ensino preuniversitario, o ensino non universitario, é dicir, ensino infantil, EGB, Bacharelato e Formación Profesional. Despois habería que acomodar iso ás nomenclaturas actuais. Pero aí o que se prevía era unha presenza nunca inferior a un terzo nas materias ou nas actividades, porque no ensino infantil pois falamos máis de xogos, actividades, música, cancións...en galego. Nunca inferior a un terzo e con previsión certa de que esa porcentaxe, gradualmente fose aumentando dun curso para outro, nese exercicio de autoavaliación e de engadir ou prever correctivos ou modificacións en función dos resultados e dese exercicio de avaliación como digo. Esta iniciativa social, sindical e de base pro-galego non chegou a bon porto.*

*Entón, se de aí xa nos situamos no ano 1995, que é polo que me preguntas, entón falaríamos dunha novidade legal mais que volveu naufragar por esquecer o que a normalización dun idioma ten de procesual. Ten de gradual, por tanto sempre de avaliar resultados nunha dirección que debe estar presidida pola idea do proceso social e público do propio galego. Isto na materia estrita denominada ensino.*

*Mais é que nese tempo, e a partir de aí moito máis, comprobamos outra eiva fundamental, que é que o ensino non é insular. O ensino ten unha importancia vital por instrución, formación e ocupación de tempo na vida de nenos e rapaces, de persoas novas, nunha etapa vital que é fundamental por motivos de facultades cognitivas, de capacidades cerebrais, de socializacións, de asociación afectiva co que aprendemos, que pertencen aos principios básicos da pedagogía.*

*Agora ben, tal e como a LNL establecía teoricamente, aínda que sen mecanismos de executividade, de cumprimento do preceito legal, a segunda eiva fundamental é que no ensino non existíu ese proceso internamente, nen houbo a menor intención política de levalo adiante, por tanto, moito menos de avalialo e melloralo; e no resto dos campos de actuación social e pública nada de nada.*

*Aí temos o funcionamento dos medios de comunicación de titularidade pública, a radio e a televisión, un funcionamento absolutamente deficiente e que foi a peor, inclusive con eliminación de medidas básicas e no seu momento de tratamento da lingua. Temos o campo da Administración Pública e de como non hai exemplos que poidan servir de emulación, porque toda lingua en proceso de normalización necesita unha emulación, pra que actúe na masa social necesita elementos con capacidade de imán, con capacidade de atraír falantes ou de fixalos. Se pasamos a un campo fundamental como é o da Xustiza, exactamente o mesmo ou peor. Se consideramos o campo fundamental como o uso eclesiástico, independentemente das crenzas do persoal, pero polo que ten de incidencia certa na masa social, pois exactamente o mesmo. Que quero indicar con isto? Pois que non houbo o tratamento adecuado no ensino, e nos outros dominios ou ámbitos onde o galego gradualmente tería que ter sido moito máis visíbel e audíbel, non o foi en absoluto. De maneira que todo iso é o que explica paseniñamente, máis de forma contundente, pois xa se imos dun século para outro, a deplorábel situación actual.*

2. Existía un consenso social e político amplo para levar a cabo de política no ensino?

Que actores políticos e sociais estaban inmersos nese proceso?

*Existía amplísimamente e cunha moi volumosa masa do profesorado e do estudantado plenamente de acordo coas súas disposicións. Porque xa che digo, non é alleo a isto a labor continuada da Mesa pola Normalización Lingüística, da Unión de Traballadores do Ensino de*

*Galiza, que despois pasa a ser a CIG-Ensino, e houbo unha batalla continuada a prol do cumprimento da LNL no único artigo prescriptivo claro que esta lingua posúe, o número 10, o referido á toponimia, cun combate continuado en cidades como A Coruña ou vilas como Pontareas ou a Pobra do Caramiñal. Entón, no proceso de normalización lingüística nunca podemos desligar unha batalla da outra, todo contribúe nesa dirección, e cunha movimentación continuada tanto no propio ensino como en celebracións xa consolidadas oficialmente como o 17 de maio, o Día das Letras Galegas.*

*De maneira que claro que había unha tensión favorable a unha necesidade, de que o galego aumentase de forma notoria a súa presenza social e pública. O que non houbo foi a axuda e o comportamento esixíbel por parte dos poderes públicos, entón todo este esforzo de base rendeu moito menos do esperado por batallar nunha contorna hostil, por non ter o necesario amparo institucional.*

3. Como se chega ao Decreto 247/1995? Que valoración realiza del? Que actores participan na súa elaboración? Desde a Xunta de Galicia existía receptividade a recoller propostas para o modelo lingüístico?

*Aí hai que ter en conta que daquela as iniciativas de carácter social ou docente, da corrección da toponimia e demais, hai que ter en conta que naquel período tamén foron moi numerosas e constantes as iniciativas parlamentarias. Ou dito doutra maneira, a lingua era un tema de presenza continua na axenda temática nacionalista. E iso claro que exerceu unha presión que levou a establecer un marco legal admisíbel, ou minimamente protector da lingua galega.*

*Os actores que participan son os que nomeei antes. En canto ao da Xunta, si e non. Quero dicir, a ver se me explico, por parte da oficialidade institucional galega autonómica nunca se admitiu poñer en cuestión nin a Constitución nin o Estatuto. O que a propia loita derivada desta necesidade do galego impuña, porque eran datos nalgúns casos se ocupaban de desvelar, datos de presenza do galego ou exclusión en tantos campos, entón esta presión existiu. Ese eco existiu pola parte oficial. Do punto de vista dalgúns representantes, pois a interlocución por exemplo cun Conselleiro de Educación como Celso Curras, ou cun Director de Política Lingüística, por mor desta presión continuada resultaron máis doadas. Eran uns tempos onde aínda a denominada autonomía, ou como eu denominei en tantas ocasións “autoanemia galega”, tiña pola parte oficial que alidarse como tal. Por outra banda, esta presión era constante, de maneira que esa era a tensión en que se vivía.*

4. En canto ao grao de incumprimento que sinala, de que deriva este? Que valoración fai do establecemento de obxectivos, etapas, ferramentas de análise de implantación...?

*Todo ten que ver coa falta de vontade política na aplicación, e coa utilización dunha coartada perversa, que era a falta de formación do profesorado, a falta de libros de textos, ou noutros*

casos inclusive a falta de consenso social. Por que denomino isto a coartada perversa? Porque non houbo nunca pola parte oficial un intento serio de aplicación, de executar a sociopedagogía convinte e de dar por sentado un principio fundamental, que o galego onde ten que existir e ser lingua completa, oral, escrita, audíbel e visíbel é na propia Galiza, e o ensino xoga un papel fundamental. Cando este principio se despeza, ou cando non se ten en conta, pois claro, os resultados van ser deplorables ou inexistentes. E despois non está demais lembrar a utilización como pretexto ou como artificio nefasto a cuestión da normativa, é dicir, a intención dun determinado galego normativo como se fose un idioma independente do galego real existente. O galego real existente estaba e está interferido e contaminado pola lingua oficial do Estado, o español, así que aí o criterio fundamental sería conseguir a melloría, é dicir, en palabras de Carvalho Calero, “galeguizar o galego”. Consegue que o galego volvese recuperar a súa xenuidade, a súa esencia como lingua, e naturalmente modernizado.

Falabamos daquela xa de dous vectores fundamentais: Popularizar e prestixiar. Isto é, conseguir desde o punto de vista cuantitativo como do cualitativo, a melloría do galego. E todo isto sobre unha base que a propia LNL se viu impelida a establecer, e é fundamental este punto. É a reintegración no galego tanto de galegofalantes de orixe, iniciais, posuidores do galego como lingua ambiental, como de español falantes como lingua inicial. E en ambos casos cómpre falar de reintegración. No primeiro por ampliaren o uso do galego a todos aqueles ámbitos e funcións excluídos por mor da diglosia, por mor desa distribución disimétrica e inferiorizante da lingua galega. E no segundo caso, no caso dos español falantes de orixe, por írense familiarizando paulatinamente coa lingua galega como lingua nativa, nacional da Galiza. Por tanto, en ambos casos cómpre falar de reintegración. Isto é, dun carácter conferido ao universo dos estudantes, alumnos, o mesmo dereito e o mesmo deber, e aí cabe unha gradualidade, por suposto. Porque aí podíamos partir dun grao de coñecemento previo do galego diferente, e aí é onde caben tácticas pedagóxicas diferentes, mais sempre coa presenza garantida do galego.

Hai algo tan elemental do punto de vista material e social e visíbel para todo o mundo, que é o principio de inmersión, que non se discute cando se fala do inglés pra que haxa mobilidade do estudiantado en Irlanda ou en Inglaterra ou en calquera outro lugar, ou non Imperio Norteamericano, para estes alumnos e alumnas familiarizárense a base de pura inmersión coa lingua inglesa, que se considera absolutamente imprescindible, e en troca negar isto mesmo para a lingua nacional, para a lingua galega. Isto é absolutamente perverso, e desde aquela, desde eses derradeiros anos do século XX até hoxe, pois o panorama non fixo máis que apiorar, tamén por mor dunha globalización desatada que inflúe dunha maneira terríbel na propia autopercepción, isto é, nese bombardeo ideolóxico e propagandístico constatare, que quere facer de nós cidadáns do mundo alleos a calquera pertenza nacional, a calquera

*identidade nacional dada, e todo isto naturalmente baixo a batuta do inglés, e por suposto do español, como elemento considerado imprescindible.*

5. Como se chega ao Plan Xeral de Normalización Lingüística? Que valoración fai del?

*Tamén aquí temos que lembrar que concretamente e con toda verdade de como foi o proceso, o PXNL nace ou deriva mellor dito de iniciativas debidas ao nacionalismo galego, ao BNG, e pola miña directa intervención, a textos legais que foran presentados no Parlamento. Isto é, no décimo aniversario da LNL defendeuse no Parlamento unha proposición de lei, organizada por tanto de principio a fin como unha lei, de reforma da LNL. Non prosperou. O esquema fundamental desta Lei restauraba os principios da lei disposta polo BNPG e PSG da primeira lexislatura. Esta lei non puidera ser defendida pola expulsión dos tres deputados desta coalición existentes naquela primeira lexislatura. Esta proposición de lei de 1993 establecía como principio fundamental a práctica fundamental do galego, institucional, como eixo ou pauta fundamental a ter en conta polos poderes públicos galegos. E a partir de aí, xa dun inicio do que se pode denominar normalización da lingua promovida ou fomentada desde esa institucionalidade, con outros moitos ingredientes de actualización a aquela altura.*

*Agora ben, dez anos despois, en 2003, xa o que fixemos foi, para contribuírmos a un necesario esclarecemento conceptual, a redacción dunha lei de uso social e público da lingua galega, con énfase na palabra uso, porque as declaracións de amor ou homenaxe á lingua galega que non contén con este elemento fundamental dunha lingua, que é o seu uso social e público, non valen de nada. Ate poden ser elementos narcóticos, consoladores, placebo, que non teñan a menor virtualidade práctica. Entón isto en 2003, con elaboracións xa do ano anterior.*

*Entón, todo isto é o que está detrás como subtexto, se o queremos denominar así, do PXNL, que aborda a Consellería de Educación no seu momento e que por tamén presión nosa convoca, por exemplo, á Asociación Sociopedagóxica Galega, e estaban presentes por primeira vez outras asociacións pedagóxicas tamén pro-galego, estaba presente tamén por suposto a parte oficial e as xa existentes tres universidades galegas. Entón, aí, conforme un esquema que xa na moda terminolóxica daquela falaba de debilidades e fortalezas do galego, e a partir de aí establecía claramente uns obxectivos e as medidas políticas prácticas concretas para cumprir e executar eses obxectivos, todo isto ao longo de varios meses, e o que deu lugar á elaboración dese plano, e a súa aprobación parlamentaria por unanimidade en setembro do 2004. Entón aí si que se conseguiu un punto de partida legal e parlamentar fundamental. Problema por enésima vez, nen se tivo en conta nen se exectou, nen moito menos tivo a avaliación necesaria porque non se puxo en práctica.*

6. Existía un consenso sobre o contido deste Plan?

*Claro, ben, é que hai un interregno que é o goberno do PSOE e do BNG que dura tres anos e medio e o Decreto do 2007. Todo isto foi sometido a golpismo institucional co Goberno do 2009 e o Decreto do 2010, chamado eufemisticamente do plurilingüismo. No propio PXNL, formalmente non había diferenzas, no fondo si. Formalmente non porque foi aprobado en termos de acordo, de fondo si. Porque por parte do arco parlamentar, político e partidista españolista, aí nen houbo nen hai ningunha intención de modificar o statu quo, de rectificar nada nin de mudar nada. Pero claro, por que se chega a elaborar baixo a batuta oficial da Consellería e inclusive da Dirección Xeral de Política Lingüística este plan? Por esa continuada presión, tanto no ámbito parlamentar e institucional en xeral, como na rúa, como na mobilización social continuada desde moitos anos atrás. Entón sería ese documento válido para unha rectificación da política lingüística? Completamente. Pero non chegou a ser executado e por tanto avaliado de ningunha maneira, e despois cando o PP volve ter o mando autonómico a partir do 2009, xa non é que se deixase a política lingüística a unha inercia, a unha pasividade e conformismo negativo para o galego, senón que o que se programa a partir de aí son medidas anti-galego, de exclusión directa da lingua galega. Entón, isto atinxe de forma mortal ao ensino, dunha forma que ben coñecemos desde aquela, mais tamén doutros campos como a Administración, os medios de comunicación de titularidade pública...en fin, o que xa sabemos.*

7. Para rematar, e tendo en conta eses obxectivos do PXNL e tendo en conta os modelos do 2007 e 2010 e a situación do galego, cara onde tería que camiñar o modelo lingüístico?

*En primeiro lugar, mudanza ideolóxica ou epistemolóxica total. É dicir, ao recoñecemento como principio básico e irrenunciábel é que o galego é a lingua nativa e nacional da Galiza. De que a altura actual padece un déficit non natural, senón provocado por unha inexistente política lingüística a prol de si mesmo, a prol do galego, e por unha contundente e continuada españolización. En todos os sentidos. Tanto na definición da identidade básica como en todos os ámbitos ou dominios onde o galego tería que estar presente, por iso comecei esta conversa falando de que acumulamos décadas onde se fixo todo o contrario do que cumpría facer. Cousa que non aconteceu no caso de Euskadi e Catalunya, onde non están normalizadas as súas linguas nacionais, continúan acumulando problemas, algúns de vellos e outros novos, mais a política foi netamente diferente. É dicir, si que podemos falar neste caso dunha política certa de protección do catalán e do euskaro como idiomas nacionais, por tanto, coa necesaria presenza social e pública.*

*Aquí iso non se deu en absoluto, e a gravidade está como xa indicamos tamén nunha apioramento, nunha programación da exclusión do galego, por se non o abocase xa con toda*

*esa tradición histórica ou inercia de concederlle naturalidade á inferioridade social e pública do galego. De maneira que este sería o primeiro principio.*

*O segundo principio fundamental é: todas as actuacións autonómicas, xa no marco actual, en todos os campos, en todas as consellerías, en todos os ámbitos da función pública, ensino incluído, que fosen camiñando na progresiva naturalización do galego como lingua de uso normal. E por tanto, isto ten ou terá ou tería unha consecuencia lóxica da propia percepción social do idioma, no propio, se o queremos dicir en termos vulgares ou morais, no propio ánimo para o galego socialmente aflorara moito máis. Tanto como lingua oral, social e pública, como tamén como lingua escrita, onde a grafía do galego, quero dicir, a ausencia do galego como lingua escrita é escandalosa en todos os campos.*

*De maneira que o segundo principio fundamental sería o da coordinación de esforzos na Sanidade, Xustiza, Igrexa, no ámbito comercial, no da propia Administración Pública, no compromiso directo do funcionariado adscrito a esa función pública galega, no comportamento público dos representantes autonómicos en todos os casos, e por suposto algo fundamental como é a esixencia ao Estado e ao Goberno correspondente do Estado do cumprimento de mínimos que continúan absolutamente nas sinalización, no exercicio das competencias que continúan sendo do Estado...en fin, en múltiples campos. Esta acción coordinada. E dentro do ensino, no establecemento dun plan concreto de introdución e aumento paulatino do galego como lingua vehicular sen discriminación temática, de ningunha área do coñecemento como hoxe está lexislado, como sabemos. De maneira que estes serían os eixos principais, acompañados do seguimento deste proceso e da súa avaliación. E todo iso equivale ou equivalería a unha concepción política totalmente nova do asunto da lingua, como vaxilar, como absolutamente central na vida das galegas e dos galegos e por tanto merecente dunha atención política específica, pero continuada mais sempre transversal a toda a acción do Goberno en calquera consellería ou departamento ou ámbito da vida social e da vida económica. Entón, aí o retraso é descomunal e o tempo non axuda en absoluto. Se o expresamos en metáfora orgánica ou metáfora biolóxica, o doente ou a doente, que é o galego, non só non mellorou senón que entrou nun proceso de grave crise, por tanto, os remedios teñen que ser a terapia adecuados a esta situación de auténtica gravidade.*

#### **6.2.4 Entrevista Mercedes Queixas Zas**

Este traballo de investigación ten por obxecto de estudo cada un dos modelos lingüísticos que se teñen aplicado no ensino non universitario de Galicia desde a entrada en vigor da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística ata a actualidade, aos cales se lles aplica un marco de análise de políticas públicas para afondar en cuestións relacionadas, por exemplo, co propio contido de cada Decreto que os desenvolve, os actores participantes no proceso de deseño ou a implementación de cada un dos modelos.

Deste xeito, a continuación fareille unha serie de preguntas coas que aportar a súa perspectiva ao corpo deste traballo.

- Como se chega ao Plan Xeral de Normalización Lingüística no 2004? Que valoración realiza del?

*A ver chegouse ao PXNL porque había avaliación obxectiva que lle dicía ao Goberno a política lingüística-educativa era un fracaso, e non o dicía evidentemente o BNG, dicíao por exemplo o Consello Escolar de Galiza, por exemplo, ou dicía a propia evolución dos datos do IGE...é dicir, había un marco obxectivo non? Ademais doutras organizacións sociais, pedagóxicas, sindicais, civís...iso estaba aí. Ademais do propio Atlas de Sociolingüística da RAG, é dicir, que había un marco de información obxectiva, académica, rigorosa, estatística e administrativa que dicía que a política lingüística-educativa estaba sendo un fracaso. Entón, o que habilmente fai Fraga é dicir: “bueno pois temos que facer algo desde a responsabilidade do Goberno”, eponse en marcha un proceso que creo que foi exemplar, eu non participei directamente, falo dende fóra, de seguilo dende fóra, un proceso que creo que foi exemplar, no sentido de que o que fixo foi primeiro asumir que temos un problema, que as cousas non van ben, que a política lingüística-educativa non está a dar os resultados que nos pide a LNL e o Estatuto de Autonomía, que é asegurar a competencia lingüística nas linguas oficiais, e polo tanto en galego non o estamos asegurando, polo tanto hai que facer algo.*

*Pois hai que facer algo que sexa produto da sociedade, non? Que non sexa unha cuestión simplemente individual e particular do PP porque sexa quen está lexitimado para gobernar porque ten unha maioría absoluta. Isto ten que ser algo produto do diálogo e do consenso, imos debater, entón vamos facer varias mesas por sectores, é dicir, o que é a LNL, non é só educativa senón por sectores. Porque educar educamos todas. Todos somos axente coeducativos e polo tanto temos que ter en conta os obxectivos da normalización en todos os ámbitos. De nada vale que na escola teña unha ensinanza maxistral se logo poño o pé fora da escola e resulta que todo se me contradí, na casa, no parque ou na discoteca, no cinema ou onde sexa. Entón se queremos avanzar na igualdade do galego, pois teremos que asegurar que haxa esas oportunidades de igualdade en calquera lugar.*

*Entón eu creo que foi un plan xeral moi ben organizado, onde participaron moitísimas persoas, xa non recordo o dato pero están aí no plan, non? De moitos sectores diferentes, de pensamento moi deferente, de propostas moi diferentes, que foron capaces de chegar a un consenso, de dicir: “estes son os mínimos que todos entendemos que hai que recoller e a partir dos cales hai que traballar”. Creo que é un exercicio democrático, dignísimo e exemplar. Todo o mundo tivo que ceder, que facer concesións evidentemente, porque o que se priorizou foi chegar a un consenso a partir do cal se establezan uns mínimos dos que tirar. A min*

*paréceme que é un documento marco fundamental, fundamental, é certo que non ten ese valor de ser unha lei, é certo non? Pero paréceme que é moito máis positivo ca unha propia lei, porque era o consenso da sociedade. Entón, supoño que iso é o que molestou tanto a ese novo PP que empezou no goberno no ano 2009. Porque inmediatamente fixo caso omiso, prescindiu por completo do PXNL e decidiu que no ámbito educativo ía derrogar o decreto que deriva do PXNL, o 124/2007, ehhh...que ía tumbar iso, e que ía elaborar outro texto. E é outro texto que non reproduce nin os principios do PXNL nin da LNL, nin garante o que di o Estatuto de Autonomía, entón é un decreto para, no fondo, moverte na ilegalidade, porque non reproduce a LNL.*

### **Etapa 3 – Decreto 2007**

- *A partir de que premisas nace o modelo lingüístico aprobado no Decreto 124/2007? Que pretende corrixir? Que actores están involucrados no seu deseño?*

*Aí si que participei eu, non na redacción mais logo no seu desenvolvemento porque eu nesa altura era coordinadora provincial dos equipos de normalización lingüística, entón correspondeume axudar a implementalo nos centros. Participei en moitas xornadas de formación do profesorado, en reunións con moitas ANPAS, con moitas comunidades de pais e nais, é dicir, grupos incluso de familias de centro, e por razóns diferentes que agora falamos. Entón ese decreto si que o teño moi interiorizado, e é moi sentido e querido para min.*

*Representaba unha ventá de oportunidade, representaba superar un decreto que viña do ano 95, que xa se sabía que fora insuficiente, un fracaso por ser insuficiente, e supoñía abrir unha ventá de aire fresco a unha nova ilusión e a unha nova oportunidade de dar pasos adiante a partir dun documento que era o PXNL, que representaba o consenso, e dar pasos adiante no avance do galego na práctica docente, avanzando cara a igualdade. É dicir, que ese 50% de reparto de horas de docencia, de presenza da lingua no centro, fose un pouco o que marcaba a pauta da igualdade, o 50%, parece que ninguén podería cuestionalo. Para min eran pasos adiante moi importantes, retos moi ilusionantes nos que eu si colaborei desde dentro, e participei. Implicaba ademais algo novidoso que era formar ao profesorado en contidos de sociolingüística, porque eu como filóloga estou formada pero un profesor de matemáticas, bioloxía ou filosofía non. Entón significaba iso, ter ese amparo de formación do profesorado tan importante, de didáctica de linguas integradas, de competencia lingüística, é dicir, había un paraugas de formación moi importante porque era unha eiva, e logo había algo tamén moi importante que era atender a adquisición do galego en infantil, era fundamental claro. E algo tamén fundamental vinculado con infantil era que había que elaborar proxectos lingüísticos de centro atendendo á realidade sociolingüística desde centro, porque non pode ser a mesma maneira nun centro como onde eu traballaba, o CPI de Coristanco cun alumnado 100%*

*galegofalante e cun entorno social 100%galegofalante, a pois o alumnado do instituto da Sardiñeira da Coruña onde os galegofalantes son residuais. Pódeno ser ata na casa pero van ser cero no instituto, como así o comprobei. Entón o proxecto lingüístico de cada centro ten que ser diferente, porque nun centro vas ter que reforzar unha serie de cuestións e noutro centro outras, comezando pola aprendizaxe da lingua que o entorno non aporta, non axuda.*

*Entón, todo isto era moi importante, e tiña outro paso de avance tamén en infantil, que era a posibilidade de abrir esas segundas liñas de galego, onde se o centro quería e se comprometía, as familias querían, ti podías facer unha liña en infantil que fose case case de inmersión lingüística. É dicir, onde a lingua hiperpredominante, falamos de infantil polo taanto xa sabemos o que son as horas de docencia, non son as materias como en primaria ou secundaria, pero que esa lingua de apego fose maioritariamente o galego. Por que? Para reforzar aquelas crianzas que traían o galego da casa e dicir que o galego tamén é lingua de escola, e para ir incluíndo no galego, na comprensión e na execución do galego a aqueles que viñan da casa co castelán.*

*Entón a min paréceme que eran elementos enormemente esperanzadores, eran puntos de luz que estaba tendo unha implementación moi positiva.*

- *Que marxe de aplicación individual de cada centro para a aplicación do modelo viña derivado do Proxecto Lingüístico do Centro Educativo?*

*A ver, eu creo que pola pouca experiencia, polo pouco osíxeno que se lle deu, era altamente esperanzador, sinceramente o creo. E ratifícome nisto pola présa que tivo o goberno do PP por derogalo. Date conta que non lle levou nin un curso derogalo. Iso algo quere dicir, aí había unha raíz que estaba prendendo. No pouco tempo que tivo para facer sementeira estaba prendendo. Eu recordo, por exemplo, coas dobres liñas de galego en infantil, aquilo de curso para curso aumentaban as solicitudes, porque a xente dábase conta que era a única maneira. Teño estado en reunións coas familias e dicíanme “pero van aprender castelán?”, e dicía, “pero o castelán non o traen aprendido xa da casa? O que van é aprender galego”. Entón iso empezou a instalarse e de curso para curso cada vez máis profesorado comprometido, máis familias comprometidas, equipos de orientación...é dicir, todo o mundo se comprometía, pero por que? Porque había un aval e un respaldo tamén desde a propia Consellería, porque había persoas ás que se nos podía preguntar as cousas e porque había xornadas de formación. E porque fixemos incluso materiais de formación e planificación lingüística para este tipo de contextos educativos. Entón non é dicir: “Aí che vai o decreto”. Non, non, é que o que se quere facer é isto, porque vén dun documento totalmente consensuado, porque a aspiración é chegar ao 50%, e porque isto é bo. Entón...co pouco tempo que tivo foi un, non sei, como se de repente a ventá se abre e dis: “dios entrou a primavera aquí”. Foi unha ilusión tremenda,*

*porque a xente viu que había un norte, unha esperanza, e que se podía saír daquela situación; e logo cada quen evidentemente pois ía entrando con formación, entendendo os obxectivos a xente para adiante, sen ningún problema ou conflito. O conflito inventárono despois desde fóra, e interesaba que isto non avanzase porque estaba prendendo.*

- Por que se rompe o consenso existente ante o Plan Xeral de Normalización Lingüística (2004)? Por que o modelo lingüístico se torna un centro de conflito?

*Porque o decidiron, porque o decidiu así o PP, nunca o explicaron, e é unha explicación que lle deben ao conxunto da sociedade, téñollo dito en debates ao conselleiro. Por que houbo un momento, unha chamada que dixo “fóra do consenso”? Iso é un prezo aínda pendente de pagar á sociedade galega, porque o fixeron conscientemente, sabían perfectamente o que ía supoñer iso. E a proba está no decreto que logo presentaron, que foi inaudito, inaudito. Nunca na democracia se prohibira impartir galego, e eles sempre quedarán con ese lastre. Foi o primeiro goberno en democracia que prohibiu o galego na escola.*

#### **Etapa 4 – Decreto 2010**

- Que valoración realiza do Decreto do plurilingüismo? Como cre que se leva a cabo o proceso de negociación? Que valoración realiza sobre o grao de implementación e consecución de obxectivos?

*Pois todo o que dicíamos e prevíamos se cumpriu, pero porque estaba feito así, á mantenta. É difícil de explicar. A min custoume moito tempo falar disto sen dor, porque era algo feito adrede, sabendo precisamente que se estaban cargando a cohesión social. E iso é moi difícil de entender desde un goberno, non? Como lle explicas iso á sociedade? Pero si, fixérono á mantenta. E ademais é que se siguen mantendo, porque aquí temos debates periodicamente, no pleno da semana que vén vou volver a levar unha interpelación ao conselleiro sobre a situación da lingua, e sígueme pasmando a postura negacionista na que están. Da igual quen argumente, da igual os estudos da RAG, da igual os estudos do Consello da Cultura Galega, os diferentes informes do Consello de Europa, da igual o Consello Escolar de Galiza, da igual todo. Ti chegas aquí con toda a túa batería argumental e negan todo.*

- Detecta algún problema en canto aos instrumentos de implementación (formación do profesorado, materiais pedagóxicos...)?

*Tenos todos. Foi un decreto aprobado por decreto. Unilateral, sen consenso e sen diálogo, e con total desidia na implementación, total desidia. Os proxectos lingüísticos do centro ninguén sabe que foi deles, ningunha avaliación. O decreto di, a disposición quinta, que a Xunta ten que presentar anualmente un informe, un informe, unha avaliación dese decreto, nunca o fixo. Pedino por activa e por pasiva, nunca o fixo, polo tanto non avalía a súa propia política, e*

*ademais infrinxe a súa propia lei. É dicir, que é un goberno ilegal, está incumprindo o seu propio marco normativo. Entón, eles non son capaces de ofrecer ningunha avaliación, ningún resultado, ogallá fose de éxito, pero non teñen. Pero si sabes que temos xa moitísimas avaliacións outra vez, por parte da RAG e do Consello da Cultura...ata a sociedade elaborou unha proposta de bases para a normalización da lingua no ensino. Eu pedín, de febreiro do 21 a xullo do 21 na Comisión 4ª, que viñesen comparecer esas organizacións que son sindicais, sociopedagóxicas, SPG, Nova Escola Galega, CIG-Ensino, ANPAS galegas...é dicir, un marco social e educativo moi representativo, que viñesen comparecer. Que é algo que está no regulamento, e cada 15 días votaron que non, impedíronlles vir aquí a presentar unha proposta de bases para empezar a razoar, a falar.*

- Ante este Decreto, que proposta realiza o BNG? (Itinerario, obxectivos, etapas, ferramentas de implementación, avaliación do grao de cumprimento...) Proporía o BNG volver ao modelo do 2007 integramente?

*Primeiro, o BNG o que propón é volver á lei, por empezar, porque no fondo estamos fóra da lei, porque a LNL di que hai que avanzar cara a plena adquisición da competencia bilingüe, os datos dinnos que non, dinnos que non, que o 25% dos menores de 20 anos recoñecen que non son capaces de ter unha conversa en galego, polo tanto algo está pasando. E logo unha porcentaxe superior non se recoñece escribindo, por exemplo. Entón non se está cumprindo, polo tanto volvamos á lei e miremos como hai que implementar esa lei, é que non queda outra.*

*Agora ben, o contexto actual é diferente. Válenos o marco legal? Pois honestamente creo que tampouco. Non podemos seguir funcionando cunha lei de normalización lingüística que vai cumprir agora 40 anos. É que hai contextos de uso comunicativos hoxe que non están nesa lei, esa lei xa non nos vale. Vale porque non foi desenvolvida na súa totalidade, pero non nos vale porque hai un mundo, unha radiografía da sociedade actual que non está aí, non está...a Intelixencia Artificial, por exemplo, non está. É que temos que mudar a LNL para adaptala ás necesidades de hoxe e ás oportunidades de hoxe para a lingua. Entón, nós o que propoñemos é, desde logo a nivel educativo outro marco, porque este xa se ve que non funciona, estamos de feito empezando a traballar e contrastando coa sociedade unha proposta de lei para a igualdade do galego no ensino, niso estamos, e estamos tamén empezando a valorar a necesidade de presentar unha proposta de modificación da LNL, porque non nos vale. A min non me vale hoxe un traxe de hai 40 anos, a min non me vale, non me entra no corpo, a lei tampouco, a sociedade de hoxe mudou, entón temos que actualizala. E esas son as dúas propostas que vou facer no vindeiro pleno.*

*Eu creo que o modelo do 2007 funcionaba, e de feito o que nos din os colectivos que traballan nisto é que hai que avanzar nesa liña, incluso o que nos din é que hai que avanzar na*

*inmersión. Porque este contexto sociolingüístico xa non é o do ano 2007, entón o que se nos pide realmente é maior presenza da docencia en galego na escola, e reforzo en galego de todo o que é o paraugas socioeducativo extra-escolar. E que un rapaz se atope con galego no audiovisual, nas ferramentas dixitais que empregue, nos seus xoguetes...é dicir, que estea, non só é unha materia de clase ou catro materias, que estea na túa vida.*

- O marco normativo estatal podería dalgún xeito limitar todas estas aspiracións?

*Bueno, se non recordo mal o que agora mesmo o Tribunal Constitucional sentenciou é que ten que haber un 25% de español, xa quixéramos aquí. Ese é o marco ao que temos que adaptarnos? Perfecto, pois vamos cara iso. Poñemos o 25% en español e o outro 75% garantimos o que temos que garantir. Porque logo recordas ben...a terminoloxía e as palabras son moi importantes. Na redacción e presentación dos diferentes decretos, no do 95, 2007 e 2010, daste conta que hai algo moi importante, e é que no último, no do PP, por primeira vez faltan palabras moi importantes como “lingua galega” e “normalización”. Este último era un decreto para o plurilingüismo, e esa foi a palabra na que crearon a negación á maior. Que sabemos agora? Que con ese plurilingüismo, o alumnado a escolaridade obrigatoria sabendo máis castelán, menos galego e menos inglés eh. Investíronse moitísimos millóns de euros nestes 14 anos en competencia no plurilingüismo, que só era inglés. Logo se queres dar portugués, eso é unha batalla perdida. Pero agora xa hai análises de competencias en inglés, e o noso alumnado tampouco ten competencia en inglés.*

- Que grao de receptividade ten o Goberno actual co BNG para negociar o modelo lingüístico?

*Non houbo negociación, non houbo negociación. Foi unha actitude absolutamente ditatorial e antidemocrática, cousa que ninguén esperaba nel (en referencia a Anxo M. Lorenzo), porque era o axudante primeiro da Secretaria Xeral de Política Lingüística anterior. Entón, e traballamos xuntos man a man durante ese tempo, entón unha persoa que defendeu, como defendemos xuntos no mesmo espazo en moitas xornadas de formación do profesorado, o decreto anterior, esa persoa que participou na redacción dos manuais, de planificación lingüística, esa persoa despois fixo este decreto. Ten moitas cousas que explicar, moitas.*

*Todo o mundo estaba en contra. Foi unha decisión interna, do PP de Madrid. A ver, eles participaban nas manifestacións de Galicia Bilingüe, que co tempo quitou a careta e pasou a chamarse “Hablemos Español”. E para min, que o teño dito en debates, “vostedes seguen reos dese grupo minúsculo que foi quen os condicionou”. Absolutamente presos, e volvereino dicir a semana que vén no pleno, “abandonen xa ese tipo de pactos co demo porque non se sosteñen”. Entón, tiveron a todo o mundo en contra, todo o mundo en contra, todo o mundo en contra. Só tiveron a favor ese pequeno grupo, absolutamente sectario de extrema dereita*

*que ademais os obrigou aquí a implantar o PIN parental. O PIN parental naceu aquí, con esa enquisa nos centro de “pregúntale a los padres que quieren”, entón a ver se nos preguntaban tamén cantas horas queríamos de matemáticas, a ver se nos preguntan todo. Que iso sabes que o tumbou o Tribunal Superior. Que ti sabes tamén que na redacción inicial poñían que o alumnado na clase de galego ou das materias que se podían impartir en galego, podía escoller libremente a lingua que querían falar. Ese tamén é un artigo que tumbou o TSXG. É que non hai ningún aliado para este decreto, ningún.*

- *Que accións levou a cabo o BNG durante estes anos para tratar de influír no deseño do modelo lingüístico? (Ex: Acudir ás institucións europeas). Técese algunha relación con outros actores que poidan ter propostas similares? Con que actores?*

*Sempre, sempre, coa sociedade sempre. Sempre se lle deu a man á sociedade, sempre se escoitou as demandas da sociedade, sempre se acompañou na rúa, nas múltiples e multitudinarias manifestacións que ten habido aquí ano tras anos e varias veces por ano, e logo todo iso se trasladou aquí. A hemeroteca do Parlamento está chea ata aburrir de todo tipo de iniciativas vinculadas coa lingua nestes anos, e con cero receptividade por parte do Goberno. É algo desesperante, un modo negacionista moi preocupante, negan a autoridade da RAG, do Consello da Cultura Galega, que é un órgano estatutario, as demandas das tres universidades, INE, IGE...é que da igual. Da igual. Todo lles da exactamente igual. Volveremos a semana que vén ao debate e volverán dicir o mesmo. Vouche ensinar unha proposición non de lei que presentan próxima ao Día das Letras Galegas, con esta proposta de resolución: “O Parlamento de Galicia reafirma o seu compromiso co marco lingüístico recollido na Constitución, no Estatuto de Autonomía, na LNL, desenvolto no PXNL e nos plans de dinamización da lingua galega no tecido socioeconómico e na mocidade, ao tempo que defende o modelo bilingüe para o galego e o castelán xunto coa aprendizaxe de linguas estranxeira que regula o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, porque está a permitir asegurar no ámbito educativo plenas competencias en lingua galega do alumnado, tal e como manifesta”.*

*Isto é o que van defender a semana que vén e o que pretenden que votemos. Negan os propios resultados, eles din que está a permitir asegurar plenas competencias en lingua galega do alumnado, porque eles o din. Porque informes non hai. E todo o mundo que ten estudos e avaliacións demostra o contrario. Este é o nivel.*

- *Cre que cambiarán o modelo se a situación do galego se vai degradando?*

*En 14 anos non se puido degradar máis, están presos da ultradereita. Aquí quen marcou a política lingüística, ademais como un campo de experimentación, foi a ultradereita, que está dentro do PP. Aquí VOX non conseguiu entrar en ningunha institución.*

- En canto ao outro grupo político parlamentario que non forma parte do Goberno, o PSdG, cre que mantén diferenzas co BNG en canto ás súas propostas?

*A ver, teño dúbidas. Teño dúbidas porque non acabo de ver cal é realmente a liña do PSdG neste tema, como en moitos. Si podo dicir que nas propostas que nós traemos en relación ao galego sempre conseguimos o seu apoio e o seu voto favorable. Iso é certo.*

*Polo tanto, eu entendo camiñaríamos na mesma liña, non? Quero pensar que é así, porque aquí o seu voto sempre foi favorable. Agora ben, eu non sei que nivel de subordinación ou autonomía á hora de decidir se ten cando é un Goberno que dependen dunha matriz central, e digo isto porque hai un plan vinculado agora coa IA, Nueva Economía de la Lengua, do Goberno español, dotado con 1100 millóns vinculados aos fondos europeos. E 1100 millóns, iso podes buscalo, e sobre todo para vinculalo cos novos usos nos que teñen que entrar as linguas. Pois de 1100 millóns de euros, 2 veñen para o galego. Non acabo de ver eu unha vontade dun criterio equitativo por parte do PSOE a nivel estatal. Non hai equilibrio. En principio dicían que 30 millóns serían para as linguas que chaman cooficiais, cooficiais serán todas, parece como que son de segunda, e logo ao final se non recordo mal, o único convenio que se asinara era de 2 millóns de euros, o proxecto Nós, que se está desenvolvendo grazas ao tirón da USC, non polo Goberno.*

- Que diferenzas concretas en canto ao modelo lingüístico poder haber co PSdG? Tamén tomando como referencia as negociacións do decreto do 2007.

*Eu creo que naquel momento faltoulles valentía para defender con maior contundencia o Decreto 12472007, na parte final cando o PP entendeu que aí tiña foco mediático, porque ademáis facíanlle caso e podían dicir as maiores barbaridades. Eu creo que aí faltou enerxía e compromiso, de esterilizar máis ese compromiso firme e asustarse menos por ese tipo de discursos. Creo que había que manterse algo máis firmes, e manteste firme cando acreditas niso, e nós acreditabamos porque algo que nace do consenso temos que respectalo sempre porque xa renunciámos primeiro, entón vamos agora asegurar estes mínimos que acordamos. Por iso digo, non sei se por vontade de aquí ou porque teñen que atender a unha instrución centralista, porque é o que ten cando tes as mans libres ou atadas, a nós ninguén nos manda o que temos que decidir, decidímolos aquí nós e tiramos para adiante, non ten que vir ninguén limitarnos. Entón aí creo que faltou realmente compromiso de defender aquilo que se entendían que eran os mínimos aos que se chegaran por consenso.*

*E agora, insisto, aquí aínda falta por ver a liña que se asenta no PSdG, aínda están con demasiados...falta solidez, un liderado e un proxecto claro. Entón non me atrevo a opinar, pero eu quero pensar que habería posibilidade de chegar sempre a puntos de acordo.*

- Cara onde cre que debería camiñar toda a Política Lingüística no futuro?

*Cara recuperar a igualdade do galego en todos os ámbitos. Que unha persoa teña garantidos os dereitos lingüísticos, que poidas ter unha comunicación en galego en calquera sitio, que non o teñas que pedir, explicar ou denunciar, como se ve sempre afortunadamente grazas ao traballo da Mesa, e como comproba ademais ano tras ano o informe que vén presentar aquí a Valedora do Pobo, onde sempre menciona como aumentan o nivel de denuncias da sociedade por ver infrinxidos os seus dereitos lingüísticos, o cal demostra algo moi importante, que é como foi aumentando progresivamente a propia conciencia social en relación á lingua. Non teño porque renunciar ou prescindir dela, podo esixir ese tratamento e esa atención en galego, e eu creo que iso é un paso moi importante que se deu nos últimos anos.*

- *Isto da conciencia social sobre o galego pode conducir a unha recuperación do propio galego máis alá de que non se mudase o modelo actual?*

*É que eu estou convencida de que temos aí precisamente a raíz e a esperanza, de feito nos últimos datos do IGE falábase, falo de memoria, de que había un leve repunte na intención das familias de querer educar aos seus fillos en galego, garantir a transmisión en galego. E iso evidentemente depende da vontade individual, co cal, se ti tes iso, imaxina se tes un Goberno que apoia, fomenta e reforza iso. Eu estou convencida de que o futuro do galego está garantido, pero porque a sociedade o quere. É que senón como estaríamos despois de 14 de prohibición? De que clase de normalización falamos cando unha lingua está prohibida? Se hai materias que son as de máis prestixio e carga horaria prohibidas en galego, na Xustiza é imposible avanzar, ter unha sentenza, que che recollan a demanda en galego como estás expresando...é unha loita brutal, brutal, non hai avances. Vai a calquera ámbito, a póliza do seguro, a xestión bancaria...é que non hai maneira, sempre pelexando...Entón, con todo en contra, estamos aínda como estamos? Pois é porque a sociedade quere. E logo hai algo fundamental neste momento, que é que a mocidade cada vez máis se suma a facer unha vida en galego, a romper os prexuízos, e iso é algo que a min me da moitísima ilusión porque o percibo. Sei que hai de todo pero percibo que hai moita máis desinhibición na xente moza que a que había moitos anos atrás, porque hai maior conciencia. E outra ilusión para min é todo o tema do neofalantismo, precisamente por esa superación de prexuízos, e de medrar en autoestima, ese momento sobre todo de paso á vida universitaria, sobre todo se tes a sorte de deslocarte do teu sitio onde está o teu círculo, hai un movemento neofalantista moi interesante, moi interesante.*

*Eu creo que a sociedade vai por diante, a política sempre vai por detrás, e coas políticas do PP sempre vai ir por detrás, porque é un partido que se nega a todo tipo de avances. Votaron en contra de todo tipo de dereitos sempre, sexa o divorcio, o aborto, o matrimonio homosexual...sempre votaron en contra, logo beneficiáanse dos dereitos. Pero grazas a eles,*

*nunca, nunca. Entón, estase vendo agora cos ventres de aluguer, o outro día defendérono aquí no Pleno. Paula Prado dicindo que iso é como unha doazón de órganos.*

### **6.2.5 Entrevista Anxo M. Lorenzo**

Este traballo de investigación ten por obxecto de estudo cada un dos modelos lingüísticos que se teñen aplicado no ensino non universitario de Galicia desde a entrada en vigor da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística ata a actualidade, aos cales se lles aplica un marco de análise de políticas públicas para afondar en cuestións relacionadas, por exemplo, co propio contido de cada Decreto que os desenvolve, os actores participantes no proceso de deseño ou a implementación de cada un dos modelos.

Deste xeito, a continuación fareille unha serie de preguntas coas que aportar a súa perspectiva ao corpo deste traballo.

#### **Etapa I - Definición do problema**

- Que avaliación realiza sobre o modelo lingüístico derivado da Lei de Normalización Lingüística e que desenvolve posteriormente o Decreto 247/1995? Cal era a situación sociolingüística?

*Buf, a ver, volvemos un pouquiño atrás. A ver, no ámbito da educación, o que foron as actividades de implementación dos modelos educativos lingüísticos sempre foron moi conflictivos, desde o principio, porque había posturas un pouquiño diferentes. E sobre todo naquela altura, a diferenza do que pasa hoxe que hai moito menos nivel de debate, de debate político e social, naquel momento había moito máis debate e sobre todo partíase practicamente de cero. Naquel momento, ano 95, había moitas menos referencias, había menos modelos e menos camiños polos que transitar. Entón por unha parte había unha liña moi definida que proviña da sociolingüística catalá, que eran basicamente todos os modelos de inmersión lingüística e de implementación de políticas lingüísticas educativas de moita incidencia da lingua cooficial, neste caso do catalán, e entón aquí por outra banda claro, chegaban eses modelos baseados basicamente nos modelos de inmersión lingüística do francés no Canadá, que se estaban implementando de maneira parecida en Catalunya, e iso noutra realidade político-administrativa que era a situación de Catalunya nos 90 e que non tiñan que ver coa situación política e administrativa de Galicia.*

*Entón claro, aí houbo que facer encaixe de bolillos, aprobouse unha regulamentación no ano 95, unha regulación que permitiu legalizar a presenza da lingua galega no currículo educativo con diferentes aspectos de concreción, e despois tamén pouco a pouco con medidas de apoio explícito de apoio á lingua galega. A partir do ano 95 coa creación dos Equipos de*

*Normalización Lingüística, que se fixo no marco daquela regulación do ano 95. Había unha regulación de mínimos para o galego e aí empezou a funcionar e a tirar para adiante. Si que é certo que naquel momento houbo moito debate sobre posibles incumprimentos desa lexislación, no sentido de que establecía uns mínimos que non se cumprían necesariamente, pero bueno, en todo caso o debate político e educativo creo que sempre estivo moi vinculado a ese modelo do catalán, de inmersión, e despois por outra parte, no caso do modelo do vasco, que é totalmente diferente ao modelo do catalán, que é ese modelo de elección de lingua por parte das familias con catro modelos inicialmente que despois quedou en tres modelos de ensino...*

*O que se fixo aquí non foi nin apostar polo modelo de inmersión do catalán nin tampouco polo modelo de elección de lingua, porque tamén é certo que claro, tiñamos un perímetro de funcionamento que está moi limitado polo Estatuto de Autonomía e pola LNL. A LNL incorre nun plantexamento bastante complicado de cumprir, é dicir, en teoría é moi bonito pero na práctica é moi difícil. Que é que por unha banda se respecte a lingua materna e ao mesmo tempo que non se pode segregar en aulas diferentes por razón de lingua, co cal esa regulación que xa vén por lei na LNL no ámbito educativo supuxo un problema moi serio porque intentouse conxugar dous aspectos que despois na práctica son contraditorios. Evidentemente, se respectas a lingua materna do alumnado e non o podes separar por lingua materna tes un problema enorme de como conxugar esas dúas situacións.*

*Pero bueno, en todo caso apostouse por un modelo propio xa no ano 95, nin era un modelo inmersivo nin tampouco de separación de linguas como o vasco, e por tanto foi un modelo que serviu para botar a andar.*

- Como se chega ao Plan Xeral de Normalización Lingüística no 2004? Que valoración realiza del?

*O PXNL aprobouse no ano 2004 se non recordo mal, e consenso non houbo ningún consenso, en absoluto. Isto é un dos tópicos que temos. Non houbo consenso. Eu fun secretario na Comisión de Ensino, Mocidade e Familia, creo que se chamaba. O presidente daquela Comisión era Bieito Silva.*

*O único consenso que houbo nese plan foi cando se fixo, cando se aprobou finalmente. Fixemos reunións e reunións e reunións sobre ese plan, moitas, e só o último día, o día que se aproba ese plan xeral final houbo consenso. Antes non houbo ningún consenso, sobre todo por unha parte da política galega que non estaban de acordo sobre como se estaba elaborando ese plan. E ao final, como ese plan eu penso que hai unha parte da política galega que consideraba que non ía aprobarse o plan, cando viron que se chegaba ao final da súa elaboración sumáronse a un acordo co que non estaban de acordo. É dicir, a parte nacionalista*

*non estaba de acordo co PXNL. Desde o principio consideraron que o plan era un plan limitado...en termos de plantexamento. Eles optaban, naquel momento o BNG, porque o PXNL se fixese desde o Parlamento, cando é un absoluto...se alguén coñece como funcionan os órganos administrativos sabe que é imposible facer un plan no Parlamento. O plan hai que facelo onde hai que facelo, non? Por parte do Executivo e non do Lexislativo.*

*En todo caso, ao final si que houbo ese consenso no sentido de que na última reunión apareceron nunca nas reunións e apareceron ao final. Entón ese plan que foi? Un plan como calquera que se pode facer, e sobre todo un plan participativo como foi ese, porque eu quero chamar a atención sobre o nivel de participación que tivo ese plan, que foi modélico polas persoas que o fixeron, acolleron moi diferentes tipos de sensibilidades, de todo tipo, e ese plan ao final concretouse en cuestións algunhas fáciles de implementar, outras máis difíciles e outras que eran bastante delicadas porque supuñan un cambio case político. Como calquera plan deste tipo...Eu, o plan, e despois da experiencia todos estes anos, un plan é un documento que ten que estar nas mans de quen lle corresponde executalo, que é o Executivo sempre. Entón claro, en funcións das cuestións que poña hai que ilo modulando, hai cuestións que por motivos orzamentarios ou por motivos de implementación hai que ir deixando cara ao final a súa aplicación e outros temas que poden ser politicamente controvertidos. Entón isto foi o PXNL, eu creo que foi un plan de gran avance, aprobar ese plan no 2004, tal como estaba a situación política en Galicia naquela altura, que era moi conflictiva, con moitísimo debate de todo tipo, pasara o Prestige, a guerra...fora unha época de moita convulsión e aprobar aquel plan foi unha gran noticia, tendo en conta isto que estou dicindo, era un plan que á hora de poñer en marcha seguramente ía dar algúns pequenos problemas de implementación.*

- Que valoración fai sobre o Decreto 124/2007? Presentaba algunha problemática?

*O decreto do 2007 foi un decreto do bipartito que tiña por obxectivo afiar a política lingüística educativa, no sentido de darlle unha volta de torca, unha revisión cara un modelo moito máis ambicioso en termos de presenza da lingua galega, no sentido de que era un modelo que abría a porta á inmersión lingüística en galego, e un modelo que contou con moi pouco consenso social, moi pouco, mínimo, porque naquel momento o Goberno non estaba nesa dinámica de buscar consenso social. Tiñan que buscar consenso entre eles porque se levaban mal e moito menos ían buscar consenso social. E polo tanto foi un intento de darlle unha volta ao modelo, en vez dun modelo de mínimo ir a un modelo de máximos, darlle moita máis presenza á lingua galega...e bueno, nese sentido cumpría algunhas parte do PXNL pero alteraba significativamente o modelo lingüístico do ensino de Galicia.*

*Xa digo, se nas eleccións non pasase o que pasou senón que pasase outra cousa, non sei o nivel de aplicación ou de practicidade, que podía ter ese modelo lingüístico, desde logo*

*levantou moito rexeitamento, e sobre o nivel de consenso social pois non contaba con ese consenso social.*

- Por que cre que se rompe o consenso en torno ao PXNL? Que avaliación fai sobre eses últimos momentos do bipartito e a entrada do novo Goberno? Como valora o enfrontamento de posturas que se produciu nese momento?

*A ver, eu creo que como dicía antes faltou ese consenso, non houbera un documento consensuado socialmente e politicamente tampouco, pero digamos que o disenso político xa era máis normal. Pero a nivel social non existía ese consenso, polo tanto interpretouse desde algúns sectores da sociedade galega como un intento de imitar o modelo catalán de inmersión lingüística obrigatoria, e ese modelo non se sentía coma algo que fose adecuado para Galicia. Era reflexión ou esa realidade trasladouse a un partido que obviamente colleu esa preocupación social, que foi o Partido Popular naquel momento, e considerou que había que utilizar ese desencanto, sobre todo urbano nas cidades galegas, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago, A Coruña... empezouse a crear un movemento urbano de pais e nais en contra dese modelo lingüístico educativo e utilizárono obviamente para a campaña electoral e o debate electoral naquela altura.*

- Nese momento de cambio de goberno, coa entrada do PP, pásase unha Dirección Xeral de Política Lingüística a unha Secretaría Xeral de Política Lingüística, iso ten que ver co plantexamento sobre a política lingüística do goberno entrante? A que se debe este cambio?

*Non, non, non. A política lingüística era unha Secretaría Xeral xa desde o ano 2005. No ano 2005 o Bipartito crea este órgano e adscríbeo a Presidencia, non a Educación como estaba adscrita a antiga Dirección Xeral. A ver, a diferenza entre unha Secretaría e unha Dirección é mínima, tampouco é tan importante, o único é que unha Secretaría Xeral é un órgano superior, chámase así formalmente, e unha Dirección Xeral é un órgano director. Entón claro, unha Secretaría Xeral pode albergar direccións xerais no seu interior, digamos, unha Dirección Xeral non. Pero bueno, a nivel orgánico e funcional é o mesmo. Entón no ano 2005 adscribira a Secretaría Xeral a Presidencia e no 2009 mantense pero adscríbense ao daquela departamento de Educación e Universidade. Por que volta ao ámbito educativo? Porque se considera que esa relación, neste caso coa reformulación co decreto, facía máis plausible que a Secretaría Xeral de Política Lingüística estivese adscrita a este órgano.*

## **Etapa II – Decisión/Programación**

- Como valora o Decreto do plurilingüísmo? Por que xorde? Que problemática trata de resolver?

*Bueno, o decreto o que intenta é actualizar o decreto de 2007, cambiar esas partes que se consideraba que non tiñan un consenso social amplo, e aquí hai unha previa importante. O decreto apróbase no mes de maio de 2010, no ano 2009 cando se constitúe o novo Goberno, e eu como Secretario de Política Lingüística, lánzase no mes de xullo de 2009 unha enquisa ás familias para coñecer as súas opinións lingüísticas, sobre os ámbitos lingüísticos na educación. Unha enquisa que foi moi mal considerada por certos sectores, pero en todo caso foi unha enquisa a todas as familias do sistema educativo galego.*

*Claro, os resultados daquela enquisa foron tremendos. Foron tremendos no sentido de que efectivamente había unha, basicamente, unha petición por parte das familias: máis inglés, equilibrio entre galego e castelán, e o que non se quería era máis galego. Os resultados estaban claros niso. Unha enquisa, por certo, que tivo un 80% de resposta, foi unha resposta masiva, altísima. Entón claro, digo esto como previa, como contexto no que nos atopamos naquel momento.*

*E claro, a que responde o decreto do 2010? A ese intento de volver a un sistema onde o galego estivese blindado, que tivese un mínimo, onde o castelán tamén tivese o seu...que houbera un equilibrio entre galego e castelán, e que se introducise sobre todo o tema do plurilingüismo, inglés sobre todo, pero tamén o resto de linguas. Nese sentido, o modelo do plurilingüismo porque se intenta ir a un ideal dun terzo, porque aquí ao final do que falamos son as linguas das materias, polo tanto o reparto lingüístico das horas semanais do sistema educativo, entón aí o que se tendía era a intentar ir a ese terzo. O da lingua estranxeira, sabendo que era un proceso que había que construír pouco a pouco a través das seccións bilingües, dos centros plurilingües, era un proceso paulatino, non poñer de marcha e obrigatoriamente ese terzo en inglés ou noutras linguas porque era moi complicado, era imposible de feito, pero iso si, blindando galego e castelán co mesmo número de horas para asegurar ese equilibrio que era o que nos demandaba, o que nos víamos claramente na petición, no consenso social. E así fixemos.*

- *Que actores participan directamente no proceso de deseño e redacción dese modelo lingüístico? Como se leva a cabo o proceso de negociación? Como actuaba a Xunta de Galicia en canto á participación dos demais actores externos?*

*Houbo reunións de todo tipo. Non teño aquí os datos pero houbo moitísimas reunións, moitísimos encontros con todo tipo de entidades, de colectivos...o decreto pasou por diferentes fases. Unha primeira fase que foi o borrador do decreto que presentamos en decembro do 2009, despois pasamos a un anteproxecto de decreto algo máis elaborado, e todo isto no contexto no que a oposición política estaba absolutamente en contra de tocarlle o decreto do 2007, de non querer moverse, unha postura moi inmovilista, e nós fixemos todo*

*tipo de reunións, obviamente houbo moito posicionamento en contra de entidades que consideraban que o modelo do 2007, ese modelo que camiñaba cara a inmersión era unha modelo adecuado.*

*Nós pensabamos que non, que había que buscar un modelo de maior consenso social, pero bueno, recibimos absolutamente a todo o mundo. Falamos con todo o mundo, con todo tipo de interlocutores e todo tipo de orientacións.*

*Ti fíxate que cando empezamos a ver os temas claro, antes incluso de ter o primeiro borrador en decembro de 2009 había as dúas partes da balanza. A balanza que insistía nas bondades da inmersión lingüística, é dicir, de ter unha discriminación clara cara o galego, unha discriminación que por outra banda terían que implementar os propios centros educativos, co cal era unha balanza que terían que aplicar un profesorado...ou sexa, tampouco quedaba moi claro como esa balanza tiña que despois caer cara a parte de galego porque quedaría nas mans dos propios centros educativos. Pois iso tampouco o víamos moi claro, é dicir, víamos que o decreto tiña que regular uns mínimos. E despois na outra parte da balanza estaban as persoas e os colectivos que o que querían era máis presenza do castelán, máis presenza do castelán vía a liberdade de elección do alumnado por parte das familias, e incluso o que se nos plantexaba era un sistema como o vasco, de separación de linguas, un modelo en que as familias puidesen escoller: ou ben facer a escolarización en galego ou en castelán. Incluso nos propios centros públicos, que houbera dúas liñas diferenciadas a partir da ESO e incluso a partir da Primaria.*

*É dicir, que tiñamos no debate e na interlocución coas diferentes entidades e diferentes persoas estes dous péndulos, ou se movía máis cara a inmersión en galego ou ben cara a liberdade de elección das familias que quixesen só unha escolarización só en castelán. Nós consideramos que había que estar nun punto intermedio, que era asegurar unha presenza da lingua galega, asegurar unha parte de contidos en castelán, contidos en galego e castelán, e abrir a porta ao plurilingüismo, é dicir, non deixar ao plurilingüismo como algo propio de elites ou da xente acomodada que pode financiar colexios bilingües de inglés-castelán ou inglés-galego ou que sexa. A nós parecíanos que isto intentaba dalgunha forma incluílo nesa proposta.*

- Aquí hai unha posición que chama a atención, a da RAG. Como valora o seu posicionamento en contra do Decreto do plurilingüismo?

*Bueno, a postura da RAG é unha postura maximalista no sentido de defender os supostos dereitos do galego. Non é unha postura do modelo lingüístico de partido, obviamente é unha academia da lingua galega que o único que valora é o que teña que ver coa lingua galega. Claro, nós desde unha posición de Consellería de Educación, de Goberno galego, de*

*regulación lingüística cara o conxunto do país, temos que ver tamén outras claves, non unicamente as claves vinculadas cun aspecto concreto, non?*

*A posición da Academia foi unha posición contraria ao Decreto, estiveron en todos os recursos que houbo, primeira instancia ante o TSXG, logo tamén foron en casación ao Tribunal Supremos, e perderon. Perderon practicamente...bueno, a sentenza do Tribunal Supremo foi tremenda, non? No sentido de...eles argumentaban dúas cousas aparte da cuestión de contido, argumentaban que eran órgano consultivo, e o TS di que para este tipo de cousas non son un órgano consultivo, son un máis, e déuselles audiencia e posibilidade de argumentaren a favor ou en contra do decreto, non?*

*Dicir que aí acabou o percorrido xudicial do Decreto, no ano 2014-15, con aquela sentenza do TS que é demoledora no sentido de que rebate todos os argumentos que estaban postos polas entidades que cuestionaban a legalidade do Decreto, incluso o TS chega a dicir que claramente, moi contundente ademais, dicindo que o Decreto cumpre cos requisitos coa Carta Europea das Linguas Minoritarias, coidado, porque este é un mantra que se por aí e en fin...o TS é clarísimo sobre a legalidade concreta, de principio a fin, da proposta de decreto. Outra cousa son as decisións políticas ou o cuestionamento político que poida haber, ou o cuestionamento pedagóxico, iso é outra cousa. A legalidade é plena e sobre todo o TS na súa argumentación, pois argumenta que é un decreto equilibrado que mantén a presenza da lingua que hai que protexer polo Estatuto de Autonomía e pola LNL, e ao mesmo tempo faino nun contexto de equilibrio plenamente legal onde se inculca ningún tipo de norma.*

- *Ante o Decreto, fixéronse obxectivos e etapas de consecución? Que actor/es foron os encargados da súa fixación? Desenvolvéronse mecanismos de avaliación do grao de cumprimento do modelo lingüístico desenvolvido no Decreto?*

*Bueno aí escápaseme un pouquiño porque eu sabes que estiven ata o 2012 na Secretaría de Política Lingüística escápaseme...bueno obviamente formo parte da estrutura e estou na Consellería, menos un período que estivemos con Turismo que non estiven...pero si que estiven coa Secretaría de Política Lingüística que está aquí ao lado.*

*A ver, eu coñezo ademais moito o ámbito educativo por cuestións familiares e por cuestións de relación obvia co sistema educativo. A min paréceme que foron anos dunha total e absoluta normalidade no ámbito educativo. Se cotexas discursos, intervencións e argumentarios daqueles momentos de debate no 2009, 10 e 11, augurábase unha debacle, unha ecatombe, unha especie de apocalipse lingüística en Galicia por culpa do Decreto e non pasou absolutamente. Normalidade. Séguese transmitindo o galego, séguese aprendendo e eu diría máis, nestes anos as enquisas en absoluto son contundentes en canto ao que aporta e achega o ensino ao mantemento da lingua galega.*

*Ao contrario, séguelle achegando prestixio, forza, normalidade ademais. Eu creo que a situación da lingua galega hoxe no ámbito educativo é de absoluta normalidade. É certo que nestes anos o que si que aumentou dunha maneira considerable é a presenza das linguas estranxeiras, a presenza do plurilingüismo, aí somos unha Comunidade Autónoma exemplar nese sentido, hai outras con proxectos lingüísticos moi interesantes tamén. E eu creo que hai unha absoluta normalidade e eu o que vexo é que a achega do ámbito educativo á dinamización da lingua galega é unha achega moi positiva, enormemente positiva en termos de prestixio, valoración e normalidade. Segue sendo un lugar, un recinto, o ámbito educativo, onde o galego gaña máis do que pode perder.*

### **Etapa III – Implementación**

- En relación á formación do profesorado e aos materiais formativos, que actuacións se levan a cabo ao abeiro deste modelo lingüístico?

*A ver, eu non sei aspectos concretos, eu o que vexo é que hai un CAFI a nivel galego que fai unha actividade de formación, dinamización, capacitación, de reciclaxe constante...non sei hai algunha área que pode ser máis deficitaria ou que poida presentar algún problema. En todo caso hai un plan anual de formación, e cónstame que hai moito profesorado que fai achegas e propostas para que se implementen determinado tipo de áreas de formación novas ou onde haxa máis déficit. Que pode haber carencias? Pois a verdade é que non sei.*

*E con respecto aos materiais, home pois agora co Edixgal e coa capacidade que teñen os propios docentes e os centros educativos para subir novos materiais á plataforma electrónica...a ver, pode haber áreas máis deficitarias pero eu xa digo, non vexo un déficit estrutural, eu creo que ademais hai unha capacidade por parte do sistema educativo de recibir eses inputs de necesidades, de información, de demandas para poder ilos planificando nas actividades anuais. Xa digo, non sei se nalgunha área ou materia concreta pode haber problemas pero non sei concretamente.*

- En relación ao proxecto lingüístico do centro, que marxe se lle deixaba a cada centro para a implementación deste modelo? Isto pode crear algunha diferenza entre os obxectivos que se plantexan inicialmente e os resultados?

*Non, non, non. Porque o plan lingüístico de centro non está pensado para atallar os obxectivos do decreto, en absoluto, está para desenvolverlos e para facer unha planificación desde dentro, porque evidentemente a realidade de cada centro é moi diferente. É dicir, eu que ando por toda Galicia todos os días vexo que hai diferenzas en termos lingüísticos, zonas onde a presenza do castelán é máis forte, zonas onde é máis forte o galego noutras zona de Galicia. Entón, o que o centro ten que facer é esa planificación: cal é a situación de partida e cara onde hai que camiñar para cumprir os obxectivos lingüísticos do Decreto. É máis ben unha*

*ferramenta de flexibilidade, non para atallar ou saltar os obxectivos do Decreto, senón para conseguilos, cal pode ser o camiño ou folla de ruta para poder levalos a cabo. É un documento, o proxecto lingüístico de centro, para a reflexión interna, pero sen atallos ou solapamentos ou sen saltar por riba os obxectivos que son claros e que están marcados para o conxunto do sistema educativo.*

#### **Etapa IV – Avaliación**

- O mantemento deste Decreto, de continuar o Goberno actual, estaría garantido independentemente dos datos que fosen saíndo sobre a situación sociolingüística en Galicia? Ou poderase modificar chegado a un punto?

*Eu respondo a isto obviamente como unha opinión persoal, eu creo que o Decreto non inflúe absolutamente en nada...é dicir, o modelo lingüístico educativo non inflúe absolutamente para nada na toma de decisións das persoas e dos autores lingüísticos á hora do que é a vitalidade da lingua. É dicir, a vitalidade da lingua non está no sistema educativo. O sistema educativo asegura uso, capacitación, actitudes positivas cara as linguas, cara o galego, quero pensar...a vitalidade do galego xógase fóra do sistema educativo. Poderá vir outro goberno e cambiar ou este mesmo, non sei, cada un terá o que teña que facer. Pero eu teño claro que pase o que pase no sistema educativo, o futuro do galego e a súa vitalidade están fóra do sistema educativo. Importa moi pouco, francamente.*

*É igual que durante outras épocas o sistema educativo era totalmente refractario á lingua galega e a lingua galega sobreviviu sen ningún tipo de problema. Pois agora creo que o futuro do galego xógase noutros ámbitos, nas familias, na transmisión familiar, na sensibilidade das familias de cara a lingua, e xógase noutros ámbitos de prestixio e de forza a nivel social. O sistema educativo asegura capacidades, asegura transmisión de coñecementos en lingua galega...eu creo que iso vaise manter sempre, con máis ou menos gradación, pero creo que iso non vai influír na vitalidade do galego para nada.*

#### **6.2.6 Entrevista Noa Díaz Varela**

Este traballo de investigación ten por obxecto de estudo cada un dos modelos lingüísticos que se teñen aplicado no ensino non universitario de Galicia desde a entrada en vigor da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística ata a actualidade, aos cales se lles aplica un marco de análise de políticas públicas para afondar en cuestións relacionadas, por exemplo, co propio contido de cada Decreto que os desenvolve, os actores participantes no proceso de deseño ou a implementación de cada un dos modelos.

Deste xeito, a continuación fareille unha serie de preguntas coas que aportar a súa perspectiva ao corpo deste traballo.

- Que valoración realiza do Decreto do 2007 do Bipartito?

*Claro, a ver, vamos a ver, na época Fraga, no seu Goberno, apróbase o PXNL, e ese plan xeral, que é un bo plan xeral, porque ademais foi moi traballado por tódolos grupos do arco parlamentario, apróbase no ano 2004 por unanimidade dos grupos atendendo ademais a outras moitas...xa non só grupos políticos, senón tamén outras entidades e asociacións que traballan coa lingua, tamén na educación, na xustiza, sanidade e demais...eu non sei se coñeces o plan pero é un bo plan xeral, que era como o marco despois da lei que xa temos, o marco de acción, non?*

*E eu creo que ese decreto do ano 2007 vén dalgunha maneira, de feito hoxe temos unha unha unha defensa dunha proposición do PP e vou falar eu. Esa era case a translación, case textual e literal, do que dicía ese plan xeral ao eido educativo, non? Un decreto no que evidentemente á dereita non lle gusta porque segue falando deste bilingüismo harmónico, ese equilibrio harmonioso, xa non sei que máis cousas din, esa literatura que teñen...pero si está claro que era un bo decreto porque partía dunha situación que é unha realidade que é que a lingua galega está pasando por un momento certamente crítico, porque si que é certo que antes se falaba moito máis galego pero a estatística di que cada vez se fala...xa non é un problema de fala, que para min tamén o é, xa como cuestión persoal, senón que é unha cuestión de coñecemento. Entón era un bo marco, eu creo que era un bo decreto e establecía o que creo que debe ser a [...] era máis ou menos, as porcentaxes e demais, e foi a translación do que dicía o propio PP, ese plan xeral no que o PP votara a favor.*

*E sorprende tamén que despois tan pronto chega Feijóo ao Goberno, xa no 2010...claro é sorprendente que tan pronto chegue no 2010, efectivamente xa non estaba Fraga, calquera diría que íamos botar de menos a Fraga, pero bueno en cuestións lingüísticas está claro que si, quero dicir, ese galeguismo que el tiña, e ata aquí podo falar, pois si que é certo que non continuou así o goberno de Feijóo. Xa se ve tamén cando fala, quero dicir que probablemente aínda que fora criado...non é unha persoa galegafalante, e tampouco ten esa sensibilidade co galego. E desde logo creo que non entenden a problemática que existe, que hoxe evidentemente ninguén está falando, cando falo aquí no Parlamento e me din "é que vostede é moi tremendista", bueno, non son tremendista e probablemente non me preocupe a min a situación do galego agora pero si que me pode preocupar...teño fillas pequenas, bueno pois de como...e de feito cóntoche algo. O decreto do 2010, que xa non establece ningún tipo de cuota para a educación infantil, a miña filla de 12 anos tivo a sorte de ter unha profesora*

*durante os tres anos de infantil galegofalante, que falaba galego, e a miña filla Lúa fala galego conmigo; e á miña filla galega, que ten unha profesora castelánfalante, cústalle moito falar galego, a pesar de que eu lles falo galego, é igual.*

*Quero dicir, a educación non é o único sitio onde ten que haber educación lingüística, non só nos colexios, hai moitos outros ámbitos, pero o ensino téñeno moi desatendido.*

- *Xa no 2009, o tema lingüístico tórnase un tema central na axenda política, que logo deriva na elaboración do Decreto do 2010. Como valoras este decreto?*

*Bueno pois como acabo de dicir, é unha volta atrás e é un desdicir das propias políticas do PPdG no seu día, e eu creo que tamén unha vendetta porque ao goberno do PP non lle gustou en absoluto que gañáramos as eleccións, que houbera un goberno bipartito e foi contra todo, absolutamente contra todo, comprándolles as teses ademais a xente de ultradereita como era Galicia Bilingüe, que no fondo foron quen presionaron. Pero bueno, pasa con iso e pasa con moitas máis cuestións, as clínicas abortistas...é dicir, compráronlle os marcos a todas esas asociacións ultradereitistas que se encabronaron moito neses catro anos de goberno, que foron catro anos bos de goberno pero que non nos deixaron facer máis. Eu creo que foi en resposta a iso, e despois tamén, así como probablemente o goberno de Fraga puidera ter algún tipo de estratexia ao respecto da...ou digo, sensibilidade respecto da identidade de país e demais, que teño que recoñecer, isto é unha opinión moi persoal pero penso que existía...e este novo PP, digo este novo o que empezou no ano 2010, non ten absolutamente ningunha identidade de país, ningún proxecto de país, non ten nada, senón ser unha sucursal, unha sucursal de nada, pero quero dicir, non diferenzas hoxe as políticas de Ayuso, do presidente de Murcia nin...non existe a identidade de país. Quizais, de feito, teña máis Ayuso que Feijóo. Esa identidade madrileña, non?*

- *E como valora ese decreto en termos de obxectivos e ferramentas de implementación? A ver, que ti decidas...quero dicir, por poñer exemplos, nos colexios trilingües, nos que se ten o inglés como terceira lingua, non como lingua estranxeira senón como terceira lingua porque ao final é iso, pasouse a dar o 33% dos contidos son en inglés...e claro, o Estatuto de Galicia no seu artigo quinto fala de que a lingua propia de Galicia é o galego, se a lingua propia de Galicia é o galego primeiro temos que ter claro que esa é a nosa lingua, evidentemente tamén a cooficialidade co español que debemos coñecer e usar, que non está en dúbida que iso se saiba, eu non sei onde aparece o inglés como terceira lingua. E aínda por enriba resulta máis sangrante que decidan que nas asuntos de ciencias, matemáticas por exemplo, tes prohibido dar as matemáticas en galego. E hoxe vouno dicir aquí na sesión. É gracioso que agora mesmo desde o ano 2010 as matemáticas non se poidan dar en galego, e o Secretario Xeral de Política Lingüística sacou hai dúas semanas unha nota de prensa rimbombante dicindo que “acabamos de firmar un convenio con Casio para que as calculadoras tamén se poida*

*utilizar en galego". Para que? Onde está a súa coherencia? Non hai coherencia de ningún tipo, entón eu estou absolutamente en contra deste reparto. Por que? Porque temos que partir dunha situación triste, pero é así, de inferioridade da nosa lingua. Xa non falo do uso, que iso probablemente sexa outra cuestión, pero de coñecemento.*

*As estatísticas do IGE do 2018, son evidente, xa falan de...mostran que hai un escenario moito pero que antes a respecto diso, pero que o INE fixo unhas enquisas hai pouco e determina que aínda é peor. Están a punto de saír as novas enquisas do IGE e teño clarísimo cales van ser os resultados. Eu teño claro primeiro que non podes igualar unha lingua estranxeira a unha lingua propia, pero despois non podemos pretender por exemplo que un neno saiba que se di kneel en inglés para rodilla e non saiba que se di xeonllo. Tremendo. E como iso moitas outras cuestións.*

- Ante isto, que proposta mantén o PSdeG? Que grao de similitude habería nesta proposta co modelo do 2007?

*Pois probablemente fose parecido, si. Probablemente, eu si volvería ao do 2007 pero claro, hai 15 anos. Hoxe o que creo é que hai que derogar este decreto do 2010, volver a coller o PXNL, ese plan xeral, coller ese decreto do 2007 e ver de actualizalo. Como hai que facer isto? Pois con todos os axentes. A RAG, que non é sospeitosa de ser bolivariana, o Consello da Cultura Galega, o Consello de Europa, que di que na educación non se respectan os nosos dereitos lingüísticos, que non hai materiais didácticos en galego...o que hai que facer é reunirse. A Asociación Galega da Lingua, hai un montón de asociacións de docentes que teñen proxectos, e si que os hai. Hai proxectos. Entón o problema é, cando gobernemos, que imos gobernar, teremos que sentarnos todas e todos, Goberno e grupos parlamentarios, tamén o PP eh, teremos que sentarnos e ver como actualizar ese decreto do 2007, que probablemente a realidade pode ser peor, e quizais haxa que ir a máis. Pero sen aventurar nada, actualizar ese decreto do 2007 porque respondía a ese PXNL, porque na miña opinión, aínda que xa non está actualizado, si que partía dun marco similar ao de hoxe.*

- Nesa proposta, cre vostede que habería diferenzas co BNG?

*Eu agora mesmo, que son a voceira de política lingüística, recoñezo que o noso modelo é semellante, cando menos aquí. Non coñezo cal é o modelo que defenden concretamente, pero si sei por onde imos as dúas formacións. E imos por aí. Hai que establecer un marco de diálogo para actualizar esta situación, e ademais sobre todo porque coincidimos na diagnose. Cando o PP colle este debate, e hoxe farao igual, falará de liberdade. Se eu non digo que ninguén teña liberdade para tal...pero a min gustaríame primeiro que todos estivésemos obrigados e obrigadas a coñecer o noso idioma, e despois tamén ten que haber políticas activas para promover que o empreguemos. Quero dicir, bilingüismo harmónico, a min esas palabras xa me...cordialidade lingüística? Probablemente exista cordialidade lingüística en*

*Galicia pero moita dela tamén é porque moita xente que, querendo usar o galego non o sabe usar, e despois cando sabes dos institutos é moi complicado enganchar. Certo que hai moito neofalante, e está moi ben, pero creo que é complicado enganchar. Eu creo que o ámbito educativo é o punto de partida. Non vexo demasiadas discrepancias neste sentido...hai outros modelos ao mellor noutros territorios de España que ao mellor si que podíamos ter diferenzas, pero neste caso e neste momento non temos.*

- Como valora o grao de receptividade da Xunta de Galicia nestes últimos anos para tratar ese asunto?

*Cero. Cero. Todas as propostas que trouxemos foron rexeitadas. Porque non asumen a realidade. Porque seguen falando desde bilingüismo harmónico, desa cordialidade lingüística porque se basean en datos...faieme graza porque eles utilizan o Informe Pisa. "Bueno, aquí en Galicia os nenos saben máis galego que en Catalunya o catalán". E a min que máis me da? Terán un problema en Catalunya ou en Euskadi. Alá eles. Nós estamos nun parlamento galego, vós sodes un goberno galego, e como nos imos preocupar por iso? A min non me consola nada ser a comunidade, o país con lingua propia do Estado que máis coñecemento existe do galego. Perfecto, pero aínda así non todo o mundo o coñece. Se o pensamos, é como se en Madrid...facendo un pouco de demagogia, pero é como se en Madrid tódolos españois non saben falar español. Se vén xente de fóra o primeiro que fas é case esixirlle que fale español, pois aquí ten que ser o mesmo. Que é a nosa lingua. Non podemos pensar que é algo residual, tela aí como que é "riqueza cultural, o maior tesouro que temos"...isto non é a catedral de Santiago, que teñas que rehabilitala cada X tempo, que cobres ou non entrada e pasen turistas...isto é unha ferramenta que temos nós para comunicarnos. Entón, a receptividade é nula porque, de feito o que presentan hoxe...hoxe vouno pasar ben no debate. Porque hai cousas..."respecto polo Estatuto, polo PXNL, polo decreto...", pero se o decreto que aprobaron no 2010 é absolutamente contrario ao PXNL, é que non teñen nin idea. Ademais é que non respectan o Estatuto, que fala no 5.3 de potenciar o uso e coñecemento do galego...e cando lle propós plans...nós por exemplo emendamos hoxe pola tarde con catro cuestións básicas...e é o que dicimos, se aproban a nosa emenda de substitución e cumpren, o próximo ano veñen aquí e asegúrolles que lles voto que si a isto.*

*O propio decreto, que é algo importante, na disposición adicional quinta fala de que hai que facer un informe anual de resultados ao rematar o curso. Non fixeron nin o primeiro. Isto que é? Que o fixeron pero non lle gustaban os resultados ou que xa pasan de todo? Hai que avaliar, e verán vostedes que nin sabemos máis inglés nin sabemos máis galego. E a min o de saber inglés dame bastante igual, que bueno, quero dicir, teño fillas pequenas e creo que é esencial sabelo, pero creo que o primeiro que temos que facer é coñecer ben a nosa lingua e tamén o español obviamente, aínda que iso non está en cuestión o español evidentemente.*

- Durante estes anos, que estratexia ten seguido o PSdeG para tratar de promover a súa proposta? Tense tecido algunha alianza con outros actores?

*Pois eu podo falar por min, agora estou fóra de Executiva pero ata o ano pasado era secretaria xeral de cultura do PSdeG, agora levo cultura e lingua. Teño que dicir que hai unha interlocución constante con todas as entidades que traballan na lingua, ademais hai moi boa sintonía...falamos bastante tamén coas asociacións relacionadas coa lusofonía, e podo falar deste último período que é o que coñezo, pero hai un sentimento de frustración. Eu quero que saibas desta anécdota porque é bastante clarificadora do que pasa. O ano pasado, en verán, Jiménez Losantos fixo un programa de radio en Sanxenxo, financiado polo Xacobeo, e nos carteis poñía Sangenjo...fixen unha pregunta que o presidente Rueda, entón vicepresidente primeiro, e ao final acabou dicindo que “Sangenjo no pasaba nada, se esto traía máis turistas”, claro, podo dicir Shakira pero non podo dicir Sanxenxo. Iso da unha medida xa do que pasa, e do respecto que hai pola...sen embargo, isto pasa aí, pero na Comisión cuarta, onde se tratan temas lingüísticos, o PP leva a batuta de que á Ría de Ribadeo non se lle pode chamar Ría del Eo. Por que aí si? “Porque os deberes hai que pedirlos a Madrid. Ao goberno de Pedro Sánchez, o sanchismo estanos matando”. En realidade, é o goberno de Asturias, pero bueno. É a distinta vara de medir que teñen con...e en todas estas cuestións, cando falamos con investigadores, academias...a resposta é a mesma. “A frustración que sentides vós é a mesma que sentimos nós”.*

*De feito, a Xunta e este goberno do PP está caracterizado por non facer ningún estudo, análise ou diagnose de nada. Plans todos, mais logo avaliación cero. Quizais en materia de muller, porque eu tamén son voceira de muller pode ser, pero nin sequera son suficientes. Co cal, como estás planificando se non sabes cal é o punto de partida ou se funcionou ou non ese plan? Pero en materia lingüística nin o primeiro, nin o primeiro, están apoderados por exemplo a presentar no Parlamento un informe de cumprimento da Lei Paz Andrade. E é Valentín, que chega alí e el é o informe. Isto non é o informe, vostede vén a informar pero non hai un documento. Non hai o do decreto, non está avaliado. A última vez que se fixo un documento serio e riguroso foi o PXNL. Logo sacaron, si que é certo, un documento de dinamización da lingua galega no tecido económico e na mocidade, pero da igual, tampouco están cumprindo.*

- Neste sentido, sería de interese reorganizar ou darlle unha nova orientación ou dimensión á Secretaría Xeral de Política Lingüística?

*Eu creo que non é un problema diso, é un problema de vontade. E ollo que non creo que Valentín sexa o gran problema, para nada. De feito creo que é unha persoa con gañas de facer cousas e que comprende a nosa realidade. Ao mellor non tanto, pero creo sinceramente que non é un problema de quen está liderando esa Secretaría Xeral. E nós cando gobernamos estaba Marisol...non fai falta tampouco...é que hai moito tecido social e académico traballando*

*neste campo, se houbera unha mesa de diálogo permanente xa nos daban o traballo feito. Hai moito feito xa. Non é tanto un problema de...bueno, de recursos si. Porque creo que destinamos agora á materia da lingua a metade que no 2009. Pero a maiores diso, para que quero eu recursos se total non temos en que gastalos. Quero dicir, este goberno non propón nada máis, pero eu creo que si que deberían facerse campañas de prestixio da nosa lingua e facer estratexias de moito máis calado ca estas cousas que se están facendo...*

*Cando din, “bueno, o Dígocho Eu?”. Si, si, si. Non digo que non, se está moi ben, pero estás falando dun programiña que aparece alí...que só ves se metes a tele nese momento ou se eres alguén novo que vai buscando precisamente...unha iniciativa marabillosa pero sacas peito realmente polo Dígocho Eu? Entón, ten que ser de moito maior calado. Esixir unha xustiza que fale galego como di o Consello de Europa, a sanidade...pois ser máis esixente no funcionariado, están obrigados a coñecer o noso idioma e as probas...quizais non son suficientemente, non digo duras, pero o nivel co que saíamos nós ao saír do instituto, que eu xa teño uns anos, cando saías de COU, se ti non practicaches o idioma probablemente non sexas capaz de redactar en galego. Pois deberíamos ser todos capaces de redactar en galego porque se pido que me contestes en español non teño ningún problema, pero se pido que me contestes en galego, é o meu dereito.*

- *A que cre que se debe esta falta de receptividade?*

*O problema é, e hoxe tamén o vou dicir, cando falan de conflito lingüístico, o único conflito lingüístico creouno o PP actual, como digo, fomos capaces de aprobar a LNL no 1983, no ano 2004 fomos quen de aprobar o PXNL, un documento moi bo e con amplo consenso e traballo. Quen estableceu aquel conflito? Vostedes cando chegaron no ano 2010 e deciden que o galego, na situación na que está, vai darse unha terceira parte, e que prohiben expresamente dar determinadas materias en galego. Quen creou o conflito? Nós non, nin nós nin...foi unicamente o PP. A rixidez e o problema do modelo lingüístico é súa, que seguen traballando segundo eles nun modelo que din con cordialidade, con equilibrio...non existe ese equilibrio. E aínda que lle compremos os marcos, hoxe pode existir ese equilibrio, pero estannos dicindo os datos que ese equilibrio vaise rachar en calquera momento.*

*A miña avoa falaba galego todos os días, meu pai tamén, miña nai non, e agora vimos a nosa xeración e as seguintes, e isto vaise perdendo. Pois teremos que estudar as razóns e cando menos, como digo, temos que coñecelo e é evidente que non se coñece, e os datos son moi alarmantes sobre todo na mocidade, que moita dela xa admite que non entende, como é, que si que entende pero que na escrita cústalle. Cantas veces escoitamos: “a min non me gusta ler en galego”. Iso é un problema moi gordo, porque temos moitísimos autores en lingua galega que non teñen porque ver a súa obra traducida. E son nosos. Estamos tendo un serio problema co libro en galego, porque á xente nova non lle gusta ler en galego; xa non é que*

*non lle guste, é que ademais di que non o entenden tan ben. Xa pasa en xente da miña xeración, e iso é un problema que eles non ven. Eles sempre din que na esquerda somos uns acomplexados en materia lingüística, eu creo que os acomplexados son eles. Eu son galega pero tamén son española, europea, internacionalista, e dame exactamente igual e creo que non hai que ter fronteiras e que cantos máis idiomas saibamos mellor. Non estamos falando da supremacía dunha lingua, estamos dicindo que neste país hai unha lingua propia, así está recoñecida, e tamén o español como lingua cooficial. Entón, da mesma maneira que temos que coñecer o español, e o coñecemos sen dúbida, hai que coñecer o galego, e despois, que está marcado no noso Estatuto, temos que potenciar o uso, non só o coñecemento. Eu creo que o conflito créao o PP, os demais témolo bastante claro.*

- *Que papel podería xogar o PSOE estatal ante a súa proposta, sobre todo de estar no goberno do Estado? Que relación ten o PSdeG co PSOE estatal en materia lingüística? E coas agrupacións doutras comunidades autónomas onde hai dúas linguas?*

*Moi boa, moi boa. Claro, isto tamén é certo que depende moito de quen leve a carteira de Cultura, que é de onde vén a lingua. Miquel Iceta é catalán e, ademais, catalanfalante, cónstame porque teño coincidido con el e é tamén catalanparlante, co cal ten unha sensibilidade diferente. É certo que o tema das linguas, e aquí non imos ser hipócritas porque é unha realidade, o tema das linguas é algo que só interesa a quen temos linguas.*

*Se lle pregunta a un madrileño pode falar, pero non vai facer unha defensa desde o punto de vista da sensibilidade ou da necesidade, non? Pero si que é certo que o meu partido é bastante sensible ao tema da realidade lingüística, si que o vexo así. É certo que quizais para eles non sexa unha prioridade, entendo que hai outras cuestións que o son máis. Pero sempre que tiven...para esta proposta de que o PP di que o informe que manda o Ministerio para o Consello de Europa di que o decreto é marabilloso. Eu falei co Ministerio, envíelle isto, e desmentírono, porque os datos xorden da Xunta e non son datos correctos. Xa dixeron que o van corrixir.*

*Eu creo que aí temos un aliado. De feito hai pouco votamos a favor de que no Parlamento Europeo se poidesen empregar as linguas cooficiais, como tamén unha proposición non de lei que apoiamos para que no Senado se poidan tamén empregar as linguas cooficiais. Eu creo que non habería trabas porque non temos ningún complexo acerca desa cuestión. Nós entendemos que somos un estado plurilingüístico e ademais o PSOE é un partido federal. E ten que respectalo. Cando consigamos chegar a ese estado federal temos claro que a federación, como acontece noutros estados europeos, terá que compartir unha lingua común pero logo ter a súa lingua propia do territorio. Dígoche que nunca atopei ningún problema. É máis, cando empecei na Executiva, na Secretaría Xeral de Cultura, ata os compañeiros asturianos nos pediron apoio para oficializar o bable, e nós como galegas demos o apoio.*

*Pero antes chamei a Madrid, aínda que temos entidade propia, para saber se me estaba metendo nun fregado e desde Madrid dixeron que sen problema, así que non hai nunca directrices contrarias, para nada. Este debate nunca tivo lugar, no documento base que aprobamos en Valencia falábase das linguas e non houbo nin debate, a ninguén lle pareceu nada estraño. Igual a atopas a alguén, pero como partido non.*

- Para rematar, cara onde cre que debería ir a política lingüística en Galicia?

*Cara o diálogo, de verdade, creo iso. Agora non me vou meter en camisa de once varas, porque eu teño a miña opinión, pero é certo que aínda non se deu ese debate interno no partido porque non estamos gobernando pero probablemente cando gobernemos teremos que sentarnos...hai distintas sensibilidades en Galicia acerca do galego, de como impartilo e do peso do galego na educación ou noutras cuestións. Hai distintas sensibilidades dentro do movemento asociativo e da academia e tal, eu comparto persoalmente unhas máis ca outras, pero si que vexo moitísima vontade de construír. Quero dicir, as propostas que chegaron ás miñas mans, escritas, con modelos de novos decretos para o ensino do galego, de novos decretos para o ensino do portugués, de documentos, de libros...o Consello da Cultura Galega fai uns traballos marabillosos, e sempre desde o respecto. Por iso eu creo que hai máis ánimo de construír, de que cada sensibilidade por moi pequena ou grande que sexa levar a batuta desa negociación.*

*Entón eu creo que o modelo lingüístico debe ir cara, primeiro, o diálogo, e desde o diálogo construír onde aseguremos que se respectan os dereitos lingüísticos de todo o mundo. E cando digo dereitos lingüísticos, e estamos en Galicia, tamén en español, pero eses xa sabemos que están respectados en España. Os dereitos lingüísticos de toda aquela persoa que queira vivir en galego, e creo que ese é o único modelo lingüístico que hai.*

*Eu si creo que hai que aumentar as horas de ensino en galego. Creo que a educación infantil debe ser en galego, por exemplo. E esto supón darlle un xiro...non é algo que poidas implementar agora porque ás mestras e mestres non lles podes tampouco obrigar neste momento, pero bueno si que é algo que se pense de aquí a medio prazo. Pero si que penso que desde pequenos si deben saber entender que se pode vivir en galego e despois a liberdade debe comezar un pouco máis tarde, cando ti decidas usalo ou non usalo.*

*Miña filla non falaba galego e aos sete anos chegou a casa e dixo: “mamá, a partir de hoxe falo galego”, e eu quedei abraiada. E fala galego, entón...e fala galego tamén coas súas amigas con sete ano. Deixouno aos cinco e voltou aos sete. Pois aí é onde empeza a liberdade. Pero por que fixo iso? Porque na educación infantil recibiu clases en galego. O español sabemos que ese marco lingüístico o temos sempre, porque é así, existe, a nosa realidade de agora. Entón hai que promover o ensino en galego e xa despois en primaria e*

*secundaria xa de maneira equilibrada, equilibrada depende para que, claro. Eu comprendo que hai que introducir o inglés, e estou completamente de acordo, pero serán as persoas expertas as que terán que determinar como conseguir ese equilibrio, porque ao final co modelo do PP, eles o que conseguiron foi equilibrar as materias, pero non. O que hai que equilibrar son os idiomas, non en que idiomas se impartan as materias, temos que conseguir equilibrar os idiomas, ou sexa, temos que conseguir que saibamos falar español igual que galego, e logo tamén inglés, perfecto, pero o inglés non comprendo por que ten que equipararse ao mesmo nivel ca os idiomas que son oficiais aquí. E despois partimos dunha situación de desvantaxe do galego, pois teremos que promocionar o galego.*

- *Con respecto ao que dixo do debate que se deberá dar e as sensibilidades, refírese a nivel interno do PSdeG?*

*Non, non. Coas sensibilidades que hai fóra. Digo no tecido asociativo. Eu agora como parlamentaria entregáronme academias, asociacións de docentes...distintos documentos de como sería o modelo lingüístico ideal. Hoxe en día no PSdeG...si que é certo que podes atopar versos libres, depende da zona onde preguntes, non vou negar que tal...pero como partido témolo moi claro. No noso programa, nos nosos estatutos, declarámonos galeguistas e temos claro que é algo que debemos defender e que levamos por bandeira. Que despois haxa versos libres...xa sabemos que sempre hai versos libres que fan a interpretación que fan. Tampouco Abel Caballero fala galego, non? Máis que a min me gustaría, porque o sabe. Son decisións persoais e se me preguntan, pois creo que un representante público debe sempre falar en galego. Sempre. Bueno, sempre, na túa casa fai o que queiras, porque está a cuestión da exemplaridade e das referencias que son necesarias.*

*Pero ao que me refería é que cando gobernemos, o que teremos que facer é, con todas as sensibilidades que hai fóra, do mundo da academia, da investigación, do tecido asociativo...construír o mellor modelo que haxa. Póñoche un exemplo: a Asociación de Docentes de Portugués ten un modelo lingüístico para ensino do portugués, que fixeron un decreto que eu alucinei, coa Academia de Lingua Portuguesa, un decreto marabilloso, e a AGAL, que é un modelo máis reintegracionista, eles pensan que o portugués debe aprenderse a través do galego. Son dous modelos diferentes, eu teño a miña opinión persoal, pero por que non poden ser complementarios tamén? É coller eses dous e...eu agora teño como cinco. A Mesa pola Normalización, da que eu son socia, está facendo un traballo estupendísimo, pois tamén ten a súa opinión acerca de como deberá ser. Entón coller todo iso e...o que si que notamos é que si que hai vontade de cada un deses actores de construír un marco diferente, co único fin de que o galego perviva, e de prestixialo, é o único que se pretende.*